PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 178
20 de setembro de 2017

Fascículo 1

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa
1.1.2. Propostas de normas
1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Admisión a trámite, asignación a comisión e apertura do prazo de presentación de emendas do Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas [16854 (10/PL-000006)] 51390

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.2. Comunicacións da Xunta de Galicia
1.3.2.1. Debate de política xeral

16667 (10/DEBA-000001)
Vicepresidencia e Consellería da Presidencia
Do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia 51490

1.3.5. Mocións
1.3.5.1. Mocións presentadas

16476 (10/MOC-000045)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co actual modelo de prevención e extinción de incendios forestais. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 10899, publicada no BOPG nº 136, do 28.06.2017, e debatida na sesión plenaria do 12.09.2017) 51491

16632 (10/MOC-000046)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 14385, publicada no BOPG nº 165, do 30.08.2017, e debatida na sesión plenaria do 12.09.2017) 51494

16666 (10/MOC-000047)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar cabo o Goberno galego en relación coa reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 13965, publicada no BOPG nº 165, do 30.08.2017, e debatida na sesión plenaria do 12.09.2017) 51496

1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno
1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

15806 (10/PNP-001225)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a colaboración do Goberno galego co Concello de Santiago de Compostela co fin de recuperar para o patrimonio público as dúas esculturas do Pórtico da Gloria que están a formar parte da exposición *Mestre Mateo*, inaugurada no Museo do Prado de Madrid en novembro de 2016, así como o inicio do procedemento para a súa declaración como ben de interese cultural 51497

15815 (10/PNP-001226)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Ministerio de Fomento da reconversión da antiga vía férrea entre Pontevedra e Arcade, actualmente en desuso, en 'Vía verde' para uso peonil e ciclista, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa redacción do proxecto construtivo e a súa xestión e conservación 51501

15835 (10/PNP-001227)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan galego de prevención de suicidios 51505

15846 (10/PNP-001228)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa adaptación dos medios aéreos de loita os contra incendios forestais á nova tipoloxía dos lumes e coa súa coordinación pública, así como a existencia de tres *tilldozers* de retén por provincia 51508

15853 (10/PNP-001229)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a creación polo Goberno galego dun organismo no que participen os diversos colectivos que conforman o dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais co fin de analizar os lumes de cuarta e quinta xeración, establecer os protocolos de actuación idóneos e adaptar os medios humanos e materiais a eses lumes 51512

15886 (10/PNP-001230)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería do Medio Rural en relación coas perdas ocasionadas polas xeadas e a seca aos produtores de gando extensivo, castaña e cereal, así como aos apicultores 51516

15891 (10/PNP-001231)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de transformación en Vía verde do trazado ferroviario en desuso que discorre polos concellos de Santiago de Compostela, Ordes, Oroso, Tordoia e Cerceda, así como as demais vías en desuso susceptibles de conversión en vías verdes 51519

15946 (10/PNP-001233)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para evitar a discriminación existente, nas contías dos premios establecidos para as participantes da categoría feminina, na segunda edición da competición de descenso urbano Pulpo Extreme que se vai celebrar na primeira quincena de setembro de 2017 en Ourense 51522

15958 – 16535 (10/PNP-001234)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a realización polo Goberno galego dun estudo da posibilidade de rescatar a concesión da autovía AG-57, así como o inicio dos trámites para a supresión da peaxe nela 51526

15965 (10/PNP-001235)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre o cumprimento polo Goberno galego do compromiso de aumentar o complemento específico ao persoal funcionario examinador de tráfico e a restauración do servizo de exames 51531

15976 (10/PNP-001236)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a retirada das inscricións franquistas existentes nas fachadas das igrexas católicas e, en particular, a que hai na da igrexa de Santiago en Cangas 51533

15998 (10/PNP-001237)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos prazos fixados para a tramitación das solicitudes correspondentes ao fondo solidario de libros de texto para o curso 2017-2018, así como o seu alcance actual 51537

16009 (10/PNP-001238)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a consignación polo Goberno galego dunha partida orzamentaria para o ano 2018 para o reinicio e remate do proxecto de ampliación do Centro de Saúde do Porriño, así como a súa dotación de medios humanos e técnicos axeitados ás necesidades do concello e da súa contorna 51541

16026 (10/PNP-001239)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a consignación polo Goberno galego dunha partida orzamentaria suficiente para a construción do centro de saúde de Salceda de Caselas comprometido 51543

16072 (10/PNP-001241)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a consignación polo Goberno galego no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 dos recursos necesarios para a construción do novo centro de saúde de Aldán-O Hío, no concello de Cangas, así como da execución das obras 51545

16077 (10/PNP-001242)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a consignación polo Goberno galego dunha partida orzamentaria suficiente para o arranxo das deficiencias que presenta o edificio do Centro de Saúde de Mugardos 51547

16083 (10/PNP-001243)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención e tratamento da doenza do linfedema no Sergas, así como sobre a demanda ao Goberno central da modificación da normativa vixente no referido á valoración e ao baremo para a concesión de graos de discapacidade aos doentes afectados 51549

16105 (10/PNP-001244)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co acollemento de persoas refuxiadas 51551

16107 (10/PNP-001245)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre a elaboración polo Goberno galego de protocolos de actuación para as zonas queimadas polos incendios forestais e a creación dun banco de sementes para a súa implantación na práctica do *heomulching* co fin de limitar o risco de erosión 51554

16111 (10/PNP-001246)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Ministerio de Fomento en relación cos danos causados polas obras do AVE nas estradas de Galicia e, en particular, na estrada OU-114, ao seu paso polo concello de Castrelo do Val, así como nas estradas OU-111 e OU-113 51558

16119 (10/PNP-001247)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 8 máis
Sobre a consolidación polo Goberno galego do Programa de atención farmacéutica nos centros sociosanitarios de Galicia mediante a elaboración dunha guía farmacoterapéutica común 51560

16122 (10/PNP-001248)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación do proxecto integrador da estación intermodal de Ourense 51563

16128 (10/PNP-001249)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para resolver a situación dos quince traballadores da anterior concesionaria da liña de autobús entre Ribadeo e Viveiro que deberían ser subrogados pola nova adxudicataria, con independencia das actuacións que deriven do expediente iniciado para a resolución do contrato 51569

16136 (10/PNP-001250)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos peches de centros e unidades de ensino levados a cabo para o curso escolar 2017-2018 51571

16161 (10/PNP-001251)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a regulación polo Goberno galego do calendario de adxudicación de prazas docentes, de xeito que se garanta un prazo de, como mínimo, tres semanas para a preparación do curso escolar 51575

16189 (10/PNP-001253)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación e condicións laborais do profesorado dos centros públicos de ensino 51577

16308 (10/PNP-001254)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a apertura polo Goberno galego, ao longo de 2018, da Casa da Quintán de Ponte Caldelas como centro de día para persoas maiores ou para calquera outro fin social 51580

16391 (10/PNP-001255)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o asinamento polo Goberno galego do convenio proposto polo Concello de Ponte Caldelas para a expropiación dos terreos necesarios para a reforma da estrada PO-234, que une os concellos de Ponte Caldelas e de Cerdedo-Cotobade e pasa polo lugar de Laxoso 51582

16409 (10/PNP-001256)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis
Sobre a mellora e ampliación pola Xunta de Galicia do programa galego de pacientes polimedicados 51584

16414 (10/PNP-001257)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e 10 máis
Sobre o requirimento polo Goberno galego ao Concello de Vigo do remate da urbanización do contorno do hospital público Álvaro Cunqueiro habilitando, en condicións de igualdade, as prazas de aparcamento en superficie necesarias para o normal funcionamento do centro 51587

16417 (10/PNP-001258)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a elaboración polo Goberno galego dun informe xurídico e económico en relación coas consecuencias da suspensión do concurso eólico do Goberno bipartito 51590

16471 (10/PNP-001259)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis
Sobre a axilización polo Goberno galego dos trámites necesarios para a inclusión de Noia no Plan de transporte metropolitano de Galicia; en concreto, na área de Santiago de Compostela 51594

16475 (10/PNP-001260)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de mantemento e recuperación do monumento de Santalla de Bóveda coa dotación orzamentaria necesaria para o seu desenvolvemento 51596

16617 (10/PNP-001261)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de vender o Banco Popular Pastor ao Banco de Santander por un euro e a defensa das persoas investidoras e usuarias afectadas 51600

16626 (10/PNP-001262)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa insuficiencia dos recursos orzamentarios destinados á designación de xuíces substitutos en Galicia 51604

16628 (10/PNP-001263)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a garantía polo Goberno galego da gratuidade dos libros de texto, o avance en novos materiais educativos, así como o incremento das axudas destinadas á adquisición de material escolar adaptando a súa contía ás necesidades reais do alumnado 51606

16630 (10/PNP-001264)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas incidencias producidas no transporte escolar do alumnado das parroquias de Picoña e parte de San Xurxo ao inicio do curso 2017-2018 51609

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Aprobación por unanimidade con modificacións

6832 (10/PNC-000693)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e seis deputados/as máis
Sobre a colaboración do Goberno galego co Goberno central para promover a simplificación normativa no eido marítimo-pesqueiro e crear os instrumentos axeitados que permitan a consulta sinxela e por temas específicos de toda a normativa europea, estatal e autonómica en materia pesqueira nun espazo virtual no que permanezan constantemente actualizadas 51385

9608 (10/PNC-001007)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e seis deputados/as máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia destinadas a apoiar a expansión dos produtos pesqueiros galegos nos mercados exteriores, así como ao mantemento e fortalecemento de medidas de estruturación e competitividade do sector transformador de produtos do mar 51386

11081 (10/PNC-001154)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa presentación de Galicia como candidatura formal de España para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos, tras a saída de Gran Bretaña da Unión Europea 51386

14716 (10/PNC-001312)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa inclusión das persoas percebeiras, mariscadoras, redeiras e outras que non realicen a súa actividade a bordo de embarcacións na lexislación estatal que regula a concesión de prestacións asistenciais para traballadores do mar 51387

14783 (10/PNC-001314)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas negociacións para a renovación do actual acordo pesqueiro entre a Unión Europea e Guinea Bissau 51387

Aprobación por unanimidade sen modificacións

9006 (10/PNC-000945)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre a realización de xestións polo Goberno galego co Goberno central para a execución, entre outras medidas, da sinalización de bateas e outros elementos flotantes que impliquen risco de accidente por impacto para a navegación 51388

11797 (10/PNC-001185)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre a realización polo Goberno galego de todas as actuacións precisas para a ampliación da lonxa do Grove segundo as demandas formuladas pola Confraría de Pescadores ao respecto 51388

Rexeitamento da iniciativa

10882 (10/PNC-001138)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para acadar a plena autosuficiencia de Galicia en materia de produción e subministración de semente de moluscos bivalvos 51389

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa
1.1.2. Propostas de normas
1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
1.1.2.1.1. Proxectos de lei

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 19 de setembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite, asignación a comisión e apertura do prazo de presentación de emendas

- 16854 (10/PL-000006)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas

Examinado o Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas e logo de verificar que reúne a documentación e os antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Admitir a trámite o Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas polo procedemento lexislativo ordinario.

2º. Asignalo, oída a Xunta de Portavoces, na súa reunión do día 19 de setembro de 2017, á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. Abrir o prazo regulamentario de 15 días hábiles para a presentación de emendas, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. O prazo remata o día 7 de outubro de 2017, ás 13.00 horas.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 19 de setembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.2. Comunicacións da Xunta de Galicia
1.3.2.1. Debate de política xeral

Admisión a trámite e traslado á Xunta de Portavoces

- 16667 (10/DEBA-000001)
Vicepresidencia e Consellería da Presidencia
Do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia

1.3.5. Mocións
1.3.5.1. Mocións presentadas

Admisión a trámite e publicación

- 16476 (10/MOC-000045)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co actual modelo de prevención e extinción de incendios forestais. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 10899, publicada no BOPG nº 136, do 28.06.2017, e debatida na sesión plenaria do 12.09.2017)

- 16632 (10/MOC-000046)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 14385, publicada no BOPG nº 165, do 30.08.2017, e debatida na sesión plenaria do 12.09.2017)

- 16666 (10/MOC-000047)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar cabo o Goberno galego en relación coa reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 13965, publicada no BOPG nº 165, do 30.08.2017, e debatida na sesión plenaria do 12.09.2017)

1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno
1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite e publicación

- 15806 (10/PNP-001225)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a colaboración do Goberno galego co Concello de Santiago de Compostela co fin de recuperar para o patrimonio público as dúas esculturas do Pórtico da Gloria que están a formar parte da exposición *Mestre Mateo*, inaugurada no Museo do Prado de Madrid en novembro de 2016, así como o inicio do procedemento para a súa declaración como ben de interese cultural

- 15815 (10/PNP-001226)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Ministerio de Fomento da reconversión da antiga vía férrea entre Pontevedra e Arcade, actualmente en desuso, en 'Vía verde' para uso peonil e ciclista, así

como a actuación que debe levar a cabo en relación coa redacción do proxecto construtivo e a súa xestión e conservación

- 15835 (10/PNP-001227)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan galego de prevención de suicidios

- 15846 (10/PNP-001228)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa adaptación dos medios aéreos de loita os contra incendios forestais á nova tipoloxía dos lumes e coa súa coordinación pública, así como a existencia de tres *tilldozers* de retén por provincia

- 15853 (10/PNP-001229)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a creación polo Goberno galego dun organismo no que participen os diversos colectivos que conforman o dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais co fin de analizar os lumes de cuarta e quinta xeración, establecer os protocolos de actuación idóneos e adaptar os medios humanos e materiais a eses lumes

- 15886 (10/PNP-001230)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería do Medio Rural en relación coas perdas ocasionadas polas xeadas e a seca aos produtores de gando extensivo, castaña e cereal, así como aos apicultores

- 15891 (10/PNP-001231)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de transformación en Vía verde do trazado ferroviario en desuso que discorre polos concellos de Santiago de Compostela, Ordes, Oroso, Tordoia e Cerceda, así como as demais vías en desuso susceptibles de conversión en vías verdes

- 15946 (10/PNP-001233)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para evitar a discriminación existente, nas contías dos premios establecidos para as participantes da categoría feminina, na segunda edición da competición de descenso urbano Pulpo Extreme que se vai celebrar na primeira quincena de setembro de 2017 en Ourense

- 15958 – 16535 (10/PNP-001234)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a realización polo Goberno galego dun estudo da posibilidade de rescatar a concesión da autovía AG-57, así como o inicio dos trámites para a supresión da peaxe nela

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 16535.

- 15965 (10/PNP-001235)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre o cumprimento polo Goberno galego do compromiso de aumentar o complemento específico ao persoal funcionario examinador de tráfico e a restauración do servizo de exames

- 15976 (10/PNP-001236)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a retirada das inscricións franquistas existentes nas fachadas das igrexas católicas e, en particular, a que hai na da igrexa de Santiago en Cangas

- 15998 (10/PNP-001237)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos prazos fixados para a tramitación das solicitudes correspondentes ao fondo solidario de libros de texto para o curso 2017-2018, así como o seu alcance actual

- 16009 (10/PNP-001238)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a consignación polo Goberno galego dunha partida orzamentaria para o ano 2018 para o reinicio e remate do proxecto de ampliación do Centro de Saúde do Porriño, así como a súa dotación de medios humanos e técnicos axeitados ás necesidades do concello e da súa contorna

- 16026 (10/PNP-001239)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a consignación polo Goberno galego dunha partida orzamentaria suficiente para a construción do centro de saúde de Salceda de Caselas comprometido

- 16072 (10/PNP-001241)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva

Sobre a consignación polo Goberno galego no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 dos recursos necesarios para a construción do novo centro de saúde de Aldán-O Hío, no concello de Cangas, así como da execución das obras

- 16077 (10/PNP-001242)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a consignación polo Goberno galego dunha partida orzamentaria suficiente para o arranxo das deficiencias que presenta o edificio do Centro de Saúde de Mugardos

- 16083 (10/PNP-001243)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención e tratamento da doenza do linfedema no Sergas, así como sobre a demanda ao Goberno central da modificación da normativa vixente no referido á valoración e ao baremo para a concesión de graos de discapacidade aos doentes afectados

- 16105 (10/PNP-001244)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co acollemento de persoas refuxiadas

- 16107 (10/PNP-001245)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre a elaboración polo Goberno galego de protocolos de actuación para as zonas queimadas polos incendios forestais e a creación dun banco de sementes para a súa implantación na práctica do *heomulching* co fin de limitar o risco de erosión

- 16111 (10/PNP-001246)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Ministerio de Fomento en relación cos danos causados polas obras do AVE nas estradas de Galicia e, en particular, na estrada OU-114, ao seu paso polo concello de Castrelo do Val, así como nas estradas OU-111 e OU-113

- 16119 (10/PNP-001247)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 8 máis
Sobre a consolidación polo Goberno galego do Programa de atención farmacéutica nos centros sociosanitarios de Galicia mediante a elaboración dunha guía farmacoterapéutica común

- 16122 (10/PNP-001248)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación do proxecto integrador da estación intermodal de Ourense

- 16128 (10/PNP-001249)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para resolver a situación dos quince traballadores da anterior concesionaria da liña de autobús entre Ribadeo e Viveiro que deberían ser subrogados pola nova adxudicataria, con independencia das actuacións que deriven do expediente iniciado para a resolución do contrato

- 16136 (10/PNP-001250)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos peches de centros e unidades de ensino levados a cabo para o curso escolar 2017-2018

- 16161 (10/PNP-001251)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a regulación polo Goberno galego do calendario de adxudicación de prazas docentes, de xeito que se garanta un prazo de, como mínimo, tres semanas para a preparación do curso escolar

- 16189 (10/PNP-001253)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación e condicións laborais do profesorado dos centros públicos de ensino

- 16308 (10/PNP-001254)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a apertura polo Goberno galego, ao longo de 2018, da Casa da Quintán de Ponte Caldelas como centro de día para persoas maiores ou para calquera outro fin social

- 16391 (10/PNP-001255)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre o asinamento polo Goberno galego do convenio proposto polo Concello de Ponte Caldelas para a expropiación dos terreos necesarios para a reforma da estrada PO-234, que une os concellos de Ponte Caldelas e de Cerdedo-Cotobade e pasa polo lugar de Laxoso

- 16409 (10/PNP-001256)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis
Sobre a mellora e ampliación pola Xunta de Galicia do programa galego de pacientes polimedicados

- 16414 (10/PNP-001257)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e 10 máis
Sobre o requirimento polo Goberno galego ao Concello de Vigo do remate da urbanización do contorno do hospital público Álvaro Cunqueiro habilitando, en condicións de igualdade, as prazas de aparcamento en superficie necesarias para o normal funcionamento do centro

- 16417 (10/PNP-001258)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a elaboración polo Goberno galego dun informe xurídico e económico en relación coas consecuencias da suspensión do concurso eólico do Goberno bipartito

- 16471 (10/PNP-001259)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis
Sobre a axilización polo Goberno galego dos trámites necesarios para a inclusión de Noia no Plan de transporte metropolitano de Galicia; en concreto, na área de Santiago de Compostela

- 16475 (10/PNP-001260)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de mantemento e recuperación do monumento de Santalla de Bóveda coa dotación orzamentaria necesaria para o seu desenvolvemento

- 16617 (10/PNP-001261)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de vender o Banco Popular Pastor ao Banco de Santander por un euro e a defensa das persoas investidoras e usuarias afectadas

- 16626 (10/PNP-001262)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa insuficiencia dos recursos orzamentarios destinados á designación de xuíces substitutos en Galicia

- 16628 (10/PNP-001263)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a garantía polo Goberno galego da gratuidade dos libros de texto, o avance en novos materiais educativos, así como o incremento das axudas destinadas á adquisición de material escolar adaptando a súa contía ás necesidades reais do alumnado

- 16630 (10/PNP-001264)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas incidencias producidas no transporte escolar do alumnado das parroquias de Picoña e parte de San Xurxo ao inicio do curso 2017-2018

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 15 de setembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 6832 (10/PNC-000693)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e seis deputados/as máis
Sobre a colaboración do Goberno galego co Goberno central para promover a simplificación normativa no eido marítimo-pesqueiro e crear os instrumentos axeitados que permitan a consulta sinxela e por temas específicos de toda a normativa europea, estatal e autonómica en materia pesqueira nun espazo virtual no que permanezan constantemente actualizadas
BOPG nº 92, do 29.03.2017

Sométese a votación xunto coa emenda de adición do G. P. dos Socialistas de Galicia doc. núm. 16623 e resulta aprobada pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Colaborar co Goberno de España para promover a simplificación normativa no eido marítimo-pesqueiro e para crear os instrumentos axeitados que permitan a consulta sinxela e por temas específicos de toda a normativa europea, estatal e autonómica en materia pesqueira nun único espazo virtual no que estes textos permanezan constantemente actualizados, que terá en conta entre outros aspectos: estatísticas pesqueiras, táboas de mareas, un espazo para

formación, vedas e tamaños mínimos, subvencións, información relativa a confrarías, peches de pesqueiras, etc.

2. Dotar nos orzamentos de 2018 una partida para contribuír á creación deste espazo virtual único.»

- 9608 (10/PNC-001007)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e seis deputados/as máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia destinadas a apoiar a expansión dos produtos pesqueiros galegos nos mercados exteriores, así como ao mantemento e fortalecemento de medidas de estruturación e competitividade do sector transformador de produtos do mar
BOPG nº 124, do 07.06.2017

Sométese a votación xunto coa emenda de adición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego doc. núm. 16624 e resulta aprobada pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte :

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Continuar na liña de apoio á expansión dos produtos pesqueiros galegos nos mercados exteriores, e que se manteñan e fortalezan as medidas de estruturación e competitividade do sector transformador de produtos do mar.

2. Realizar un control exhaustivo para as importacións de productos do mar, tanto para impedir a superación da cota asignada como para seguir a rastrexabilidade e garantir que eses produtos de importación non sexan pasados por galegos.

3. Reclamar do Goberno español e da Unión Europea a modificación do Regulamento (CE) nº 605/2013 sobre acernamento das aletas dos tiburóns en buques palangreiros, e adaptalo á realidade das frotas regulables e sustentables, como a galega, que comercializan principalmente o corpo do escualo.

4. Poñer en marcha de inmediato todas as acción precisas para que as exportacións de produtos do mar deixen de realizarse de xeito maioritario desde os aeroportos de Vitoria-Gasteiz ou Zaragoza, e se realicen a través dun aeroporto galego.»

- 11081 (10/PNC-001154)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa presentación de Galicia como candidatura formal de España para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos, tras a saída de Gran Bretaña da Unión Europea
BOPG nº 140, do 05.07.2017

Sométese a votación xunto coa emenda de modificación do G. P. de En Marea doc. núm. 16606 e resulta aprobada pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar todas as accións necesarias para constituír a mellor candidatura formal do Estado para que Galicia acolla o Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos, definir a proposta concreta do concello candidato e constituír un grupo de traballo conxunto de todas as administracións implicadas (Estado, Comunidade Autónoma, Deputación Provincial e Concello) para traballar de maneira colaborativa en conseguir a chegada do dito laboratorio.»

- 14716 (10/PNC-001312)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa inclusión das persoas percebeiras, mariscadoras, redeiras e outras que non realicen a súa actividade a bordo de embarcacións na lexislación estatal que regula a concesión de prestacións asistenciais para traballadores do mar
BOPG nº 170, do 06.09.2017

Sométese a votación a transacción coa emenda de substitución do G. P. Popular de Galicia doc. núm. 16614, e resulta aprobada pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

—Sumarse ao acordo do Consello Galego de Pesca e exixir do Goberno do Estado a modificación da actual lexislación que regula a concesión de prestacións asistenciais para traballadores do mar que inclúan as persoas percebeiras, mariscadoras, redeiras e outras que non realicen a súa actividade a bordo de embarcación.

—Presentar un recurso contra o ISM para que, con carácter retroactivo, se lles recoñezan os dereitos aos familiares que sufriron estes tráxicos sucesos.»

- 14783 (10/PNC-001314)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas negociacións para a renovación do actual acordo pesqueiro entre a Unión Europea e Guinea Bissau
BOPG nº 170, do 06.09.2017

Sométese a votación xunto coa emenda de adición do G. P. dos Socialistas de Galicia doc. núm. 16620 e resulta aprobada pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dirixirse ao Goberno central para que inste a Unión Europea á apertura dunha nova rolda de negociacións entre a Unión Europea e Guinea Bissau, co obxectivo da renovación e mellora do acordo bilateral de pesca que expira o 23/11/2017.

2. Dirixirse ao Goberno central para que inste a Unión Europea a que lle exixa a China que leve a cabo as prácticas pesqueiras de maneira legal.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 9006 (10/PNC-000945)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre a realización de xestións polo Goberno galego co Goberno central para a execución, entre outras medidas, da sinalización de bateas e outros elementos flotantes que impliquen risco de accidente por impacto para a navegación
BOPG nº 117, do 24.05.2017

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a realizar, coa maior brevidade posible, as xestións necesarias co Goberno do Estado para poder acometer, entre outras medidas, a sinalización de bateas e outros artefactos flotantes que impliquen risco para a navegación, coa finalidade de previr accidentes por causa de impacto contra elementos flotantes.»

- 11797 (10/PNC-001185)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre a realización polo Goberno galego de todas as actuacións precisas para a ampliación da lonxa do Grove segundo as demandas formuladas pola Confraría de Pescadores ao respecto
BOPG nº 144, do 12.07.2017

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a levar a cabo todas as accións precisas para ampliar a lonxa do Grove, de forma que se satisfagan as necesidades mostradas pola Confraría.»

Rexeitamento da iniciativa

- 10882 (10/PNC-001138)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para acadar a plena autosuficiencia de Galicia en materia de produción e subministración de semente de moluscos bivalvos
BOPG nº 136, do 28.06.2017

Sométese a votación por puntos e resulta rexeitada cos resultados seguintes:

Puntos 1, 2 e 4: 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Punto 3: 3 votos a favor, 7 votos en contra e 2 abstencións.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2017
Eva Solla Fernández
Vicepresidenta 2

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
19 SET. 2017
Núm. 16854

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
19 SET. 2017
SAÍDA
Num. 782

AG/mv

Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "**Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 14 de setembro de 2017.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

C E R T I F I C O :

Que o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día catorce de setembro de dous mil dezasete, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Aprobar o *Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas,* e a súa remisión ao Parlamento de Galicia".

E para que conste asino a presente co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a catorce de setembro de dous mil dezasete.

Vº. e Prace
O PRESIDENTE

XUNTA DE GALICIA

PROXECTO DE LEI

DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E

ACTIVIDADES RECREATIVAS DE GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de espectáculos públicos, consonte o establecido na Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia, que mantén a reserva para o Estado das competencias relativas á seguridade pública e a facultade de ditar normas que regulen os espectáculos taurinos.

Para o pleno exercicio desta competencia, o Real decreto 1640/1996, do 5 de xullo, regula o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia na dita materia, e mediante o Decreto 336/1996, do 13 de setembro, asumíronse as funcións e os servizos transferidos.

Tendo en conta o tempo transcorrido desde a dita transferencia, cómpre establecer unha lexislación propia que se adapte ás especiais circunstancias da Comunidade galega e homoxeneíce os distintos aspectos dispersos en diversos regulamentos, así como na Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá.

Esta lei fundaméntase nas ditas competencias para establecer o réxime xurídico dos espectáculos públicos e das actividades recreativas que se celebren en establecementos ou espazos abertos ao público, sempre que se desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia é a primeira norma autonómica con rango legal que establece unha regulación xenérica, actualizada e de carácter global desta materia e enche o baleiro normativo autonómico existente na actualidade. Todo iso co obxecto de acadar un marco normativo adecuado á realidade da

sociedade actual e que garanta a protección e a conciliación dos distintos dereitos e intereses que abranguen os espectáculos públicos e as actividades recreativas.

A importancia social e económica das actividades artísticas, culturais e de lecer require dunha regulación específica dos espectáculos públicos e das actividades recreativas que, ademais de garantir a seguridade das persoas e dos bens, a hixiene dos establecementos e a comodidade das persoas usuarias, asegure adecuadamente a compatibilidade entre o dereito ao lecer e o dereito ao descanso da cidadanía. Isto exixe pór en primeiro plano, entre outros, aspectos tales como a protección das persoas menores, a defensa das persoas consumidoras e usuarias, o respecto polo ambiente e os animais, a loita contra actitudes discriminatorias e a conservación do noso patrimonio histórico-artístico e cultural.

Trátase, xa que logo, de actividades que teñen un inmediato eco na cidadanía por afectaren distintos ámbitos e espazos competenciais e, neste sentido, o proceso de elaboración deste marco regulador articulouse coa participación necesaria dos órganos da Administración autonómica con competencias na materia e da Federación Galega de Municipios e Provincias, así como coa audiencia dos diversos colectivos afectados, na procura de acadar o maior consenso posible de todos os sectores implicados.

II

Por outra banda, a entrada en vigor da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior, que foi trasposta ao ordenamento xurídico español pola Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e incorporada ao ordenamento galego pola Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, supuxo a introdución dunha nova regulación do réxime de autorización administrativa. Na

mesma liña se sitúa a Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado.

Deste *corpus* normativo débense extraer os principios que permitan establecer os criterios que hai que ter en conta á hora de considerar unha actividade sometida ou non a un réxime de intervención administrativa. Entre estes principios cómpre subliñar a liberdade de establecemento para o exercicio dunha actividade de servizos, a prelación dun réxime de comunicación previa ou de declaración responsable, a aposta pola simplificación procedemental e a facilitación de trámites á persoa interesada, sen esquecer a materialización dunha política de calidade na prestación daqueles.

A presente lei remite, en materia de réxime de intervención administrativa, ao disposto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, ao tempo que incorpora, na disposición derradeira primeira, unha serie de modificacións ao dito texto legal co fin de identificar con maior claridade e precisión tanto os supostos suxeitos ao mencionado réxime nas súas distintas modalidades como aqueloutras actividades que quedan exentas da súa aplicación. Así mesmo, tamén se matizan determinados aspectos relacionados coa tramitación dos diferentes expedientes administrativos desde a perspectiva da súa simplificación, na procura de facilitar as funcións dos operadores técnicos e xurídicos municipais e, ao mesmo tempo, que as persoas interesadas poidan acadar unha máis áxil resolución dos seus procedementos.

Agora ben, tendo en conta a variedade de situacións e a diversidade de intereses concorrentes que abrangue a materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, á cal xa se fixo mención, a lei non ten un carácter exhaustivo. Pola contra, cínguese a establecer unha regulación xenérica dos aspectos substanciais. Correspóndelles ás normas regulamentarias o desenvolvemento posterior dos aspectos concretos que se determinen nela. Así mesmo, a norma legal fai, cando procede, unha remisión expresa a

outras normas en materias específicas que, porén, quedarían sometidas a esta lei en cantas disposicións non aparezan reguladas nesa normativa especial.

Sen prexuízo da habilitación xeral que autoriza ao Consello da Xunta de Galicia para ditar as disposicións necesarias en desenvolvemento desta lei, a propia norma legal subliña algún dos aspectos que considera que se deben establecer por vía regulamentaria, como poden ser o procedemento para autorizar a celebración dos espectáculos públicos e das actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma, a composición, a estrutura e o funcionamento da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia ou os datos que deben constar no Rexistro público de empresas e establecementos destinados á realización de espectáculos públicos e actividades recreativas.

III

A lei está estruturada en catro títulos, que comprenden corenta e dous artigos, unha disposición adicional, cinco disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e seis disposicións derradeiras.

O título I, baixo a denominación de disposicións xerais, regula o obxecto e o ámbito de aplicación da lei, recolle as exclusións e establece as definicións dos conceptos esenciais a que fará referencia o texto da norma. Tamén se enumeran nel as competencias autonómicas e as municipais. En relación con estas últimas, a atribución competencial efectúase cumprindo o disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 1 da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

Tamén se inclúen neste título os espectáculos públicos e as actividades recreativas prohibidos, así como as condicións técnicas e de seguridade apropiadas para garantir os dereitos do público asistente e de terceiros afectados, a convivencia veciñal e a integridade dos espazos públicos.

Regúlanse tamén a exixencia de seguro e as relacións entre as administracións públicas de Galicia na xestión dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, que están presididas polos principios de cooperación e colaboración administrativa, créase a Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia, como órgano consultivo con funcións de coordinación entre as administracións, de estudo e de asesoramento e, por último, dispónse a constitución do Rexistro de empresas e establecementos destinados á realización de espectáculos públicos e actividades recreativas, adscrito á consellería competente por razón da materia.

O título II recolle unha remisión ao marco xurídico de intervención administrativa previsto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, para a apertura dos establecementos abertos ao público e a celebración dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

O título III, que regula a organización e o desenvolvemento dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, está composto por dous capítulos. O primeiro deles dedícase aos aspectos xerais e ocúpase do dereito de admisión, respecto do cal a lei dispón especiais precaucións para evitar calquera tipo de discriminación que poida limitar a efectividade do dereito de acceso aos espectáculos públicos e ás actividades recreativas.

Tamén se regulan neste capítulo tanto o servizo de control de acceso, que debe contar con persoal habilitado consonte a normativa reguladora desta actividade, como os servizos de vixilancia e seguridade propios, que deben dispor de persoal encargado desa función nos termos previstos na lexislación de seguridade privada.

A lei outorga unha relevancia especial á protección integral da infancia e da adolescencia, recolle unha remisión ás obrigas introducidas pola normativa vixente en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en persoas menores de idade e prevé unha idade mínima para o acceso aos espectáculos taurinos en recintos pechados.

Este capítulo tamén se ocupa das disposicións relativas aos horarios e ás súas modificacións. Introdúcese como novidade a posibilidade de que os concellos poidan realizar ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, nos supostos e nas circunstancias que, de ser o caso, determine a orde na cal se estableza o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas. Por último, este capítulo recolle a regulación das entradas, da información ao público e da publicidade dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

O capítulo II do título III regula os dereitos e as obrigas das distintas persoas implicadas nos espectáculos públicos e nas actividades recreativas, é dicir, espectadores/as, artistas, intérpretes ou executantes, titulares e organizadores/as.

O título IV divídese en catro capítulos. Nos dous primeiros regúlanse, respectivamente, as disposicións xerais e o réxime de vixilancia e de inspección. No capítulo III, as medidas provisionais previas á apertura do expediente sancionador. No capítulo IV, dedicado ao réxime sancionador, defínese, polo miúdo, a tipoloxía das infraccións e establécese a competencia para incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores, que corresponderá aos concellos e aos órganos competentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma, segundo os casos. Establécense tamén as sancións aplicables a cada tipo de incumprimento que, en todo caso, deberán gardar proporcionalidade coa gravidade dos feitos constitutivos da infracción.

A parte final da lei está integrada por unha disposición adicional, cinco disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e seis disposicións derradeiras. A disposición adicional única fai referencia á normativa técnica de aplicación. As cinco disposicións transitorias establecen, respectivamente, o réxime transitorio dos expedientes sancionadores, o réxime transitorio das licenzas municipais, autorizacións autonómicas e comunicacións previas, os capitais mínimos das pólizas de seguro de espectáculos públicos e actividades recreativas e a adaptación das obrigas en materia de seguros e a vixencia transitoria da Orde do 16 de xuño de 2005 en materia de horario xeral e ampliacións e reducións sobre o dito horario. A disposición derrogatoria única, ademais da derrogación normativa xenérica das disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto na lei, fai unha mención expresa dos artigos 4 e 7 do Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, así como do Decreto 390/2009, do 24 de setembro, polo que se determina o procedemento aplicable para o exercicio da potestade sancionadora na materia de establecementos e espectáculos públicos.

Polo que se refire ás disposicións derradeiras, cómpre subliñar que a primeira delas incorpora unha serie de modificacións na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do

emprendemento e da competitividade económica de Galicia, no que atinxe ao réxime de intervención administrativa e ao réxime sancionador.

Na disposición derradeira segunda establécese o carácter complementario das ordenanzas municipais respecto do réxime previsto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como o prazo de que disporán os concellos para a súa adaptación ao réxime previsto nesta lei.

A disposición derradeira terceira prevé a posibilidade de actualizar as contías das sancións económicas.

A disposición derradeira cuarta establece un plan de inspección dos espectáculos públicos e actividades recreativas, que deberán aprobar os concellos, no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei.

Na disposición derradeira quinta recóllese a habilitación para o desenvolvemento regulamentario da lei.

A disposición derradeira sexta fixa o prazo para a entrada en vigor da lei, que se producirá aos seis meses da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Finalmente, e de conformidade con todo o exposto anteriormente, cómpre destacar que, coa aprobación desta lei, se dá pleno cumprimento aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia que constitúen os principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Esta lei ten por obxecto establecer, no marco das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, o réxime xurídico dos espectáculos públicos e das actividades recreativas que se celebren en establecementos ou espazos abertos ao público, sempre que se desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. Quedan sometidos a esta lei todo tipo de espectáculos públicos e actividades recreativas que se celebren en establecementos e espazos abertos ao público, con independencia do carácter público ou privado de quen os organice, da titularidade pública ou privada do establecemento ou espazo aberto ao público en que se desenvolvan, da súa finalidade lucrativa ou non lucrativa e do seu carácter esporádico ou habitual.

2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei:

a) Os actos e celebracións de carácter privado ou familiar que non se efectúen en establecementos abertos ao público e que, polas súas características, non supoñan ningún risco para a integridade dos espazos públicos, para a convivencia entre a cidadanía ou para os dereitos de terceiros.

b) As actividades efectuadas en exercicio dos dereitos fundamentais de reunión e manifestación.

3. As disposicións desta lei aplicaranse con carácter supletorio a aqueles espectáculos públicos e actividades recreativas que conten con regulación sectorial propia.

Artigo 3. *Definicións*

Para os efectos desta lei, entenderase por:

a) Espectáculos públicos: as representacións, exhibicións, actuacións, proxeccións, competicións ou audicións de concorrencia pública de carácter artístico, cultural, deportivo ou análogo.

b) Actividades recreativas: aquelas que ofrecen ao público, persoas espectadoras ou participantes, actividades, produtos ou servizos con fins de recreo, entretemento ou lecer.

c) Espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario: aqueles que se desenvolven esporadicamente en establecementos abertos ao público legalmente habilitados para celebrar un espectáculo público ou actividade recreativa distinta da actividade propia do establecemento.

d) Establecementos abertos ao público: locais, instalacións ou recintos dedicados a levar a cabo neles espectáculos públicos ou actividades recreativas. Poden ser dos seguintes tipos:

1º. Locais cerrados, permanentes non desmontables, cubertos total ou parcialmente.

2º. Locais non permanentes desmontables, cubertos total ou parcialmente, ou instalacións fixas portátiles ou desmontables pechadas.

3º. Recintos que unen varios locais ou instalacións, constituídos en complexos ou infraestruturas de ocio.

e) Espazos abertos ao público: lugares de titularidade pública, incluída a vía pública, ou de propiedade privada, onde ocasionalmente se levan a cabo espectáculos públicos ou actividades recreativas e que non dispoñen de infraestruturas nin instalacións fixas para facelo.

f) Titulares: persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que, en calidade de propietarios/as, arrendatarios/as ou en virtude de calquera outro título xurídico, teñen o dereito de uso dos establecementos ou espazos abertos ao público previstos nesta lei para o desenvolvemento neles de espectáculos públicos ou actividades recreativas.

g) Organizadores/as: persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que, con ánimo de lucro ou sen el, son responsables da organización, produción ou promoción de espectáculos públicos ou actividades recreativas.

h) Artistas, intérpretes ou executantes: persoas, con independencia do seu carácter profesional ou afeccionado, que interveñen nos espectáculos públicos ou actividades recreativas ante o público, con ou sen retribución.

Artigo 4. *Competencias autonómicas*

Correspóndelle á consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas:

a) Autorizar a celebración dos espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma, conforme o procedemento que regulamentariamente se estableza.

b) Autorizar a celebración dos espectáculos e festexos taurinos, que se rexerán pola súa normativa específica.

c) Determinar o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

d) Exercer as funcións de inspección e de control nos termos previstos no título IV.

e) Incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores relacionados cos espectáculos públicos e coas actividades recreativas previstos nas letras a) e b) deste artigo.

f) Adoptar as medidas provisionais previas ao inicio do expediente sancionador nos supostos previstos nos números 1 e 2 do artigo 28.

g) Calquera outra que lle outorgue a normativa específica dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Artigo 5. *Competencias municipais*

Correspóndelles aos concellos:

a) Recibir e comprobar as declaracións responsables, así como outorgar as licenzas que correspondan en relación cos espectáculos públicos e coas actividades recreativas que se desenvolvan dentro do termo municipal, incluídas as de carácter extraordinario.

b) Recibir e comprobar as declaracións responsables, así como outorgar as licenzas que correspondan en relación coa apertura de establecementos abertos ao público.

c) Adoptar as medidas que sexan necesarias para o desenvolvemento ordenado dos espectáculos públicos e das actividades recreativas da súa competencia, sen prexuízo das competencias estatais en materia de seguridade pública.

d) Exercer as funcións de inspección e de control nos termos previstos no título IV.

e) Incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores por infraccións cometidas en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, que non sexan de competencia autonómica conforme o disposto no artigo 4.

f) Autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, atendendo aos criterios, aos supostos e ás circunstancias que, de ser o caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17.

g) Adoptar as medidas provisionais previas ao inicio do expediente sancionador nos supostos previstos no número 1 do artigo 28.

h) A realización de todas as actuacións precisas para o axeitado desenvolvemento das competencias previstas nas alíneas anteriores.

Artigo 6. *Prohibicións*

Quedan prohibidos os espectáculos públicos e as actividades recreativas seguintes:

a) Os que inciten á violencia, ao racismo, ao sexismo ou a calquera outro tipo de discriminación, así como aqueles que atenten contra a dignidade humana e contra os dereitos fundamentais e liberdades públicas recoñecidos na Constitución española.

b) Os que comporten un risco fundado de produción de desordes públicas.

c) Os que vulneren a normativa sobre protección de animais.

d) Os que sexan constitutivos de delito.

e) Os que se desenvolvan sen que estea garantida a indemnidade dos bens, calquera que sexa a súa titularidade e, en especial, cando se trate de espazos abertos ou que formen parte do patrimonio cultural e natural de Galicia.

Artigo 7. *Condicións técnicas e de seguridade*

1. Os establecementos ou espazos abertos ao público, os espectáculos públicos e as actividades recreativas sometidas a esta lei deberán reunir as condicións de seguridade, calidade, comodidade, salubridade e hixiene apropiadas para garantir os dereitos do público asistente e de terceiros afectados, a convivencia veciñal e a integridade dos espazos públicos, atendendo, como mínimo, á normativa reguladora dos seguintes aspectos:

a) Seguridade para os/as artistas, intérpretes ou executantes, público asistente, persoal técnico, terceiros afectados e bens.

b) Solidez das estruturas e funcionamento das instalacións.

c) Garantías das instalacións eléctricas.

d) Prevención e protección de incendios e outros riscos inherentes á actividade, facilitando a accesibilidade dos medios de auxilio externo.

e) Salubridade, hixiene e acústica.

f) Protección do contorno urbano, do ambiente e do patrimonio cultural e natural.

g) Accesibilidade e supresión de barreiras.

h) Plan de autoprotección, cando así o exixa a normativa de aplicación.

2. Sen prexuízo da normativa técnica que en cada momento sexa aplicable, a Xunta de Galicia, regulamentariamente, poderá establecer requisitos técnicos adicionais para facilitar unha maior cobertura ou axuste ás especificidades dos distintos establecementos ou espazos abertos ao público, espectáculos públicos e actividades recreativas, con independencia dos que poidan ser establecidos polos concellos.

Artigo 8. *Seguros*

1. Están obrigadas a dispor dunha póliza de seguro de responsabilidade civil as persoas titulares de establecementos abertos ao público ou organizadoras de espectáculos públicos e actividades recreativas, segundo o caso.

As persoas organizadoras de espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario deben contratar a póliza de responsabilidade civil, independentemente da que tamén teñan contratada as persoas titulares dos establecementos ou espazos abertos ao público onde se leven a cabo os espectáculos públicos ou actividades recreativas.

2. O seguro deberá cubrir a responsabilidade civil que sexa imputable, directa, solidaria ou subsidiariamente, ás persoas titulares dos establecementos abertos ao público ou ás persoas organizadoras dos espectáculos públicos ou actividades recreativas, de tal maneira que cubra os danos persoais e materiais e os prexuízos consecutivos ocasionados ás persoas usuarias ou asistentes e a terceiras persoas e aos seus bens, sempre que os ditos danos e perdas sexan producidos como consecuencia da xestión e explotación do establecemento ou da realización do espectáculo público ou actividade recreativa, así como da actividade do persoal ao seu servizo ou das empresas subcontratadas.

Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, enténdese por prexuízos consecutivos as perdas económicas que deriven directamente dos danos persoais e materiais sufridos pola persoa reclamante e que están amparados pola póliza de seguro.

3. Quedan excluídos da cobertura dos contratos de seguros regulados por esta lei os danos e perdas sufridos polas persoas que, directa ou indirectamente, dependan empresarialmente das persoas titulares ou das persoas organizadoras, que deban dispor dun contrato de seguro específico. Tamén quedan excluídos os danos que sufran os bens

destinados ao uso do establecemento aberto ao público ou ao desenvolvemento do espectáculo público ou actividade recreativa.

4. A vixencia do seguro terase que manter mentres permaneza en funcionamento o establecemento aberto ao público e durante o tempo en que se desenvolva o espectáculo público ou a actividade recreativa. A falta de seguro poderá comportar o peche do establecemento e a suspensión inmediata do espectáculo público ou da actividade recreativa nos termos establecidos no título IV.

5. A vixencia da póliza de seguro deberase acreditar mediante un exemplar da póliza e do recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou de copia deles. Ambos os documentos poderán ser requiridos en calquera momento polo persoal funcionario dos órganos da Administración competente encargados de realizar as actuacións inspectoras, instrutoras ou sancionadoras.

6. Estableceranse regulamentariamente os capitais mínimos e as condicións do seguro atendendo especialmente ao aforo.

7. O seguro previsto neste artigo enténdese sen prexuízo dos que se poidan exixir de conformidade coa normativa sectorial que resulte de aplicación.

Artigo 9. *Cooperación e colaboración administrativa*

1. No exercicio das súas propias competencias, a Administración xeral da Comunidade Autónoma e os concellos facilitaranse a información que precisen en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, e prestaranse reciprocamente a cooperación e a asistencia activa para o eficaz exercicio daquelas.

2. Os órganos competentes da Administración autonómica e da local, no marco das súas respectivas competencias e de acordo cos principios de eficacia, coordinación, colaboración e lealdade institucional, velarán pola observancia da normativa de espectáculos públicos e actividades recreativas, exercendo as oportunas funcións de inspección, control e sanción, de conformidade co disposto nesta lei e na demais normativa vixente.

3. Os concellos poderán solicitar a colaboración e o apoio técnico que precisen da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das deputacións provinciais para a execución desta lei. Para este efecto, poderanse subscribir os oportunos convenios de colaboración.

4. Cando non se asinasen os convenios a que se refire o número 3, a Administración xeral da Comunidade Autónoma, en función dos seus recursos, poderá prestar apoio aos concellos cando estes llo soliciten expresamente, con motivación da concorrencia de circunstancias de carácter extraordinario que puntualmente desborden a capacidade municipal.

Artigo 10. *Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia*

1. Créase a Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia como órgano consultivo de estudo, coordinación e asesoramento das administracións autonómica e local nas materias reguladas por esta lei.

2. Esta comisión terá as seguintes funcións:

a) Audiencia no procedemento de elaboración das disposicións de carácter xeral específicas que se teñan que ditar en desenvolvemento desta lei e na súa modificación.

b) Formular propostas sobre a interpretación, a aplicación e a modificación das disposicións que regulan os espectáculos públicos, as actividades recreativas e os establecementos ou espazos abertos ao público.

c) Emitir os informes que se lle soliciten con carácter facultativo sobre a interpretación, aplicación e modificación das disposicións que regulan os espectáculos públicos, as actividades recreativas e os establecementos ou espazos abertos ao público.

d) Elaborar recomendacións para mellorar a actuación e promover a coordinación das administracións autonómica e local nas materias reguladas por esta lei.

e) Calquera outra que se lle atribúa regulamentariamente.

3. Esta comisión estará adscrita á consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.

4. A súa composición, a súa estrutura e o seu funcionamento serán determinados regulamentariamente. En todo caso, deberán estar representados a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e os sectores afectados. Na composición deste órgano procurarase acadar unha presenza equilibrada entre mulleres e homes.

Artigo 11. *Rexistro de empresas e establecementos*

1. A Administración autonómica constituirá un rexistro público de empresas e establecementos dedicados á realización de espectáculos públicos e actividades recreativas que xestionará a consellería competente nesta materia.

2. Regulamentariamente determinaranse os datos que deben figurar no rexistro, os cales se obterán das autorizacións autonómicas, das licenzas municipais e das declaracións responsables realizadas. Para tal fin, os concellos deberán remitir á consellería a información relativa ás licenzas e ás declaracións responsables, así como as súas modificacións na forma e nos prazos que se establezan regulamentariamente.

3. En ningún caso será necesaria a resposta, a confirmación ou a inscrición efectiva no rexistro para poder exercer a actividade.

TÍTULO II

Réxime de intervención administrativa

Artigo 12. *Réxime de intervención administrativa*

O réxime de intervención administrativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas é o previsto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

TÍTULO III

Organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas

Capítulo I

Dos aspectos xerais da organización e desenvolvemento

Artigo 13. *Dereito de admisión*

1. Para os efectos do previsto nesta lei, enténdese o dereito de admisión como a facultade dos/as titulares de establecementos abertos ao público e dos/as organizadores/as de espectáculos públicos e actividades recreativas para determinar as condicións de acceso e permanencia neles, con base en criterios vinculados ao normal desenvolvemento do espectáculo ou da actividade e ao cumprimento das disposicións establecidas legal e regulamentariamente.

2. O exercicio do dereito de admisión non pode supor, en ningún caso, discriminación por razón de raza, identidade de xénero, orientación sexual, relixión, opinión, discapacidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, nin atentado aos dereitos fundamentais e ás liberdades públicas das persoas usuarias dos establecementos ou espazos abertos ao público, tanto no relativo ás condicións de acceso e permanencia como ao uso dos servizos que se prestan neles.

Artigo 14. *Servizo de control de acceso*

1. Os establecementos abertos ao público, os espectáculos públicos e as actividades recreativas que dispoñan de servizo de control de acceso deberán contar con persoal habilitado, de conformidade co disposto na normativa reguladora da actividade de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas. Queda exceptuado desta habilitación o persoal cuxa función se limite á constatación do pagamento efectivo da entrada.

2. O persoal de control de acceso, baixo a directa dependencia dos/as titulares ou dos/as organizadores/as, encargarase das funcións de admisión e control de permanencia do público nos espectáculos públicos, nas actividades recreativas e nos establecementos abertos ao público. Asumirá as funcións que ten establecidas na normativa autonómica aplicable e cantas outras deriven da normativa específica sobre admisión e control de acceso, sen que en ningún caso poida desenvolver as funcións do servizo de vixilancia e seguridade.

Artigo 15. *Servizos de vixilancia e seguridade propios*

Os/as organizadores/as de espectáculos públicos e actividades recreativas, así como, de ser o caso, os/as titulares dos establecementos abertos ao público en que estes se desenvolvan, deberán dispor de persoal encargado da vixilancia e seguridade ao cal lle encomendará a boa orde no desenvolvemento do espectáculo ou da actividade cando tal obriga veña establecida na lexislación vixente de seguridade privada.

Artigo 16. *Protección das persoas menores de idade*

1. Con carácter xeral, o acceso das persoas menores de idade a establecementos abertos ao público, espectáculos públicos e actividades recreativas, así como as condicións para poder participar neles, están suxeitos ás limitacións e prohibicións previstas na normativa reguladora da protección integral da infancia e adolescencia e demais lexislación aplicable por razón da materia e, en particular, ás reguladas na normativa vixente en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en persoas menores de idade, e será de aplicación o réxime sancionador establecido nesta normativa.

2. En todo caso, queda prohibido o acceso aos espectáculos taurinos en recintos pechados ás persoas menores de doce anos.

Artigo 17. *Horarios*

1. Mediante orde da persoa titular da consellería competente na materia, oída a Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia, determinarase o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

2. A orde que determine os horarios de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos ou actividades recreativas poderá establecer os criterios, os supostos e as circunstancias que permitan aos concellos autorizar, de xeito motivado, ampliacións ou reducións sobre o horario xeral.

Artigo 18. *Entradas*

1. As entradas que expidan para a venda os/as organizadores/as de espectáculos públicos e actividades recreativas deberán conter, como mínimo, a seguinte información:

a) O número de orde.
b) A identificación do/a organizador/a e do seu domicilio.
c) O espectáculo público ou actividade recreativa.
d) O lugar, a data e a hora de celebración, os prezos das entradas e os lugares de venda.
e) A clase de localidade e o número, en sesións numeradas.

2. Os/as organizadores/as de espectáculos públicos e actividades recreativas deberán pór á disposición do público, directamente ou mediante venda comisionada, nos lugares de venda indicados na súa publicidade, a porcentaxe mínima das localidades que se indicase naquela. Se non se indicou unha porcentaxe mínima, entenderase que esta é do 60 % das localidades.

3. Nos supostos de venda por abonos ou cando se trate de espectáculos públicos ou actividades recreativas organizados por clubs ou asociacións, a porcentaxe a que se refire o número anterior determinarase en relación coas entradas non incluídas en abonos ou coas non reservadas previamente aos/ás socios/as ou asociados/as.

4. Prohíbese a revenda de entradas en papel ou en calquera medio ou soporte electrónico.

5. Para estes efectos, enténdese por revenda de entradas a venda das adquiridas coa finalidade de obter beneficio económico. En todo caso, entenderase que existe esta finalidade cando o prezo de revenda sexa superior ao de adquisición. Non se entenderá como revenda a venda comisionada, efectuada logo da cesión acreditada por parte do

organizador do espectáculo público ou da actividade recreativa e que sexa efectuada polo cesionario polo prezo e nos lugares indicados na publicidade.

Artigo 19. *Información ao público no caso de establecementos públicos*

Nos establecementos abertos ao público deberase dispor nun lugar visible ao público e perfectamente lexible, nos dous idiomas oficiais de Galicia, a seguinte información:

a) Número de teléfono, número de fax, enderezo postal ou correo electrónico para efectos de reclamacións ou peticións de información.

b) Horario de apertura e peche.

c) Copia da licenza municipal de apertura, no caso de que esta sexa exixible.

d) Capacidade máxima.

e) Existencia de follas de reclamación.

f) Limitacións de entrada e prohibición de consumo de alcohol e tabaco a persoas menores de idade, de conformidade coa lexislación vixente.

g) Condicións de admisión determinadas de acordo co previsto no artigo 13, no caso de existiren.

h) Normas particulares ou instrucións elaboradas polo titular do establecemento para o normal desenvolvemento do espectáculo ou actividade.

Artigo 20. *Publicidade*

1. A publicidade da celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas terase que axustar aos principios de veracidade, transparencia e suficiencia. En ningún caso poderá conter informacións que induzan ao equívoco ou poidan distorsionar a capacidade electiva dos espectadores.

2. A publicidade de espectáculos públicos ou actividades recreativas deberá recoller, polo menos, os seguintes contidos:

a) Clase de espectáculo ou actividade.
b) Data, horario e lugar das actuacións, prezos das entradas e lugares de venda, así como, de ser o caso, as condicións de admisión, normas particulares ou instrucións para o normal desenvolvemento do espectáculo ou actividade.
c) Denominación e domicilio do/a organizador/a.

3. Prohíbese calquera forma de promoción ou de publicidade que incite á violencia, ao sexismo, ao racismo, á homofobia ou á xenofobia, ou faga apoloxía de actividades contrarias aos dereitos fundamentais e ás liberdades públicas recoñecidos pola Constitución.

4. As empresas de publicidade ou de artes gráficas que interveñan na confección de publicidade deberán xustificar ante a Administración, cando sexan requiridas para iso, os datos identificativos das empresas contratantes da publicidade.

5. A publicidade dos espectáculos públicos e actividades recreativas deberá respectar os principios e as normas contidos na normativa vixente en materia de drogodependencia, trastornos adictivos e consumo de substancias estupefacientes.

Capítulo II

Dereitos e obrigas do público, artistas, intérpretes ou executantes e dos/as organizadores/as

Artigo 21. *Dereitos e obrigas do público*

1. Ademais dos que teñan recoñecidos na correspondente normativa, especialmente en materia de defensa das persoas consumidoras e usuarias, o público terá os seguintes dereitos:

a) A que o espectáculo ou actividade recreativa se desenvolva, se ofreza e se reciba nas condicións e na forma en que sexa anunciado pola empresa, agás por causa lexítima acreditada ou por razóns de forza maior ou de caso fortuíto debidamente xustificadas.

b) A que se lle facilite a utilización das follas de reclamacións, de acordo cos requisitos e coas condicións exixibles na normativa aplicable en razón da materia de que se trate.

c) A recibir un trato respectuoso e non discriminatorio.

d) A ser admitido no establecemento ou espazo aberto ao público nas mesmas condicións obxectivas que calquera outra persoa usuaria, sempre que a capacidade do local o permita e non concorra ningunha causa de exclusión por razóns de seguridade ou alteración da orde pública.

e) A que a empresa respecte os termos contractuais derivados da adquisición das correspondentes localidades.

f) A que a publicidade dos espectáculos públicos e actividades recreativas se axuste aos principios de veracidade, transparencia e suficiencia e non conteña informacións que poidan inducir ao equívoco ou poidan distorsionar a capacidade electiva dos espectadores.

2. O público terá as seguintes obrigas:

a) Ocupar as súas localidades e permanecer nas zonas que sinale en cada caso a empresa para o público, sen invadir os espazos destinados a outros fins, agás que estea previsto no desenvolvemento do espectáculo ou que sexa inherente á natureza da actividade.

b) Cumprir os requisitos e as condicións de seguridade que establezan os/as titulares ou os/as organizadores/as para que o espectáculo ou a actividade se desenvolva con normalidade e seguir as instrucións do persoal técnico e do persoal de vixilancia e de seguridade, tanto no interior coma na entrada e saída do establecemento ou espazo aberto ao público.

c) Non levar armas ou obxectos que se poidan usar como tales, así como non exhibir símbolos, roupa ou obxectos que inciten á violencia, poidan ser constitutivos dalgún dos delitos de apoloxía establecidos polo Código penal ou que inciten a realizar actividades contrarias aos dereitos fundamentais e ás liberdades públicas recoñecidos pola Constitución, especialmente cando inciten á discriminación por razón de xénero, racismo, homofobia ou xenofobia.

d) Respectar os/as artistas, intérpretes ou executantes e demais persoal técnico ao servizo dos establecementos ou espazos abertos ao público, dos espectáculos públicos ou das actividades recreativas.

e) Cumprir as normas reguladoras da subministración e consumo de tabaco e bebidas alcohólicas e as normas que establecen a idade mínima para poder acceder aos establecementos ou espazos abertos ao público.

f) Cumprir os requisitos e as normas de acceso e de admisión establecidos con carácter xeral polos titulares dos establecementos ou espazos abertos ao público ou polos/as organizadores/as de espectáculos públicos e actividades recreativas. Os ditos criterios de

admisión deben estar colocados nun lugar visible e perfectamente lexible para o público.

g) Respectar o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e os horarios de inicio e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

h) Evitar accións que poidan xerar situacións de perigo ou incomodidade para o público ou para o persoal técnico ao servizo do establecemento ou espazo aberto ao público ou que poidan impedir ou dificultar o desenvolvemento do espectáculo ou actividade.

i) Adoptar unha conduta, á entrada e á saída do establecemento aberto ao público, que garanta a convivencia entre a cidadanía, non perturbe o descanso dos veciños e non dane o mobiliario urbano do contorno onde se leve a cabo o espectáculo ou a actividade.

Artigo 22. *Dereitos e obrigas dos/as artistas, intérpretes ou executantes*

1. Os/As artistas, intérpretes ou executantes terán, entre outros, os seguintes dereitos:

a) Ser tratados con respecto polos/as titulares, organizadores/as e polo público asistente.

b) Recibir a protección necesaria para executar o espectáculo público ou a actividade recreativa, así como para acceder ao establecemento ou espazo aberto ao público e para abandonalo.

c) Actuar, agás por causa lexítima acreditada ou por razóns de forza maior ou de caso fortuíto debidamente xustificadas. Considérase causa lexítima a carencia ou insuficiencia das medidas de seguridade e de hixiene requiridas, cuxo estado poden comprobar os/as artistas antes do comezo do espectáculo ou da actividade.

2. Os/As artistas, intérpretes ou executantes terán as seguintes obrigas:

a) Gardar o debido respecto ao público.

b) Actuar, agás por causa lexítima acreditada ou por razóns de forza maior ou de caso fortuíto debidamente xustificadas. Considérase causa lexítima a establecida no número 1.c).

c) Evitar calquera tipo de comportamento que poida pór en perigo a seguridade do público asistente ou a indemnidade dos bens.

3. A intervención de artistas, intérpretes ou executantes menores de idade estará sometida ás condicións e aos permisos que estableza a lexislación laboral e de protección da persoa menor.

4. A intervención de artistas, intérpretes ou executantes con dereito a retribución, en canto traballadores por conta do/a organizador/a do espectáculo público ou da actividade recreativa ou do/a titular do establecemento ou espazo aberto ao público,

estará sometida ás condicións e aos permisos que estableza a lexislación laboral e da Seguridade Social.

Artigo 23. *Dereitos e obrigas dos/as titulares e dos/as organizadores/as*

1. Os/As titulares de establecementos ou espazos abertos ao público e os/as organizadores/as de espectáculos públicos ou actividades recreativas terán, entre outros, os seguintes dereitos:

a) Que o espectáculo público ou actividade recreativa se desenvolva de conformidade co disposto na correspondente autorización autonómica, declaración responsable ou licenza, agás que exista causa lexítima acreditada ou concorran razóns de forza maior ou de caso fortuíto debidamente xustificadas que o impidan.
b) Fixar os prezos que consideren pertinentes.
c) Adoptar as medidas que consideren pertinentes para garantir o funcionamento do establecemento aberto ao público, do espectáculo ou actividade en condicións de seguridade e calidade.
d) Recibir o apoio das forzas e corpos de seguridade para garantir a orde no exterior do establecemento ou espazo aberto ao público, no caso de que se produzan incidentes que poidan pór en perigo a seguridade das persoas, e tamén no interior do establecemento ou espazo.

2. Os/As titulares de establecementos ou espazos abertos ao público e os/as organizadores/as de espectáculos públicos ou actividades recreativas terán as seguintes obrigas:

a) Levar a cabo o espectáculo público ou actividade recreativa de acordo co anunciado e nas condicións ofrecidas ao público, agás por causa lexítima acreditada ou por razóns de forza maior ou de caso fortuíto debidamente xustificadas.
b) No suposto de que se produzan variacións da orde, data ou contido do espectáculo ou actividade, deberase informar delas coa antelación suficiente nos lugares onde habitualmente se fixa a propaganda ou nos espazos de venda de localidades.

c) Devolverlle ao público o importe aboado no caso de que o espectáculo ou actividade se suspenda ou se modifique de forma esencial e atender as reclamacións que por este motivo sexan procedentes, de acordo coa lexislación aplicable, salvo nos supostos en que se lle anunciase ao público, de forma expresa e clara, que os/as organizadores/as ou titulares reservan para si o dereito de modificar a programación e as condicións en que se efectuará a dita modificación ou nos supostos en que a suspensión ou modificación se produza unha vez empezado o espectáculo ou actividade e sexan debidos a causas fortuítas ou de forza maior, alleas ás persoas titulares ou organizadores/as do espectáculo ou actividade.

d) Realizar os controis técnicos obrigatorios de acordo coa normativa vixente e adoptar as medidas de seguridade, hixiene e salubridade establecidas con carácter xeral, ou especificadas na declaración responsable, na licenza municipal ou na autorización autonómica cando sexa exixible, mantendo en todo momento os establecementos abertos ao público en axeitado estado de funcionamento.

e) Permitir a entrada ao público, agás nos casos establecidos por lei ou por regulamento, en particular os derivados do lexítimo exercicio do dereito de admisión.

f) Respectar a capacidade máxima e absterse de vender entradas e abonos nun número que a exceda.

g) Non cobrar polas entradas un prezo superior ao que se anunciou na correspondente publicidade e comunicar ou denunciar a súa revenda.

h) Cumprir os horarios de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e os de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

i) Establecer os servizos de vixilancia e seguridade, cando estes sexan obrigatorios conforme o disposto na lexislación vixente de seguridade privada, e cumprir o disposto na presente lei e na normativa autonómica en materia de servizos de control de acceso, no caso de dispor de tales servizos.

j) Informar o persoal de control de acceso e o de servizos de vixilancia e seguridade sobre as funcións e as obrigas que lles atribúe a normativa específica.

k) Velar pola adecuada conservación dos espazos que se poidan ver afectados polos espectáculos públicos ou polas actividades recreativas e cumprir a normativa en materia de protección do ambiente.

l) Comunicar ás administracións competentes as modificacións non substanciais nos termos e coas consecuencias sancionadoras previstas na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

m) Facilitar o acceso ás forzas e aos corpos de seguridade, aos servizos de protección civil, aos servizos de sanidade, aos/ás axentes da autoridade, ao persoal funcionario, así como ás entidades de certificación de conformidade municipal (Eccom) que desenvolvan actuacións de certificación, verificación, inspección e control nos termos establecidos na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

n) Permitir e facilitar as inspeccións que acorden as autoridades e realizar as inspeccións periódicas que sexan obrigatorias de acordo coa normativa vixente.

o) Ter á disposición dos axentes da autoridade e dos servizos de inspección, nos establecementos abertos ao público, toda a documentación que se estableza regulamentariamente.

p) Cumprir a normativa vixente sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, sobre seguridade e prevención de riscos laborais e sobre propiedade intelectual e demais normativa que sexa aplicable.

q) Colocar nun lugar visible e perfectamente lexible a información ao público regulada no artigo 19.

r) Responder dos danos e perdas que se poidan producir como consecuencia das características do establecemento aberto ao público ou da organización e desenvolvemento do espectáculo ou actividade, así como constituír as garantías e concertar e manter vixentes os correspondentes contratos de seguro exixidos pola presente lei.

3. Cando o/a organizador/a do espectáculo público ou actividade recreativa sexa distinto/a do/a titular do establecemento público ou instalación en que se desenvolve, responderán ambos os dous solidariamente do cumprimento das obrigas establecidas no número 2 que lles correspondan conxuntamente atendendo ás circunstancias concretas en que teña lugar o espectáculo ou actividade, sen prexuízo do establecido no inciso final do artigo 28.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

TÍTULO IV

Vixilancia e inspección dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas. Réxime sancionador

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 24. *Administracións competentes*

A Administración xeral da Comunidade Autónoma e os concellos, no ámbito das súas respectivas competencias, velarán polo cumprimento da lexislación reguladora dos espectáculos públicos e actividades recreativas e, para tal efecto, disporán das facultades seguintes:

a) Inspección dos establecementos abertos ao público.

b) Control da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas.

c) Prohibición, suspensión, clausura e adopción das medidas provisionais previas á incoación do expediente sancionador que se consideren necesarias.

d) Adopción das oportunas medidas cautelares e sanción das infraccións tipificadas nesta lei.

Capítulo II

Vixilancia e inspección

Artigo 25. *Facultades inspectoras*

1. Os/As titulares e os organizadores/as deberán permitir e facilitar as inspeccións que acorde a autoridade competente. O persoal de inspección poderá acceder a calquera lugar, instalación ou dependencia, de titularidade pública ou privada, co límite constitucional de entrada no domicilio e restantes lugares cuxo acceso requira o consentimento da persoa titular.

2. Poderán realizar inspeccións os membros dos corpos e forzas de seguridade e o persoal funcionario dos órganos e das unidades administrativas con competencia en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, sen prexuízo das que poida realizar o persoal funcionario doutros órganos e unidades administrativas no exercicio das súas competencias. Nos termos e coas consecuencias que establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o dito persoal funcionario, no exercicio das súas funcións, terá a condición de autoridade. Na inspección tamén poderán colaborar as entidades de certificación de conformidade municipal (Eccom) nos termos establecidos na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

3. O persoal encargado de tarefas de inspección procurará non alterar o normal funcionamento do establecemento aberto ao público, nin dificultar o desenvolvemento do espectáculo público ou da actividade recreativa.

4. As administracións públicas, no exercicio da potestade inspectora, están facultadas para solicitar a información ou os datos necesarios para confeccionar estatísticas ou memorias para utilizalas no deseño de programas de intervención nos sectores obxecto de regulación nesta lei.

Artigo 26. *Actas*

1. As actuacións realizadas no exercicio da facultade inspectora deberanse reflectir nunha acta en que as persoas interesadas poderán facer constar a súa desconformidade e as súas observacións. A acta deberá ser notificada ás persoas interesadas e ao órgano administrativo competente para acordar a inspección.

2. No caso de que as persoas interesadas neguen os feitos, será necesaria a ratificación do persoal funcionario actuante respecto dos feitos referidos na acta, durante a tramitación do correspondente procedemento sancionador.

3. Cando a actuación inspectora derive da presentación dunha denuncia que vaia acompañada dunha solicitude de iniciación, deberáselle notificar á persoa denunciante a iniciación ou non do procedemento sancionador, todo isto sen prexuízo dos dereitos que lle correspondan, se é o caso, como interesada.

Capítulo III

Medidas provisionais previas

Artigo 27. *Medidas provisionais previas á apertura do expediente sancionador*

1. Os órganos competentes da Administración autonómica ou dos concellos, previamente á apertura do expediente sancionador que corresponda, poderán adoptar, por razóns de urxencia inaprazable e para a protección provisional dos intereses implicados, medidas provisionais previas nos supostos seguintes:

a) A celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas prohibidos por esta lei. No caso de que estes espectáculos ou actividades poidan ser constitutivos de delito, o órgano que acorde a medida provisional deberá comunicalo ao Ministerio Fiscal ou á autoridade xudicial competente dentro das 48 horas seguintes.

b) Cando exista risco grave ou perigo inminente para a seguridade das persoas, dos animais ou dos bens ou cando se incumpran gravemente as condicións sanitarias, de salubridade e de hixiene.

c) A apertura ou funcionamento dun establecemento aberto ao público sen contar coa licenza municipal ou declaración responsable cando sexa exixible.

d) Cando se celebren espectáculos públicos e actividades recreativas en establecementos ou espazos abertos ao público, sen contar con licenza municipal ou con autorización autonómica ou declaración responsable cando sexa exixible.

e) O incumprimento da prohibición de admitir persoas menores nos establecementos abertos ao público, nos espectáculos públicos ou nas actividades recreativas en que teñan prohibida a entrada.

f) A revenda de localidades.

g) Cando se careza do seguro exixido de acordo co disposto nesta lei.

h) Cando no desenvolvemento dos espectáculos públicos ou das actividades recreativas se produzan alteracións da orde pública con perigo para as persoas e os bens.

i) Cando se incumpran os horarios establecidos de acordo co previsto no artigo 17.

2. No caso de se dar algún dos supostos previstos no número anterior, os órganos competentes poderán adoptar algunha ou algunhas das seguintes medidas:

a) Suspensión do espectáculo público ou da actividade recreativa.
b) Desaloxo, clausura e precinto do establecemento aberto ao público.
c) Suspensión da correspondente licenza municipal ou autorización autonómica.
d) Depósito, retención ou inmobilización dos bens, efectos ou animais relacionados co espectáculo ou coa actividade.
No suposto previsto na alínea f) do número 1, poderase adoptar a medida de intervención e depósito das entradas e dos ingresos procedentes da revenda.

3. As medidas adoptaranse mediante resolución motivada, respectando sempre o principio de proporcionalidade e logo de audiencia ás persoas interesadas. O trámite de audiencia poderase omitir en casos de extraordinaria urxencia debidamente xustificados na resolución.

4. As medidas provisionais adoptadas deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento sancionador, que se deberá efectuar dentro dos quince días seguintes ao da súa adopción, o cal poderá ser obxecto do recurso que proceda.

En todo caso, as ditas medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento no dito prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso sobre elas.

Artigo 28. *Órganos competentes*

1. A Administración competente para adoptar as medidas previstas anteriormente será a mesma que ten atribuída a competencia para recibir a declaración responsable ou para outorgar a licenza ou autorización. Nos supostos previstos no artigo 41 bis da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a Administración competente será o respectivo concello, sen prexuízo do disposto no número 2.

O órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para adoptar as ditas medidas será o órgano que teña atribuída a competencia para incoar o correspondente procedemento sancionador ou o órgano instrutor.

2. Tendo en conta a afectación ás competencias autonómicas, a Administración autonómica poderá adoptar as medidas provisionais previas en supostos de competencia dos concellos, de acordo co previsto no número 1, á custa e en substitución destes, no caso de inhibición da entidade local, logo do requirimento a esta que non sexa atendido no prazo indicado para o efecto, que en ningún caso poderá ser inferior a un mes. A non atención do requirimento pola entidade local exixirá a alegación dunha causa xustificada e debidamente motivada.

Tamén poderá adoptar as citadas medidas por razóns de urxencia inaprazable e extraordinaria que así o xustifiquen e, neste caso, as medidas deberán ser postas en coñecemento inmediato do concello respectivo.

O órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para adoptar as medidas provisionais previas, nos supostos previstos neste número, será o que teña atribuída a competencia para a incoación ou para a instrución de expedientes sancionadores de competencia autonómica.

3. O disposto nos números 1 e 2 deste artigo enténdese sen prexuízo das medidas que poidan ser adoptadas pola Administración xeral do Estado no exercicio das súas competencias.



Artigo 29. *Medidas de adopción directa polos axentes das forzas e corpos de seguridade*

1. En casos de espectáculos públicos e actividades recreativas que comporten un risco grave ou perigo inminente para as persoas e os bens ou a convivencia entre a cidadanía, os axentes dos corpos e forzas de seguridade poderán adoptar de forma directa, logo de requirimento ás persoas responsables da celebración daqueles e no caso de que este non sexa atendido, as seguintes medidas:

a) A suspensión inmediata do espectáculo ou actividade e o desaloxo e precinto dos establecementos abertos ao público e o depósito, retención ou inmobilización dos bens, efectos ou animais relacionados co espectáculo ou coa actividade.

b) Aqueloutras medidas que se consideren necesarias en atención ás circunstancias concorrentes en cada caso para garantir a seguridade das persoas e dos bens e a convivencia entre a cidadanía, e que garden a debida proporción en atención aos bens e dereitos obxecto de protección.

2. No caso en que os axentes adopten as medidas indicadas no número anterior, deberán proceder á súa comunicación inmediata ao órgano competente de acordo co artigo 28 para adoptar as medidas provisionais previas pertinentes, que deberá confirmalas, modificalas ou levantalas no prazo de 48 horas desde a indicada comunicación. O incumprimento do dito prazo comporta automaticamente o levantamento das medidas inmediatas adoptadas.

3. Se o órgano indicado no número anterior ratifica as medidas adoptadas, o réxime de confirmación, modificación ou levantamento posterior rexerase polo que dispón o artigo 27.4.

4. O disposto nos números anteriores enténdese sen prexuízo das medidas que poida adoptar a Administración xeral do Estado no exercicio das súas competencias.

Capítulo IV

Réxime sancionador

Sección 1ª. Infraccións e sancións

Artigo 30. *Principios xerais*

No ámbito desta lei, o exercicio da potestade sancionadora rexerase polo disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polo previsto nesta lei e na demais normativa aplicable por razón da materia.

Artigo 31. *Infraccións*

1. Constitúen infraccións ao previsto nesta lei as accións ou omisións tipificadas neste capítulo, sen prexuízo do réxime sancionador previsto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, e das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan derivar delas.

2. As infraccións administrativas reguladas na presente lei clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Artigo 32. *Infraccións moi graves*

Considéranse infraccións moi graves as seguintes:

a) Superar a capacidade máxima cando comporte un risco grave para a seguridade de persoas ou bens.

b) Non permitir o acceso ao establecemento aberto ao público aos/ás axentes da autoridade ou ao persoal inspector que estea no exercicio do seu cargo.

c) Celebrar espectáculos públicos ou actividades recreativas expresamente prohibidos na presente lei ou incumprindo as resolucións polas cales se prohibe a súa celebración.

d) Incumprir a obriga de ter subscrito e en vigor o contrato de seguro de acordo co disposto nesta lei.

e) A comisión dunha infracción grave cando, no prazo dun ano, o mesmo suxeito for sancionado pola comisión de dúas ou máis infraccións graves e a resolución ou resolucións sancionadoras foren firmes na vía administrativa.

Artigo 33. *Infraccións graves*

Considéranse infraccións graves as seguintes:

a) Superar a capacidade máxima cando non comporte un risco grave para a seguridade de persoas ou bens.
b) Exercer o dereito de admisión en contra do disposto no artigo 13.2.
c) Admitir o acceso a espectáculos taurinos en recintos pechados ás persoas menores de doce anos.
d) Incumprir os horarios establecidos de acordo co previsto no artigo 17.
e) A suspensión ou modificación esencial do contido dos espectáculos públicos ou actividades recreativas sen causa xustificada.
f) A publicidade e promoción dos espectáculos públicos e das actividades recreativas que contraveñan o disposto nesta lei.
g) Incumprir as disposicións recollidas no artigo 15 referentes á obriga de dispor de servizos de vixilancia e seguridade propios cando sexan obrigatorios.
h) O incumprimento por parte da persoa titular do establecemento aberto ao público ou por parte do/a organizador/a do espectáculo público ou da actividade recreativa da obriga de contar con persoal habilitado encargado do control de acceso no caso de dispor de servizo de control de acceso.
i) A negativa a actuar por parte do/a artista, intérprete ou executante sen causa xustificada.
j) Os comportamentos que poidan producir alteracións da orde ou crear situacións de perigo para o público asistente, participantes, persoas organizadoras e traballadoras, artistas, forzas e corpos de seguridade, terceiros afectados e bens, así como a súa permisividade.
k) A perturbación grave do normal desenvolvemento do espectáculo público ou da actividade recreativa.

l) Non colaborar no exercicio das funcións de inspección sempre que non constitúa infracción moi grave.

m) A comisión dunha infracción leve cando, no prazo dun ano, o mesmo suxeito for sancionado pola comisión de dúas ou máis infraccións leves e a resolución ou resolucións sancionadoras foren firmes na vía administrativa.

n) Incumprir o disposto nesta lei sobre a venda de entradas ou practicar a súa revenda.

Artigo 34. *Infraccións leves*

Considéranse como infraccións leves as seguintes:

a) Incumprir a obriga de información ao público nos termos establecidos no artigo 19.

b) Calquera outra acción ou omisión que constitúa incumprimento das obrigas establecidas nesta lei ou vulneración das prohibicións previstas nela cando non proceda a súa cualificación como infracción moi grave ou grave.

Artigo 35. *Responsabilidade*

1. Poderán ser sancionadas por feitos constitutivos de infracción administrativa de acordo con esta lei as persoas físicas e xurídicas que resulten responsables deles.

2. Para estes efectos, os/as titulares dos establecementos abertos ao público e os/as organizadores/as de espectáculos públicos e actividades recreativas serán responsables solidarios/as das infraccións administrativas reguladas nesta lei que sexan cometidas polos/polas que interveñan no espectáculo ou actividade cando incumpran o deber de previr a infracción.

3. Cando exista unha pluralidade de responsables a título individual e non sexa posible determinar o grao de participación de cada un na comisión da infracción, responderán todos eles de forma solidaria.

Artigo 36. *Sancións*

1. As infraccións leves serán sancionadas con multa de ata 300 euros.

2. Pola comisión de infraccións graves poderanse impor as seguintes sancións:

a) Multa de 301 a 30.000 euros.

b) Suspensión ou prohibición da actividade por un período máximo dun ano.

c) Clausura do establecemento aberto ao público por un período máximo dun ano.

d) Inhabilitación para a organización ou promoción de espectáculos públicos e actividades recreativas por un período máximo dun ano.

e) Incautación dos instrumentos, efectos ou animais utilizados para a comisión das infraccións. Os gastos de almacenamento, transporte, distribución, destrución ou calquera outro derivado da incautación serán por conta de quen cometa a infracción.

As sancións indicadas poderanse impor de maneira acumulativa salvo que resulten incompatibles.

3. Pola comisión de infraccións moi graves poderanse impor as seguintes sancións:

a) Multa de 30.001 ata 600.000 euros.

b) Clausura do establecemento aberto ao público por un período máximo de tres anos.

c) Suspensión ou prohibición da actividade ata tres anos.

d) Inhabilitación para a organización ou promoción de espectáculos públicos e actividades recreativas ata tres anos.

e) Incautación dos instrumentos, efectos ou animais utilizados para a comisión das infraccións. Os gastos de almacenamento, transporte, distribución, destrución ou calquera outro derivado da incautación serán por conta de quen cometa a infracción.

f) Peche definitivo do establecemento aberto ao público, que comportará para o infractor a revogación da licenza, a declaración de ineficacia da comunicación previa ou declaración responsable ou a revogación da autorización autonómica, así como a prohibición de presentar declaración responsable ou de obter licenza municipal ou autorización autonómica no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para igual actividade durante un tempo máximo de dez anos.

As sancións indicadas poderanse impor de maneira acumulativa salvo que resulten incompatibles.

Artigo 37. *Gradación*

1. As sancións deberán gardar proporcionalidade coa gravidade dos feitos constitutivos da infracción e graduaranse atendendo aos seguintes criterios:

a) O grao de culpabilidade ou a existencia de intencionalidade.

b) A continuidade ou persistencia na conduta infractora.

c) A natureza dos prexuízos causados.

d) A reincidencia por comisión, no termo dun ano, de máis dunha infracción da mesma natureza cando así for declarado por resolución firme en vía administrativa.

e) A reiteración.

f) A situación de predominio de quen cometa a infracción no mercado.

g) A conduta observada por quen cometa a infracción respecto ao cumprimento das disposicións legais.

h) A transcendencia social da infracción.

2. Para os efectos desta lei, entenderase como reiteración a comisión de máis dunha infracción de distinta natureza no termo dun ano desde a comisión da primeira, cando así for declarado por resolución que poña fin á vía administrativa.

A toma en consideración da reiteración e da reincidencia só será posible se estas circunstancias non se teñen en conta para determinar a infracción sancionable.

3. Para a aplicación dos criterios de gradación das sancións, respectando os límites establecidos no artigo anterior, o órgano competente para sancionar deberá ponderar que a comisión da infracción non resulte máis beneficiosa para quen cometa a infracción que o cumprimento das normas infrinxidas, sen que en ningún caso a comisión da

infracción resulte máis beneficiosa para o infractor. Cando, como consecuencia da comisión da infracción, a persoa infractora obteña un beneficio cuantificable, poderase superar o límite superior das multas previstas no artigo anterior ata acadar a contía do beneficio obtido.

4. A imposición acumulativa de sancións nos termos previstos no artigo anterior acordarase, en todo caso, naqueles supostos que impliquen alteración grave da seguridade.

Artigo 38. *Prescrición*

1. As infraccións tipificadas como leves nesta lei prescribirán no prazo de seis meses; as tipificadas como graves, no de dous anos, e as tipificadas como moi graves, no prazo de tres anos.

2. O prazo de prescrición das infraccións comezarase a contar desde o día en que a infracción se cometese. No caso de infraccións continuadas ou permanentes, o prazo comezará a correr desde que finalizou a conduta infractora.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento sancionador, e o prazo de prescrición reiniciarase se o expediente sancionador está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao/á presunto/a responsable.

3. Prescribirán ao ano as sancións impostas por infraccións leves a esta lei; aos dous anos, as impostas por infraccións graves, e aos tres anos, as impostas por infraccións moi graves.

4. O prazo de prescrición das sancións comezarase a contar desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción ou transcorrese o prazo para impugnala. No caso de desestimación presunta do recurso de alzada interposto contra a resolución pola cal se impón a sanción, o prazo de prescrición da sanción comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que remate o prazo legalmente previsto para a resolución do dito recurso.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento de execución, e volverá transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao/á infractor/a.

Sección 2ª. Competencia e procedemento

Artigo 39. *Competencia para sancionar*

1. Correspóndelle á Administración autonómica a competencia para incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores por infraccións relacionadas cos espectáculos públicos e coas actividades recreativas previstos nas letras a) e b) do artigo 4.

2. Son órganos competentes para impor a sanción:

a) A persoa titular da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas cando se trate de infraccións leves e graves.

b) A persoa titular da dirección xeral competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas cando se trate de infraccións moi graves e se propoña unha sanción consistente en multa por un importe máximo de 300.500 euros, así como calquera outra sanción das previstas para infraccións moi graves, excepto a consistente no peche definitivo do establecemento aberto ao público.

c) A persoa titular da consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas cando se trate de infraccións moi graves e se propoña unha sanción consistente en multa por un importe mínimo de 300.501 euros, así como cando se propoña o peche definitivo do establecemento aberto ao público.

3. Correspóndelles aos concellos a competencia para incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores polas infraccións tipificadas nesta lei, salvo as relacionadas cos espectáculos públicos e coas actividades recreativas previstos nas letras a) e b) do artigo 4.

4. Sen prexuízo do establecido no número anterior, os órganos competentes da Administración autonómica, de acordo coas regras competenciais previstas para os

expedientes sancionadores de competencia autonómica, asumirán a incoación, instrución e resolución dos procedementos sancionadores previstos no número 3, no suposto da falta de actuacións dos concellos ante as denuncias presentadas pola cidadanía ou derivadas das actuacións de inspección, e unha vez instados a actuar polos órganos competentes da Comunidade Autónoma e transcorrido o prazo concedido, que en ningún caso poderá ser inferior a un mes, desde a recepción do requirimento sen que se produza a notificación ao órgano competente da Administración da Comunidade Autónoma da incoación do procedemento sancionador.

Artigo 40. *Procedemento*

1. As infraccións tipificadas nesta lei serán obxecto das sancións administrativas correspondentes, logo da instrución do oportuno procedemento consonte os principios establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e a regulación procedemental contida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e de acordo coas especificidades que regulamentariamente se establezan, respectando, en todo caso, a normativa básica estatal.

2. O prazo máximo en que se deberá ditar e notificar a resolución do procedemento sancionador no suposto de tramitación ordinaria será dun ano desde a súa incoación. Unha vez vencido este prazo sen que se ditase e notificase resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 41. *Medidas preventivas durante o procedemento sancionador*

1. Unha vez incoado o procedemento sancionador, o órgano administrativo competente para resolvelo poderá adoptar en calquera momento, mediante resolución motivada e logo de audiencia ás persoas interesadas, as medidas preventivas que xulgue oportunas para asegurar a eficacia da resolución que se poida ditar, de existiren elementos de xuízo suficientes para iso, de acordo cos principios de proporcionalidade, efectividade e menor onerosidade. O trámite da audiencia previa poderase omitir en caso de urxencia, que deberá estar debidamente motivada na resolución que determine a adopción das medidas preventivas. Nestes casos, efectuarase un trámite de audiencia con posterioridade á adopción da medida.

2. As medidas preventivas deberán ser proporcionadas á natureza e á gravidade das infraccións cometidas, e poderán consistir nalgunha das previstas no artigo 27, ou en calquera outra que asegure a eficacia da resolución que se poida ditar. Non se poderán adoptar medidas preventivas que poidan causar prexuízo de difícil ou imposible reparación ás persoas interesadas ou que impliquen violación de dereitos amparados polas leis.

3. As medidas preventivas poderán ser alzadas ou modificadas durante a tramitación do procedemento, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En todo caso, extinguiranse coa eficacia da resolución administrativa que poña fin ao procedemento.

Artigo 42. *Rexistro de infraccións e sancións*

1. Co obxecto de garantir o cumprimento efectivo desta lei, a Administración xeral da Comunidade Autónoma creará un rexistro administrativo de infraccións e sancións en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, no cal se inscribirán todas as infraccións sancionadas por resolución firme en vía administrativa e a correspondente sanción imposta.

2. Determinaranse regulamentariamente a organización e o funcionamento do rexistro e o réxime de inscrición, cancelación e acceso, con suxeición á normativa sobre protección de datos de carácter persoal.

Disposición adicional única. *Normativa técnica de aplicación*

Os criterios técnicos a que fai referencia esta lei aplicaranse consonte a regulación prevista no Código técnico da edificación e na súa normativa de desenvolvemento, sen prexuízo da normativa sectorial que, de ser o caso, resulte aplicable.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio dos expedientes sancionadores*

Os expedientes sancionadores incoados antes da entrada en vigor desta lei rexeranse pola normativa vixente no momento da súa incoación, agás nos supostos en que os preceptos da presente lei sexan máis favorables para os/as presuntos/as infractores/as tanto no referido á tipificación da infracción como á sanción e aos seus prazos de prescrición, mesmo respecto das sancións pendentes de cumprimento no momento de entrada en vigor desta norma.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio das licenzas municipais, das autorizacións autonómicas e das comunicacións previas*

1. As solicitudes de licenzas municipais e de autorizacións autonómicas en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas presentadas antes da entrada en vigor desta lei tramitaranse e resolveranse de acordo coa normativa vixente no momento de presentación da solicitude. Se a normativa de aplicación recolle requisitos prohibidos segundo o disposto no artigo 10 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, estes non serán tidos en conta polo órgano competente.

2. Non obstante o anterior, a persoa interesada poderá, con anterioridade á resolución, desistir da súa solicitude e optar pola aplicación da nova normativa.

3. As autorizacións e licenzas outorgadas, así como as comunicacións previas presentadas en materia de establecementos abertos ao público, espectáculos públicos e actividades recreativas con anterioridade á entrada en vigor desta lei ao abeiro do disposto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, manterán a súa eficacia, sen prexuízo da aplicación do réxime de intervención previsto na nova redacción dada pola presente lei á Lei 9/2013, do 19 de decembro, no caso de modificacións substanciais, así como de apertura de novos establecementos abertos ao público e de desenvolvemento de novos espectáculos públicos e actividades recreativas con posterioridade á entrada en vigor da presente lei.

Disposición transitoria terceira. *Capitais mínimos das pólizas de seguro de espectáculos públicos e actividades recreativas*

1. Mentres non se produza o desenvolvemento regulamentario previsto no artigo 8, os capitais mínimos que deberán cubrir, no seu conxunto, as pólizas de seguro nel exixidas terán as seguintes contías atendendo á capacidade:

a) Ata 100 persoas: 300.000 euros de capital asegurado.

b) Ata 150 persoas: 400.000 euros de capital asegurado.

c) Ata 300 persoas: 600.000 euros de capital asegurado.

d) Ata 500 persoas: 750.000 euros de capital asegurado.

e) Ata 1.000 persoas: 900.000 euros de capital asegurado.

f) Ata 1.500 persoas: 1.200.000 euros de capital asegurado.

g) Ata 2.500 persoas: 1.600.000 euros de capital asegurado.

h) Ata 5.000 persoas: 2.000.000 euros de capital asegurado.

i) Cando a capacidade sexa superior á mencionada na alínea h), a cantidade mínima de capital asegurado incrementarase en 60.000 euros por cada 1.000 persoas ou fracción de capacidade superior a 5.000 persoas, ata chegar a 6.000.000 euros.

2. As administracións públicas, os seus organismos autónomos, as entidades de dereito público dependentes ou a elas vinculadas e demais entidades integrantes do sector público que organicen espectáculos públicos e actividades recreativas aseguraranos, de conformidade co establecido na normativa específica, tendo en conta que en ningún caso a contía mínima de capital asegurado por este concepto pode ser inferior a 300.000 euros.

3. A realización de espectáculos públicos ou actividades recreativas en espazos abertos ao público, non delimitados e de capacidade indeterminada, nos cales se exixa licenza, declaración responsable ou autorización para a súa celebración, require a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil por unha contía mínima de 600.000 euros de capital asegurado nos casos en que se exixa licenza ou autorización, e de 300.000 euros nos casos en que se exixa declaración responsable.

4. No caso de instalacións ou estruturas eventuais portátiles ou desmontables que se utilicen con ocasión de feiras ou atraccións en espazos abertos ao público, onde a súa capacidade sexa indeterminada, o capital mínimo asegurado será de 150.000 euros por cada instalación ou estrutura, e a persoa propietaria ou arrendataria da instalación quedará obrigada a contratar a póliza de seguro.

5. Se as instalacións ou estruturas do número 4 se utilizan conxuntamente nun espazo delimitado, débese subscribir unha única póliza de seguro conxunta para todas as estruturas ou instalacións, cuxo capital mínimo asegurado deberá ser o correspondente á capacidade do espazo delimitado nos termos establecidos no número 1.

6. O establecido nos puntos anteriores entenderase sen prexuízo do disposto no artigo 8.7.

Disposición transitoria cuarta. *Adaptación das obrigas en materia de seguros*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, os titulares de establecementos abertos ao público que conten con licenza municipal ou que efectuasen a correspondente comunicación previa deberán dar cumprimento ao disposto no artigo 8 e na disposición transitoria terceira en canto ao réxime de seguros. Esta exixencia tamén será aplicable nos supostos de espectáculos públicos e actividades recreativas que estean en funcionamento no momento da entrada en vigor da lei, para o cal disporán igualmente do prazo de seis meses para a súa adaptación.

Disposición transitoria quinta. *Horarios*

Mentres non se aprobe e entre en vigor a orde a que se refire o artigo 17 continuará vixente a Orde do 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, tanto no que atinxe aos horarios de apertura e peche de establecementos, espectáculos públicos e actividades recreativas como á competencia autonómica para a súa alteración nos termos previstos na devandita orde.

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei e nomeadamente:

a) Os artigos 4 e 7 do Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) O Decreto 390/2009, do 24 de setembro, polo que se determina o procedemento aplicable para o exercicio da potestade sancionadora en materia de establecementos e espectáculos públicos.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia*

Modifícase a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, nos seguintes termos:

Un. O artigo 40 queda redactado do seguinte xeito:

"Artigo 40. *Actividades sometidas a declaración responsable*

1. Con carácter xeral, a apertura dos establecementos abertos ao público nos que se desenvolvan espectáculos públicos ou actividades recreativas e a organización de espectáculos públicos e actividades recreativas están sometidas ao réxime de declaración responsable. Porén, por razóns de interese xeral vinculadas á orde, seguridade e saúde públicas e protección do ambiente exixirase a obtención de licenza municipal ou autorización autonómica nos supostos establecidos no seguinte artigo.

2. A declaración responsable deberase presentar nos seguintes termos:

a) Con carácter previo á apertura do establecemento, á organización do espectáculo público ou ao inicio da actividade recreativa, as persoas interesadas deberán presentar unha declaración responsable dirixida ao concello respectivo, coa cal porán en coñecemento da Administración competente os seguintes datos:

1º) Nome, apelidos e enderezo da persoa solicitante e, se é o caso, da persoa que actúe na súa representación.

2º) Tipo de establecemento ou, se é o caso, descrición do espectáculo ou da actividade que se pretende realizar e capacidade.

3º) Localización do establecemento ou espazo aberto ao público e data prevista de apertura do establecemento ou do inicio do espectáculo público ou actividade.

4º) Sinatura da persoa solicitante.

5º) Órgano, centro ou unidade administrativa a que se dirixe.

b) Coa declaración responsable, na cal a persoa interesada manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre todos os requisitos establecidos na normativa vixente para o exercicio da actividade, que dispón da documentación que así o acredita, que a porá á disposición da Administración cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao dito exercicio, deberase achegar, de ser o caso, a documentación que figura a seguir, salvo que esta xa estea en poder ou fose elaborada por calquera Administración, suposto en que se observará o indicado no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

1º) Xustificante de pagamento dos tributos municipais.

2º) A autorización, informe ou declaración ambiental que proceda.

3º) Proxecto e documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade. Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable. O proxecto e a documentación técnica serán redactados e asinados por persoa técnica competente.

4º) Póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e do recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou copia destes.

5º) Documento acreditativo da dispoñibilidade do establecemento ou espazo aberto ao público en calidade de propietarios/as, arrendatarios/as ou en virtude de calquera outro título xurídico.

6º) Se for o caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas nesta lei.

c) Para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas cunha capacidade superior a 500 persoas, será preciso presentar, xunto coa documentación requirida nas letras a) e b), a seguinte:

1º) Dispositivo de asistencia sanitaria, cando sexa exixible de acordo coa normativa aplicable.

2º) Documentación requirida pola normativa sobre ruídos, quecemento, contaminación acústica, residuos e vibracións e, en todo caso, a que determine a normativa sobre prevención e control ambiental segundo corresponda en función das características do establecemento ou espazo aberto ao público e os espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan nel.

3º) Documento acreditativo da designación da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou actividade recreativa aos requisitos exixibles.

4º) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo concello correspondente.

d) Para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que requiran a montaxe de estruturas non permanentes desmontables, será preciso achegar xunto coa documentación requirida nas letras a), b) e, de ser o caso, c) a seguinte documentación:

1º) Documento acreditativo da designación, por quen presente a declaración, da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da montaxe da instalación.

2º) Marcación CE e declaración CE de conformidade das instalacións que correspondan segundo as súas características e certificado da instalación de baixa tensión de conexión coa rede.

3º) Calquera outra documentación que veña exixida pola normativa aplicable.

3. O custo dos informes, certificacións e actas de verificación ou control de funcionamento e de revisión será por conta dos/as solicitantes.

4. Se para o desenvolvemento da actividade é precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentarase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se procede. Logo de rematar a obra, presentarase a declaración responsable para o inicio da actividade.

5. A declaración responsable presentada cumprindo os requisitos habilita para o exercicio da actividade, desenvolvemento do espectáculo ou a apertura do establecemento desde a súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección atribuídas á Administración nos termos previstos nos artigos 28 e 29 desta lei.

6. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore á declaración responsable, así como a non presentación da declaración responsable ou da documentación requirida para acreditar o cumprimento do declarado determinará a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das posibles responsabilidades penais, civís ou administrativas.

A resolución que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao inicio da actividade, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo de entre tres meses e un ano.

7. A persoa titular do establecemento ou organizadora do espectáculo público ou da actividade recreativa deberá comunicar á Administración competente as modificacións non substanciais, no prazo de quince días desde que teñan lugar. Non obstante, no caso de cambio de titularidade, a comunicación, xunto coa documentación acreditativa do cambio e da dispoñibilidade do seguro de responsabilidade civil, deberase efectuar con anterioridade ao desenvolvemento da actividade polo novo titular.

Será necesaria a presentación de declaración responsable nos termos previstos neste precepto no caso de modificación substancial. En todo caso, terán a consideración de modificacións substanciais a modificación da clase de actividade recreativa ou espectáculo público, o cambio de lugar, a realización dunha reforma substancial dos establecementos ou calquera cambio que implique unha variación que afecte a seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento aberto ao público se así é declarado no informe técnico correspondente.

Igualmente, será necesaria a presentación de declaración responsable para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario que se desenvolvan esporadicamente en establecementos abertos ao público, suxeitos ao réxime de declaración responsable, legalmente habilitados para celebrar un espectáculo público ou actividade recreativa distinta da propia do establecemento. Nestes casos, deberase presentar a documentación prevista neste artigo que resulte procedente tendo en conta as características do espectáculo ou actividade de carácter extraordinario. Así mesmo, deberase dispor do seguro previsto na lexislación de espectáculos públicos e actividades recreativas."

Dous. O artigo 41 queda redactado do seguinte xeito:

"Artigo 41. *Actividades sometidas a licenza ou autorización*

En atención á concorrencia de razóns de orde pública, seguridade pública, saúde pública e protección do ambiente, será precisa a obtención de licenza municipal ou autorización autonómica para:

a) A apertura de establecementos abertos ao público cunha capacidade superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.

b) A instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas ao establecemento aberto ao público.

c) A celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario, sempre que requiran de plan de autoprotección ou dun plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial de aplicación.

d) A montaxe de instalacións para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas e a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que deban dispor de plan de autoprotección ou dun plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial de aplicación.

e) A celebración dos espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma, conforme o procedemento que regulamentariamente se estableza.

f) A celebración dos espectáculos e festexos taurinos, que se rexerán pola súa normativa específica.

g) A apertura de establecementos abertos ao público e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas cuxa normativa específica exixa a concesión de licenza ou autorización."

Tres. Engádese un artigo 41 bis coa seguinte redacción:

"Artigo 41 bis. *Actividades exentas de declaración responsable, de licenza municipal e de autorización autonómica*

1. Malia o disposto nos artigos anteriores e agás que as ordenanzas municipais, en supostos excepcionais expresamente xustificados, establezan un réxime de declaración responsable, quedan exentos de declaración responsable, de licenza e de autorización autonómica, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos que sexan aplicables:

a) A apertura de establecementos abertos ao público que sexan de titularidade do propio concello.

b) Os espectáculos públicos e as actividades recreativas organizados polos concellos con motivo de festas e verbenas populares, con independencia da titularidade do establecemento ou espazo aberto ao público onde se leven a cabo.

c) Os espectáculos públicos e as actividades recreativas de interese artístico ou cultural cunha capacidade inferior a 100 persoas, no caso de que se leven a cabo ocasionalmente en establecementos ou espazos abertos ao público, sempre que non requiran a montaxe de instalacións, caso en que será

necesaria a presentación de declaración responsable ou licenza segundo o disposto nos artigos 40 e 42 quinquies.

2. As ordenanzas municipais poderán establecer xustificadamente supostos concretos de espectáculos públicos e actividades recreativas exceptuados do réxime de declaración responsable cando pola súa escasa entidade ou incidencia non sexa precisa a indicada declaración para a protección da orde pública, seguridade pública, saúde pública e o ambiente."

Catro. Engádese un artigo 41 ter coa seguinte redacción:

"Artigo 41 ter. *Modificacións*

1. Quedan suxeitas ao réxime de licenza ou autorización as modificacións substanciais das actividades recreativas e espectáculos públicos e dos establecementos abertos ao público suxeitos a un réxime de licenza ou autorización de acordo co previsto nesta lei. En todo caso, terán a consideración de modificacións substanciais a modificación da clase de actividade recreativa ou espectáculo público, o cambio de lugar, a realización dunha reforma substancial dos establecementos ou calquera cambio que implique unha variación que afecte a seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento aberto ao público se así é declarado no informe técnico correspondente.

2. As modificacións non substanciais deberán ser comunicadas á Administración competente pola persoa titular do establecemento ou organizadora do espectáculo ou actividade, no prazo de quince días desde que teña lugar. Non obstante, no caso de cambio de titularidade, a comunicación, xunto coa documentación acreditativa do cambio e da dispoñibilidade do seguro de responsabilidade civil, deberase efectuar con anterioridade ao desenvolvemento da actividade polo novo titular."

Cinco. O artigo 42 queda redactado como segue:

"Artigo 42. *Tramitación da licenza municipal do artigo 41.1.a)*

1. Con anterioridade á apertura do establecemento aberto ao público, o seu titular deberá presentar a solicitude de licenza dirixida ao concello. A solicitude de licenza terá o seguinte contido:

a) Datos identificativos do/a titular e, de ser o caso, da persoa que actúe na súa representación, con indicación do seu nome e do seu enderezo.
b) Localización do establecemento aberto ao público.

2. Xunto coa solicitude da licenza, deberase presentar a documentación que figura a seguir, salvo que esta xa estea en poder ou fose elaborada por calquera Administración, suposto en que se observará o indicado no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

a) Proxecto técnico, entendido como o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable. O proxecto que se presente incluirá o contido mínimo previsto pola normativa sobre prevención e seguridade en materia de incendios, deberá estar asinado polo/a técnico/a competente e deberá conter os datos e requisitos da normativa específica sobre edificación, prevención e control ambiental que sexan de aplicación aos proxectos construtivos e de actividades.
b) Plan de emerxencia, plan de autoprotección, estudo de impacto acústico e dispositivo de asistencia sanitaria, cando sexan exixibles de acordo coa normativa aplicable e conforme os requisitos que esta dispoña, redactados de conformidade coa normativa vixente e sempre que os seus contidos non se incorporasen ao proxecto técnico a que fai referencia a alínea anterior.
c) Declaración onde se faga constar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou documentación acreditativa da dispoñibilidade daquel.
d) Documentación requirida pola normativa sobre ruídos, quecemento, contaminación acústica, residuos e vibracións e, en todo caso, a que determine a normativa sobre prevención e control ambiental segundo corresponda en función das características do establecemento e das actividades que se van desenvolver nel.
e) Documento acreditativo da designación da persoa que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a

certificación que acredite a adecuación do establecemento á licenza outorgada, en que debe constar o nome, o enderezo e a titulación e habilitación profesional da persoa designada.

f) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo concello competente.

3. O custo dos informes, certificacións e actas de verificación ou control de funcionamento e de revisión será por conta dos/as solicitantes.

4. Unha vez recibida a solicitude de licenza e a documentación anexa, o concello emitirá os informes necesarios que determinen o cumprimento da normativa aplicable e remitirá, cando proceda, esta documentación ás autoridades competentes para que emitan os informes referidos ao cumprimento das exixencias técnicas reguladas segundo a normativa vixente que lle sexa de aplicación, informes que serán vinculantes cando sexan negativos ou establezan condicións de obrigado cumprimento.

5. A tramitación da solicitude de licenza non poderá exceder os tres meses, contados desde a presentación da solicitude e da documentación anexa no concello ata a notificación da resolución municipal. Transcorridos tres meses sen que o concello notifique a resolución á persoa interesada, esta poderá entender estimada por silencio administrativo a súa solicitude.

6. Con carácter previo ao inicio da actividade o titular deberalle efectuar ao concello comunicación en que exprese que cumpre as condicións establecidas na documentación presentada e na licenza.

O concello deberá efectuar visita de comprobación para os efectos de verificar o cumprimento das condicións establecidas na documentación presentada e na licenza e notificar o seu resultado no prazo que se sinale nas ordenanzas locais ou, na súa falta, no prazo máximo dun mes.

O concello notificaralle ao titular o resultado da visita de comprobación e sinalará expresamente se se cumpren os requisitos para o exercicio da actividade e a apertura do establecemento. O incumprimento dos requisitos citados determinará a aplicación do previsto nesta lei en canto á revogación da licenza e ao réxime sancionador, sen prexuízo do disposto na lexislación

urbanística en canto ao restablecemento da legalidade. Serán tamén de aplicación as medidas provisionais previas establecidas na lexislación de espectáculos públicos e actividades recreativas.

A visita de comprobación non será necesaria se se achega certificación dunha entidade de certificación de conformidade municipal (Eccom), de acordo co previsto nesta lei.

7. A licenza de apertura de establecemento aberto ao público fará innecesaria a declaración responsable ou solicitude de licenza respecto dos espectáculos públicos e as actividades recreativas que nel se desenvolvan sempre que estivesen incluídos na solicitude de licenza e documentación presentada con esta.

8. O establecemento quedará suxeito ás potestades municipais de comprobación, control e sanción previstas no artigo 28."

Seis. Engádese un artigo 42 bis coa seguinte redacción:

"Artigo 42 bis. *Licenza en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas e licenza urbanística*

1. Os supostos que exixan licenza en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas e, ademais, licenza urbanística, serán obxecto dunha soa resolución, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas para cada intervención administrativa.

2. A proposta de resolución da solicitude de licenza en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas terá prioridade sobre a correspondente á licenza urbanística. Se procede denegar a primeira, así se lle notificará á persoa interesada e non será necesario resolver sobre a segunda.

3. En cambio, se procede outorgar a licenza en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, o órgano municipal competente pasará a resolver sobre a licenza urbanística, e notificaráselle o pertinente en forma unitaria ao interesado.

4. De acordo co establecido na normativa urbanística, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo licenzas en contra da lexislación ou do planeamento urbanístico."

Sete. Engádese un artigo 42 ter coa seguinte redacción:

"Artigo 42 ter. *Tramitación da licenza municipal do artigo 41.1. b)*

1. Con anterioridade á instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública anexas a establecementos abertos ao público, o/a titular do establecemento deberá presentar unha solicitude de licenza dirixida ao concello. No caso de que a terraza se sitúe en dominio público municipal, a licenza solicitarase conxuntamente coa autorización para a ocupación do dominio público.

A solicitude de licenza terá o seguinte contido:

a) Datos identificativos do/a titular e, de ser o caso, da persoa que actúe na súa representación, con indicación do seu nome e enderezo.

b) Localización do establecemento aberto ao público en que se vai instalar a terraza e descrición das características da terraza.

c) Declaración da persoa titular, onde se faga constar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia para o establecemento e en que estea incluída a terraza, ou documentación acreditativa da dispoñibilidade daquel.

2. Recibida a solicitude de licenza e a documentación anexa, o concello emitirá os informes necesarios que determinen o cumprimento da normativa aplicable.

3. A tramitación da solicitude de licenza non poderá exceder o prazo dun mes, contado desde a presentación da solicitude e da documentación anexa no concello, agás no suposto de que supoña tamén a ocupación do dominio público, en que será de aplicación a normativa específica que estableza outro prazo maior. Transcorrido o dito prazo sen que o concello notifique a resolución á persoa interesada, esta poderá entender estimada por silencio administrativo a súa solicitude en relación coa licenza de actividade.

4. A instalación quedará suxeita ás potestades municipais de comprobación, control e sanción previstas no artigo 28."

Oito. Engádese un artigo 42 quater, coa seguinte redacción:

"Artigo 42 quater. *Tramitación da licenza municipal do artigo 41.1.c)*

1. Con anterioridade á celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario a que se refire o artigo 41.1.c), as persoas titulares ou encargadas da súa organización deberán presentar unha solicitude de licenza dirixida ao concello. A solicitude de licenza terá o seguinte contido:

a) Datos identificativos do/a titular ou de quen organice a actividade e, de ser o caso, da persoa que actúe na súa representación, con indicación do seu nome e enderezo.

b) Localización do establecemento aberto ao público en que se vai desenvolver o espectáculo público ou a actividade recreativa.

2. Xunto coa solicitude da licenza, quen teña a titularidade ou as persoas encargadas da organización deberán presentar a documentación que figura a seguir, salvo que esta xa estea en poder ou fose elaborada por calquera Administración, suposto en que se observará o indicado no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

a) Memoria que defina as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que permita á Administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable. Nela figurarán, en

particular, os seguintes datos: información sobre o tipo de espectáculo, previsión aproximada de asistencia de público e horario da actuación.

b) Plan de emerxencia, plan de autoprotección, estudo de impacto acústico e dispositivo de asistencia sanitaria, que sexan exixibles de acordo coa normativa aplicable e conforme os requisitos que esta dispoña.

c) Declaración da persoa titular, onde se faga constar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou documentación acreditativa da dispoñibilidade daquel.

d) Calquera outra documentación que veña exixida pola normativa aplicable.

3. Recibida a solicitude de licenza e a documentación anexa, o concello emitirá os informes necesarios que determinen o cumprimento da normativa aplicable.

4. A tramitación da solicitude de licenza non poderá exceder un mes, contado desde a presentación da solicitude e da documentación anexa no concello, agás que a normativa específica estableza outro prazo maior. Transcorrido o dito prazo sen que o concello comunique a resolución á persoa interesada, esta poderá entender estimada por silencio administrativo a súa solicitude.

5. O desenvolvemento do espectáculo público ou da actividade recreativa quedará suxeita ás potestades municipais de comprobación, control e sanción previstas no artigo 28."

Nove. Engádese un artigo 42 quinquies coa seguinte redacción:

"Artigo 42 quinquies. *Tramitación da licenza municipal do artigo 41.1. d)*

1. Con anterioridade á montaxe de instalacións para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas e á celebración de espectáculos e actividades segundo o disposto no artigo 41.1.d), os seus titulares ou as persoas encargadas da organización do evento deberán presentar unha solicitude de licenza municipal na cal se indicará o seu nome e enderezo.

2. Xunto coa solicitude da licenza, os titulares das instalacións ou as persoas encargadas da organización do evento deberán presentar a documentación que figura a seguir, salvo que esta xa estea en poder ou fose elaborada por calquera Administración, suposto en que se observará o indicado no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

a) Memoria que defina as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que permita á Administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable. Nela figurarán, en particular, os seguintes datos: información sobre o tipo de espectáculo, localización das instalacións, previsión aproximada de asistencia de público e horario da actuación.

b) Declaración onde se faga constar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou documentación acreditativa da dispoñibilidade daquel.

c) Documento acreditativo da designación, por quen solicite a licenza, da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da montaxe da instalación.

d) Marcación CE e declaración CE de conformidade das instalacións que correspondan segundo as súas características e certificado da instalación de baixa tensión de conexión coa rede.

e) Calquera outra documentación que veña exixida pola normativa aplicable.

3. Recibida a solicitude de licenza e a documentación anexa, o concello emitirá os informes necesarios que determinen o cumprimento da normativa aplicable.

4. A tramitación da solicitude de licenza non poderá exceder os quince días, contados desde a presentación da solicitude e da documentación anexa no concello, agás que a normativa específica estableza outro prazo maior. Transcorrido o dito prazo sen que o concello lle notifique a resolución á persoa interesada, esta poderá entender estimada por silencio administrativo a súa solicitude.

5. A instalación quedará suxeita ás potestades municipais de comprobación, control e sanción previstas no artigo 28."

Dez. Modifícase o artigo 52, que queda redactado nos seguintes termos:

"Artigo 52. *Infraccións moi graves*

Considéranse infraccións moi graves as seguintes:

1. Abrir un establecemento e levar a cabo actividades, ou realizar modificacións, sen efectuar a comunicación previa, sen presentar a declaración responsable a que se refire a presente lei, ou sen dispor das licenzas ou autorizacións oportunas, ou incumprir as súas condicións, se supón un risco grave para as persoas ou os bens.

2. A reapertura de actividades afectadas por resolución firme na vía administrativa de clausura ou suspensión, mentres perdure a vixencia de tales medidas.

3. Incumprir as medidas e condicións de seguridade e hixiene establecidas no ordenamento xurídico, así como aquelas específicas recollidas nas correspondentes comunicacións previas, nas declaracións responsables a que se refire a presente lei, nas licenzas ou nas autorizacións, ou derivadas de inspeccións, cando iso supoña un risco grave para a seguridade das persoas ou bens.

4. O engano ou a falsidade nas comunicacións previas, nas declaracións responsables a que se refire esta lei ou na obtención das correspondentes licenzas ou autorizacións mediante a achega de documentos ou datos.

5. O mal estado dos establecementos, instalacións e servizos que supoña un risco grave para a seguridade das persoas.

6. A expedición de certificados, actas, informes ou ditames cuxo contido non se axuste á realidade dos feitos.

7. A realización de certificacións, verificacións, inspeccións e controis propios das entidades de certificación sen posuír a correspondente autorización en vigor para iso."

Once. Modifícanse os números 1 a 3 do artigo 53, que quedan coa seguinte redacción:

"1. Abrir un establecemento e levar a cabo actividades, ou realizar modificacións, sen efectuar a comunicación previa, sen presentar a declaración responsable a que se refire a presente lei, ou sen dispor das licenzas ou autorizacións oportunas, ou incumprir as súas condicións, se non supón un risco grave para as persoas ou os bens.

2. A inexactitude ou omisión de carácter esencial nos datos obxecto de comunicación previa, da declaración responsable regulada na presente lei, na licenza ou na autorización.

3. Incumprir as medidas e condicións de seguridade e hixiene establecidas na normativa urbanística e de edificación, así como aquelas específicas recollidas na comunicación previa, na declaración responsable a que se refire a presente lei, ou nas correspondentes licenzas ou autorizacións, ou derivadas de inspeccións, cando

iso non supoña un risco grave para a seguridade das persoas ou os bens, e sempre que non sexa constitutivo de infracción moi grave."

Doce. Suprímese o número 1 bis do artigo 53.

Trece. Modifícase o número 2 do artigo 54, que queda coa seguinte redacción:

"2. A inexactitude, falsidade ou omisión en calquera dato ou documento que acompaña ou consta na comunicación previa ou na declaración responsable a que se refire esta lei cando non tivese carácter esencial."

Catorce. Modifícase o artigo 57, que queda coa seguinte redacción:

"Artigo 57. *Competencia para sancionar*

1. Correspóndelle aos concellos a competencia para incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores pola comisión das infraccións previstas na presente lei, salvo as excepcións previstas neste artigo.

2. Correspóndelle á consellería competente en materia de seguridade industrial a competencia para incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores pola comisión das infraccións previstas na presente lei en todo o relativo ás entidades de certificación de conformidade municipal e ás súas actuacións, sen prexuízo de que se poida delegar nos concellos algunha delas.

3. Correspóndelle á consellería competente en materia de espectáculos a competencia para incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores pola comisión das infraccións previstas na presente lei relacionadas cos espectáculos públicos e coas actividades recreativas para cuxa autorización sexa competente a dita consellería de acordo co previsto na normativa de aplicación.

4. Nos termos establecidos nos artigos 3 e 141 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os órganos administrativos de calquera Administración pública deben facilitar ao instrutor do expediente sancionador a documentación necesaria, así como a asistencia que requira para o desenvolvemento da actividade."

Quince. Engádese unha disposición adicional cuarta coa seguinte redacción:

"Disposición adicional cuarta. *Festas e verbenas populares organizadas por agrupacións ou asociacións de veciños ou por comisións de festas*

1. As festas e verbenas populares organizadas por agrupacións ou asociacións de veciños ou por comisións de festas requirirán a presentación dunha declaración responsable dirixida ao concello e formulada polo/s veciño/s representante/s da agrupación, asociación ou comisión na cal se relate o programa das actividades que se van realizar e as súas características. Á declaración deberase xuntar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou documentación acreditativa da dispoñibilidade daquel.

2. Se as actividades prevén a montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable ou a licenza a que se refiren os artigos 40 e 42 quinquies, esta será presentada ou solicitada pola persoa titular da instalación."

Disposición derradeira segunda. *Carácter complementario e adaptación das ordenanzas municipais*

1. As ordenanzas municipais terán carácter complementario do réxime previsto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, para a tramitación da declaración responsable e da licenza municipal.

2. A partir da entrada en vigor desta lei, os concellos disporán dun prazo de dous anos para, de ser o caso, adaptar as ordenanzas municipais ao réxime previsto nela.

Disposición derradeira terceira. *Actualización da contía das sancións*

A contía das sancións económicas previstas nesta lei poderá actualizala o Consello da Xunta conforme os criterios establecidos na normativa de desindexación.

Disposición derradeira cuarta. *Plan de inspección dos espectáculos públicos e actividades recreativas*

1. No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta norma, os concellos deberán aprobar un plan de inspección dos espectáculos públicos e actividades recreativas e dos establecementos abertos ao público, aos cales se outorgue a correspondente licenza municipal ou dos cales se reciba a declaración responsable, segundo o réxime de intervención que resulte aplicable, co obxecto de verificar o cumprimento das condicións sinaladas na documentación presentada e na declaración responsable ou na licenza.

2. O plan de inspección determinará o obxecto, os medios persoais e materiais que serán empregados, os prazos e as condicións en que se deberá realizar a inspección e terá en conta a posible colaboración das entidades de certificación de conformidade municipal.

Disposición derradeira quinta. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario*

Autorízase o Consello da Xunta para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia.*

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia,

Administracións Públicas e Xustiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
16 SET. 2017
Núm. 16667

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
16 SET. 2017
SAIDA
Núm. 7711

XUNTA DE GALICIA

galicia

No artigo 48 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, establécese -no seu primeiro inciso- que a Xunta solicitará anualmente do Parlamento, ao comezo dun dos períodos de sesións, a celebración dun debate de política xeral.

Neste inicio do novo período de sesións, solicito, en nome da Xunta de Galicia, que a celebración dese debate de política xeral teña lugar nunha sesión plenaria no vindeiro mes de Outubro.

Esta sesión tería un único punto na orde do día:

"Comparecencia do Presidente da Xunta para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia".

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2017

O Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

Alfonso Rueda Valenzuela

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 10:14
Nº Rexistro: 16476
Data envío: 14/09/2017 10:14:33.557

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo,** a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 13 de setembro de 2017, sobre o modelo de prevención e extinción de incendios forestais da Xunta de Galiza [doc. núm. 10899 (10/INT-000471)].

MOCIÓN:

O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Acabar coa atomización do dispositivo de prevención e extinción de incendios e retomar o control da lacra dos lumes ao dispositivo do SPDCIF.

2. Mellorar a capacidade de extinción dos medios aéreos apostando por medios con maior capacidade de auga (curiosamente Galiza carece de helicópteros pesados e moi eficaces, con alta estabilidade en condicións de moito vento como, por exemplo, o Kamov que pode descargar ata 5000 litros de auga).

3. Incrementar a vixilancia e disuasión a través de casetas de vixilancia, pechadas a día de hoxe, e volver introducir brigadas de vixilancia móbil no servizo, substituíndo a operación centinela que é un gasto moi importante (aproximadamente 600.000€).

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 10:14
Nº Rexistro: 16476
Data envio: 14/09/2017 10:14:33.557

4. Establecer unha mesa de análise para estudar a nova tipoloxía de lumes moito máis perigosos e complexos, como son os lumes de cuarta e quinta xeración, e lumes de tipo convectivo.

5. Crear protocolos precisos para a actuación deses tipos de lumes, moito máis perigosos e destrutivos.

6. Establecer reténs de bulldozer, tres por provincia, xa que son moi operativos tanto de día como de noite para o control de lumes de alta velocidade de propagación.

7. Aplicar unha formación especifica para os bombeiros forestais de Galiza ante a multiemerxencia das tipoloxías anteriormente especificadas.

8. Modificar o Decreto 37/2006, das listaxes de contratación, eliminando o guión para que as traballadoras e traballadores de tres meses poidan optar a cubrir vacantes e non vacantes.

9. Suprimir, das cláusulas dos contratos, as mencións ou engadidos : “a duración máxima, establécese en tres meses” e a de “apoio á campaña de verán de alto risco”

10. Solicitar a ampliación dos contratos das traballadoras e traballadores de tres a nove meses en base ao capital humano que achegan e a favorecer unha contratación digna.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 10:14
Nº Rexistro: 16476
Data envío: 14/09/2017 10:14:33.557

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 13/09/2017 16:09:38

Paula Quinteiro Araújo na data 13/09/2017 16:09:47

Luis Villares Naveira na data 13/09/2017 16:09:55

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 16632
Data envío: 14/09/2017 18:52:42.620

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **MOCIÓN** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do 13 de setembro de 2017, sobre o Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia [**10/INT-000528 (14385)].**

MOCIÓN

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas:

1. **Retirar o Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008 de Saúde de Galicia.**
2. **Negociar na Mesa Sectorial as retribucións e dereitos conxelados para as e os profesionais do Servizo Galego de Saúde.**
3. **Reverter a supresión das xerencias de atención primaria, así coma as xerencias comarcais, organizándoas de xeito eficiente e permitindo a descentralización da xestión.**

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputada e voceiro do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 16632
Data envio: 14/09/2017 18:52:42.620

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 14/09/2017 18:51:42

Luis Villares Naveira na data 14/09/2017 18:51:53

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2017 16:51
Nº Rexistro: 16666
Data envío: 15/09/2017 16:51:43.713

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 12 de setembro de 2017 sobre a reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (doc. núm. 13965).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1ª) Retirar o Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008 do 10 de xullo de saúde de Galicia.

2ª) Conformación dun grupo de traballo con representación das organizacións políticas, sindicais, profesionais e xuntas de persoal dos hospitais, que evalúe a prestación de servizos nos hospitais comarcais, estableza as prioridades con atención ás necesidades sanitarias da poboación e elabore un informe público que permita encarar as posibilidades futuras de reforma do mapa sanitario.

Pazo do Parlamento, 15 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/09/2017 16:36:04

Julio Torrado Quintela na data 15/09/2017 16:35:46

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 11:25
Nº Rexistro: 15806
Data envío: 08/09/2017 11:25:32.609

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pazo de Xelmirez acolle agora a exposición "Mestre Mateo" que o pasado novembro se inaugurou no Museo do Prado de Madrid e que reuniu por vez primeira un singular conxunto de esculturas do xenial artista ao que se lle dedicou o primeiro Día das Artes Galegas, autor, entre outras obras, do Pórtico da Gloria da Catedral, considerado un dos tesouros da historia da arte universal.

Nas pezas que se expoñen atópanse dúas obras que no seu tempo pertenceron ao propio Pórtico da Gloria e que o Mestre Mateo creou, polo tanto, para a Catedral de Santiago. Trátase das imaxes de Abrahán/Xeremías e Isaac/Ezequiel que en 1948 foron mercadas polo Concello de Santiago ao conde de Ximonde por 60.000 pesetas, coa condición de que estas non abandonasen a capital da Galiza, mais que de maneira totalmente irregular e sen se coñeceren os

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 11:25
Nº Rexistro: 15806
Data envío: 08/09/2017 11:25:32.609

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

procedementos empregados obran no poder da familia de Francisco Franco e non están en Compostela senón no Pazo de Cornide, na Coruña.

En 2012, con motivo da exposición Domus Iacobi que conmemoraba o 800 aniversario da Catedral na que se mostraban as dúas esculturas, o grupo municipal do BNG de Compostela rexistrara xa unha pregunta ao goberno municipal sobre a existencia dalgún documento que dera conta da cesión das esculturas á familia Franco e, no caso de non existir, reclamaba o inicio de accións para recuperar as valiosas tallas de Mestre Mateo. A representante do goberno do PP respondía entón que consultados distintos departamentos non constaba ningún documento que acreditase a cesión.

A iniciativa chegaba ao concello despois de que a Asociación *O Sorriso de Daniel* iniciara unha campaña encamiñada a recuperar as dúas tallas pétreas para o patrimonio público co obxectivo tamén de reagrupar o patrimonio Mateano. Catro anos despois, as esculturas volven saír ao espazo público con motivo da exposición do Mestre Mateo, primeiro no Prado e logo no Pazo de Xelmirez, mais continúa sen ver á luz ningún documento que explique por que dúas xoias artísticas que foron mercadas para integrar o patrimonio do Concello de Santiago están en dominio privado da familia Franco na Casa de Cornide da Coruña.

Para o BNG a cuestión é de extrema gravidade e require unha acción firme por parte da Xunta de Galiza como institución que ten as máximas competencias en materia de patrimonio cultural.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 11:25
Nº Rexistro: 15806
Data envío: 08/09/2017 11:25:32.609

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a

1. Colaborar co Concello de Santiago para recuperar para o patrimonio público as esculturas do Pórtico da Gloria que actualmente forman parte da exposición Mestre Mateo e que foron expoliadas pola familia do ditador Francisco Franco.

2. Iniciar, con carácter de urxencia, o procedemento para a declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) das dúas esculturas."

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 11:25
Nº Rexistro: 15806
Data envio: 08/09/2017 11:25:32.609

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 08/09/2017 11:19:24

María Montserrat Prado Cores na data 08/09/2017 11:19:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/09/2017 11:19:32

Olalla Rodil Fernández na data 08/09/2017 11:19:34

Noa Presas Bergantiños na data 08/09/2017 11:19:36

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2017 11:19:44

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 11:34
Nº Rexistro: 15815
Data envío: 08/09/2017 11:34:08.178

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Actualmente, parte da vía férrea entre Arcade, á altura da ponte sobre o río Verdugo, e a estación de Pontevedra deixou de ter uso para o transporte ferroviario de pasaxeiros e mercadorías. Concretamente, o treito entre Arcade e Figueirido presenta un estado de grave abandono e nalgúns puntos está completamente invadido pola maleza.

2. A transformación desta antiga vía nunha senda verde para uso peonil e ciclista permitiría crear unha nova infraestrutura de aproximadamente 10 km, aproveitando o trazado da vía férrea agora en desuso. No caso do treito entre Arcade e Figueirido, o aproveitamento do antigo trazado sería doado xa que discorre completamente separado do novo trazado do TAV. No caso do treito Figueirido-Pontevedra caben dúas opcións: transformar en vía verde a antiga vía férrea, ou aproveitar as vías de servizo paralelas ao trazado do Tren de Alta Velocidade.

Conseguiríase así unha nova infraestrutura con grandes potencialidades para

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 11:34
Nº Rexistro: 15815
Data envío: 08/09/2017 11:34:08.178

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- a mobilidade peonil e ciclista entre Arcade e Pontevedra, como alternativa segura, saudábel e sustentábel á do tráfico a motor; co desdobramento da Avda. de Vigo permitiría chegar desde Arcade até o parque de Campolongo nun percorrido duns 10 km

-o uso recreativo pola posibilidade de conectar con unha senda peonil a cidade de Pontevedra, o ENIL do río dos Gafos-Tomeza, as salinas de Vilaboa, a illa da Insuiña, Ponte Sampaio e o paseo marítimo de Arcade

-O uso turístico dunha vía verde de 10 km cun trazado paralelo ao camiño portugués a Compostela e que segue en grande parte do seu percorrido a traza da Vía Romana XIX.

3. A transformación da vía férrea en vía verde tería un custo non moi elevado e un impacto moi positivo para a mobilidade e para a promoción turística da comarca, pola beleza e interese dos espazos culturais e naturais que atravesa e cos que sería necesario e doado conectala:

- ENIL do río dos Gafos-Tomeza,

- Vía Romana XIX e Camiño Portugués,

- Salinas de Vilaboa e CEPA da Enseada de San Simón,

- Illa da Insuiña ou de Medal en Ponte Sampaio e Ponte Medieval de Ponte Sampaio,

- Pontes do Ferrocarril entre Arcade e Ponte Sampaio, fábrica da Pontesa, Illa do Castelo de Ponte Sampaio...

4. Aínda que desde fai xa case tres anos varias entidades e institucións de Pontevedra, Vilaboa e Soutomaior manifestaron o seu apoio a esta iniciativa, o

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 11:34
Nº Rexistro: 15815
Data envío: 08/09/2017 11:34:08.178

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ministerio de Fomento non amosou ningunha receptividade nin deu ningún paso adiante para facela efectiva.

En consecuencia, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a

1. Solicitar ao Ministerio de Fomento a reconversión en vía verde para uso peonil e ciclista dos treitos da antiga vía férrea entre Pontevedra e Arcade actualmente en desuso.

2. Colaborar cos concellos de Pontevedra, Soutomaior e Vilaboa, e coa deputación de Pontevedra, na redacción dun proxecto construtivo e no estudo dunha estrutura administrativa para a xestión e conservación desta vía que discorre polos tres concellos citados."

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 11:34
Nº Rexistro: 15815
Data envio: 08/09/2017 11:34:08.178

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 08/09/2017 11:33:05

María Montserrat Prado Cores na data 08/09/2017 11:33:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/09/2017 11:33:13

Olalla Rodil Fernández na data 08/09/2017 11:33:15

Noa Presas Bergantiños na data 08/09/2017 11:33:16

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2017 11:33:21

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:10
Nº Rexistro: 15835
Data envío: 08/09/2017 12:10:43.909

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos.

No ano 2016 suicidáronse en Galicia un 7% máis de persoas que no ano 2015, o que supón unha taxa de 12,69 mortes por cada 100.000 habitantes, moi superior á media española de 7,76. Son datos alarmantes que, por desgraza, non están a recibir a atención que merecen por parte das institucións. Dende o ano 2008, o número de suicidios supera o de mortes en accidente de tráfico, chegando os últimos anos a duplicalo (en 2014 morreron en Galicia 181 persoas en accidente de tráfico e 371 a causa dos suicidios). Non obstante, as institucións galegas e do Estado non desenvolveron medidas de concienciación e prevención para evitar os suicidios como si se fixo para acabar coas mortes na estrada. Como consecuencia, os suicidios continúan aumentando, chegando a constituír un gravísimo problema de saúde pública.

O incremento dos suicidios é en gran medida un síntoma da dor inmensa que experimenta a sociedade con motivo da crise. Un suicidio non é nunca un asunto privado, senón que responde a cuestións estruturais que son, por definición, políticas. Así, durante os anos máis duros da crise, no período comprendido entre 2007 e 2014, España foi vítima dun aumento dos suicidios do 20%, o que se traduce na tráxica morte de 3.910 persoas. Obsérvase, ademais, que un dos maiores incrementos prodúcese na franxa de idade que está ao redor dos 50 anos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:10
Nº Rexistro: 15835
Data envio: 08/09/2017 12:10:43.909

(un 38%) que coincide precisamente cun dos grupos de poboación máis castigados pola ausencia de emprego e a precariedade.

No caso de Galicia, o ano pasado atopamos a maior diferenza co resto do Estado precisamente nos homes de mediana idade e, polo tanto, en idade de traballar e de formar parte activa da sociedade. Entre os 40 e os 49 anos a taxa de suicidios en Galicia foi de 15 persoas por cada 100.000 habitantes; se nos centramos só nos homes, que presentan unha maior mortaldade por suicidio que as mulleres, a cifra e de 25 por cada 100.000. No resto do Estado, a taxa e de 10 persoas (15 varóns) por cada 100.000.

É inevitable preguntarse cantas desas mortes non se terían producido se se garantiran as condicións materiais mínimas para unha vida digna.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de Lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Abrir o Plan Galego de Prevención de Suicidios a debate mediante un proceso participativo coas e cos profesionais.

- Dotar o Plan Galego de Prevención de Suicidios dun compromiso orzamentario que permita levalo a cabo.

- Dotar o Plan Galego de Prevención dos Suicidios dos recursos de persoal necesarios para o seu desenvolvemento, fixando responsables encargados da implantación, execución e avaliación.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:10
Nº Rexistro: 15835
Data envío: 08/09/2017 12:10:43.909

- Levar a cabo un programa de formación dirixido aos profesionais da sanidade para mellorar a detección e o tratamento temperán dos factores que inciden no suicidio, sobre todo nos grupos de risco.

- Fixar un cronograma para a súa implantación e avaliación.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández, Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira, Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 08/09/2017 12:02:34

Luis Villares Naveira na data 08/09/2017 12:02:41

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:25
Nº Rexistro: 15846
Data envío: 08/09/2017 12:25:53.936

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**,**Luis Bará Torres**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Continúa na mente de todos/as nós o inferno de Leiría como mostra de que en cuestión de lumes forestais nunca está todo dito. É este lume unha pavorosa mostra diso que se chaman lumes de nova xeración.

Os incendios que viña habendo en Galicia tiñan unha velocidade media de propagación duns 10m./minuto, é dicir, nunha hora avanzaban, máis menos, 600metros. Un medio de extinción normal tanto helicóptero como terrestre é capaz de conter e domear este incendio nun período de tempo razonable.

O lume de Leiría avanzaba 55m./minuto, e isto é serio, nunha hora 3,5Km. en todas direccións. Lume convectivo. Non hai medio que sexa quen de atallalo.

As condicións climáticas teñen unha incidencia cada vez máis importante. Diminución da humidade relativa durante máis tempo ó ano, menor humidade do combustible e polo tanto máis combustible exposto ó quentamento.

Co abandono do rural non se cultiva arredor dos núcleos de poboación por tanto as franxas de protección naturais desaparecen.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:25
Nº Rexistro: 15846
Data envio: 08/09/2017 12:25:53.936

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A potencia dos medios de extinción aéreos diminuíu porque os helicópteros teñen cada vez menos carga de auga. De 1.500 litros que levaban nos anos 90 a 1.200 ou 1.000 litros que levan agora.

Nos anos 90 co PP e co Bipartito contratábanse helicópteros de alta potencia ascensional SOKOL, que levaban 1.500 litros de auga.

Os incendios de nova xeración vense agravados cando o vento nordés persistente impide que os helicópteros lixeiros poidan actuaren con normalidade. É aquí onde se botan en falta os de gran potencia ascensional, que son sensiblemente máis caros, pero tamén moito máis eficaces.

Curiosamente os pregos de condicións actualmente limitan a carga de auga a 1.200 litros porque as empresas que se presentan non dispoñen de Sokol ou similares, é dicir os pregos de condicións adáptanse ás empresas.

Había lumes de terceira xeración ata os anos noventa. Os lumes de cuarta xeración, os chamados **interface**, xeran dúas emerxencias unha multiemerxencia con afectacións tanto a vivendas como a persoas e como por suposto ó medio, podendo enxendrar situacións de atrapamento con risco para as vidas humana.

A dirección dun incendio forestal en terra está nas mans dun funcionario da Xunta de Galicia xa sexa técnico ou axente forestal, pero curiosamente a coordinación dos medios aéreos diríxea persoal da empresa privada, esta condición está expresa no prego de condicións. Só é entendible desde o punto de vista económico da empresa e nunca desde a efectividade na extinción.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:25
Nº Rexistro: 15846
Data envío: 08/09/2017 12:25:53.936

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentario do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Que se adecúen os medios aéreos á nova tipoloxía de incendios, observando as necesidades de que sexan quen de actuaren en condicións ventosas e con cargas de auga superiores ás actuais.

-Dispoñer que a coordinación dos medios aéreos sexa pública, dun funcionario ou axente por parte da Xunta.

-Introducir ou continuar coa medida de tres tilldozers de retén por provincia."

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:25
Nº Rexistro: 15846
Data envio: 08/09/2017 12:25:53.936

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/09/2017 12:24:21

María Montserrat Prado Cores na data 08/09/2017 12:24:33

Olalla Rodil Fernández na data 08/09/2017 12:24:36

Noa Presas Bergantiños na data 08/09/2017 12:24:38

Xosé Luis Bará Torres na data 08/09/2017 12:24:39

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2017 12:24:46

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:54
Nº Rexistro: 15853
Data envío: 08/09/2017 12:54:09.723

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ata os anos noventa, noventa e pouco, a maioría dos lumes, aínda que con complicacións diversas, eran controlables, debido a catro razóns fundamentais:

1- *Porque as dispersas entidades de poboación non había que protexelas porque xa o estaban pola actividade agrícola, polo tanto a actividade do Spdcif era máis ofensiva que defensiva.*

2- *As masas forestais non tiñan o volume actual e debido ó abandono do rural, a carga de combustible é hoxe moi superior á dos anos noventa.*

3- *O cambio climático, con temperaturas máis altas, humidades relativas máis baixas, unhas secas continuadas e cada vez máis frecuentes olas de calor.*

4- *A atomización do Servizo de Extinción de Incendios, baixo a responsabilidade da Xunta de Galicia, coa continua perda de peso neste do Spdcif afecta gravemente á eficacia.*

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:54
Nº Rexistro: 15853
Data envio: 08/09/2017 12:54:09.723

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No incendio de Verín deste ano disponse de toda a potencia aérea de Galicia. No ocorrido en 2005 había moitos incendios simultáneos, había menos potencia de auga e, sen embargo, desta vez o lume avanzou máis ca daquela.

Entre outras aí van algunhas razóns:

--Este é un lume de cuarta xeración: caos urbanístico nas novas construcións residenciais no rural, o abandono do rural, a meteoroloxía e a tipoloxía do combustible.

--Menos eficacia dos medios aéreos, con helicópteros de menor potencia e cada vez menos carga de auga. De 1.500litros que levaban nos anos 90 pasamos a 1.200 ou 1.000 litros que levan agora...

--Hai unha manifesta perda de eficacia, a pesar de que os lumes están diminuíndo en número, veñen sendo máis virulentos.

--Atomización do dispositivo con diferentes procedencias das cuadrillas con heteroxénea formación, cando a hai. Estase metendo no monte xente pouco preparada.

Todo indica que nestes momentos faise necesaria unha seria reflexión, con participación de tódolos elementos que actúan no servizo de prevención e extinción, do que facer e como facer fronte ó reto dos lumes de interface e de quinta xeración.

O dramático aviso que nos deu o lume de Leiría debe facer reflexionar cabalmente sobre estes mencionados lumes e analizalos en tempo deseñando estratexias que eviten a improvisación e ineficacia.

Aquí ninguén se sentou nunha mesa para analizar como se traballa nun lume de tipo convectivo coma o de Leiría, como se traballa nun lume de cuarta ou quinta xeración e como se combina coa garda civil, bombeiros urbanos...

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:54
Nº Rexistro: 15853
Data envio: 08/09/2017 12:54:09.723

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente este Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ó goberno galego a crear un organismo que conte coa participación activa dos diversos colectivos que forman parte de todo o aparello que intervén no dispositivo de prevención e extinción para xuntos analiza-los lumes de cuarta e quinta xeración e estableceren os protocolos de actuación idóneos e acometeren a adecuación dos medios humanos e materiais ós mesmos."

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:54
Nº Rexistro: 15853
Data envio: 08/09/2017 12:54:09.723

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/09/2017 12:52:00

María Montserrat Prado Cores na data 08/09/2017 12:52:05

Olalla Rodil Fernández na data 08/09/2017 12:52:09

Noa Presas Bergantiños na data 08/09/2017 12:52:11

Xosé Luis Bará Torres na data 08/09/2017 12:52:12

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2017 12:52:20

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15886
Data envío: 08/09/2017 14:58:44.397

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa do seus deputado **Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo**, a través do seu voceiro Luís Villares Naveira e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, sobre a desatención, por parte da Xunta, á produtores de gando extensivo, castaña, apicultura e cereal afectados pola seca e as xeadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 7 o Goberno galego aprobou unha liña de axudas dotada de 1,5 millóns de euros para sufragar os custes derivados da contratación de créditos por agricultores afectados polos danos nos seus cultivos ocasionados por diversos fenómenos meteorolóxicos.

A Xunta impuxo como condición que a contía mínima dos créditos, que deben subscribir por explotación, é de 3.000 euros, para cubrir necesidades de circulante ou para refinanciar a débeda.

Este anuncio non soluciona a problemática á que se enfrontan estes agricultores, polo que estes xoves, preto de 200 agricultores da comarca de Viana e A Agudiña se manifestaban nunha tractorada de protesta, para pedir medidas ao respecto, como axudas directas (non créditos para financiar os intereses) para paliar a perda de produción e denunciar a falta de solucións por parte da Consellería de Medio Rural.

Desde En Marea observase con preocupación como os produtores e produtoras de gando extensivo, castaña, apicultores e apicultoras, etc. están sufrindo graves perdas de produción polas xeadas e a seca, ademais de ter que alimentar ao gando

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15886
Data envio: 08/09/2017 14:58:44.397

coas reservas para o inverno, non ter mel, que os castaños estean secos... con todo o que elo supón). A falta de choiva e de auga xa fixo que se activara a alerta por pre-seca fai moitos meses, e sen embargo, desde a Consellería de Medio Rural non se tomou ningunha medida ao respecto en previsión de que a situación podía complicarse.

Na "lexislatura do rural", moitos mozos e mozas emprendedores fixeron grandes inversións, e agora vense abandonados/as: o seu medio de vida está morrendo e non se lles escoita nin se lle propoñen solucións.

A montaña do oriente ourensán tamén é Galiza, por iso, non son poucos os agricultores que reclaman que a Conselleira de Medio Rural vaia coñecer a zona onde viven, onde traballan, etc. para ver o problema en primeira persoa.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Que a Conselleira de Medio Rural se reúna de forma urxente cos/as afectados/as para escoitar as súas problemáticas.

2. Dotar unha partida orzamentaria para dar axudas directas as/os afectadas/dos.

Santiago de Compostela, a 8 de setembro de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Luís Villares Naveira

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15886
Data envío: 08/09/2017 14:58:44.397

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Depudas e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 08/09/2017 14:56:33

Paula Quinteiro Araújo na data 08/09/2017 14:56:47

Luis Villares Naveira na data 08/09/2017 14:56:55

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15891
Data envío: 08/09/2017 16:19:27.747

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

En España, en 1993, existían máis de 7.600 quilómetros de liñas de ferrocarril que xa non tiñan servizo ou que nunca chegaron a telo. Estas liñas de ferrocarril en desuso constitúen un patrimonio de gran valor histórico e cultural que ofrece un enorme potencial para desenvolver iniciativas de reutilización con fins ecoturísticos (cicloturistas, camiñantes) e de deportes ao aire libre, acordes ás novas demandas sociais.

O trazado destas vías, con pendentes sempre suaves e con curvas amplas, permite ofertar alternativas de ocio accesible ás persoas con mobilidade reducida, procurando a accesibilidade universal.

Outra das características salientables é a seguridade que ofrecen ao estaren afastadas das estradas, eliminando os riscos por accidentes de tráfico aos que están expostos, tanto as persoas ciclistas como as camiñantes.

En España, existen máis de 2.500 quilómetros de infraestruturas ferroviarias en desuso que se teñen convertido en itinerarios cicloturistas e de sendeiristas con resultados moi salientables.

Este concepto de Vía Verde comprende, non só o acondicionamento do trazado ferroviario, senón tamén a instalación de servizos e equipamentos complementarios: restauración, aloxamento, aluguer de bicicletas e cabalos, cursos de actividades ao aire libre, ecomuseos, etc; sempre que sexa posible, nas antigas estacións de ferrocarril, que poden ser rehabilitadas para este fin, potenciando, novos recursos turísticos en zonas rurais, coa conseguinte creación de emprego e a dinamización económica do medio rural, apostando pola mellora da calidade de vida da cidadanía e do desenvolvemento sostible.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15891
Data envío: 08/09/2017 16:19:27.747

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Entre os concellos de Santiago de Compostela, Ordes, Oroso, Tordoia e Cerceda existe unha liña de ferrocarril en desuso de 36,5 Km, das que o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) xa adquiriu o compromiso de poñer a disposición dos concellos pola que transcorre e a súa transformación nunha senda verde.

Con este motivo, os alcaldes dos concellos de Santiago de Compostela, Ordes, Oroso, Tordoia e Cerceda asinaron un protocolo de actuación para a creación, xestión, explotación e mantemento da vía verde que discorre polos ditos concellos e a Deputación da Coruña financiará a redacción do dito proxecto.

Á vista destes datos o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1º) Colaborar con estes cinco concellos no acondicionamento da Vía Verde.

2º) Publicitar e promover o uso desta vía verde.

3º) Elaborar un estudo sobre as vías en desuso que son susceptibles de converterse en vías verdes.

4º) Establecer contactos co Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF), co fin de colaborar na consecución de vías verdes no noso territorio.

Pazo do Parlamento, 8 de setembro de 2017

mo

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15891
Data envío: 08/09/2017 16:19:27.747

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/09/2017 16:04:14

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 08/09/2017 16:04:25

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/09/2017 16:04:40

Raúl Fernández Fernández na data 08/09/2017 16:04:49

María Luisa Pierres López na data 08/09/2017 16:04:59

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/09/2017 16:05:20

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 10:47
Nº Rexistro: 15946
Data envío: 11/09/2017 10:47:53.402

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á participación da Xunta de Galiza no patrocinio de actividades deportivas que discriminan ás mulleres.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza é patrocinadora da segunda edición da competición de descenso urbán *Pulpo Extreme* a celebrar en Ourense na primeira quincena de setembro, que tamén promocionan o Concello de Ourense, coordinador da organización.

Na súa edición do ano 2017 existe unha categoría masculina, despois reconvertida a xeral, e unha feminina con diversos premios. Máis concretamente puidemos observar como o primeiro, segundo e terceiro premio masculino tiñan 1000, 500 e 300 euros respectivamente, o equivalente da categoría feminina 300, 150 e 50 euros, o que constitúe un auténtico agravio.

O decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 10:47
Nº Rexistro: 15946
Data envío: 11/09/2017 10:47:53.402

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

materia de igualdade recolle entre os principios de actuación desta, entre outras, "a busca e a eliminación absoluta das discriminacións por razóns de sexo, sexan directas ou indirectas e a integración da dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na elaboración, execución e seguimento de todas as accións desenvolvidas polo sector público autonómico no exercicio das súas competencias". Así mesmo, a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes recolle o deporte como un dos ámbitos no que a ordenación das políticas públicas debe integrar a óptica da igualdade e a perspectiva de xénero.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que a existencia deste agravio comparativo entre os premios do Pulpo Extreme é unha discriminación para todas as mulleres e que as administración públicas galegas non poden ser cómplices empregando diñeiro e medios públicos. Independentemente da saída buscada para que a categoría masculina fora reconvertida a xeral, continúa a ser unha discriminación a existencia dunha categoría feminina con premios tan inferiores. A igualdade non se consigue con permitir a participación, senón con que esta sexa en igualdade de condicións. Polo tanto, a Xunta de Galiza debe interceder para que isto non se volva repetir ou retirar o seu patrocinio se así é. Do contrario, estará incumprindo a súa propia lei de igualdade e contradicindo o interese xeral que debe salvagardar calquera uso dos recursos públicos dos galegos e galegas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 10:47
Nº Rexistro: 15946
Data envío: 11/09/2017 10:47:53.402

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a levar a cabo as actuacións necesarias para que na vindeira edición da competición Pulpo Extreme non se discrimine ás participantes da categoría feminina nas contías dos premios, retirando o seu patrocinio no caso de que así sexa."

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 10:47
Nº Rexistro: 15946
Data envio: 11/09/2017 10:47:53.402

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2017 10:43:50

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2017 10:43:55

Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2017 10:43:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/09/2017 10:44:02

María Montserrat Prado Cores na data 11/09/2017 10:44:06

Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2017 10:47:39

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 15958
Data envío: 11/09/2017 12:15:01.204

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A autovía AG 57 é un vial de 22,6 km que comunica o Val Miñor (concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar) con Vigo, o resto de Galiza e Portugal. Na práctica funciona como unha circunvalación dos citados concellos e como unha alternativa para evitar a conxestión e o elevado tráfico na estrada Vigo-Baiona, unha via na que se producen importantes retencións, sobre todo no verán, principalmente na zona da Ramallosa, principal nó de conexión dos tres concellos.

2. A autovía AG 57 é unha vía de peaxe, con unha concesión que remata en 2015, e que xestiona o grupo Itínere. Esta situación supón unha discriminación para as persoas que residen no Val Miñor e as que de desprazan a esta comarca posto que outras zonas do país con carcacterísticas similares (Baixo Miño, O Morrazo, O Barbanza) teñen autovías libres de peaxe.

3. 3. A supresión da peaxe nesta autovía é unha demanda social e institucional que conta con amplo respaldo na comarca, incluindo o apoio dos plenos dos concellos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 15958
Data envio: 11/09/2017 12:15:01.204

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A eliminación da citada peaxe tería importantes repercusións positivas para o Val Miñor

- Mellora da mobilidade xeral na comarca, desconxestionando a estrada Vigo Baiona, e eliminando tráfico de paso polos núcleos urbanos.

- Mellora da conectividade e competitividade dos parques empresariais da Pasaxe-Vincios (Gondomar), de Molle (Nigrán) e tamén co parque tecnolóxico loxístico de Valadares (Vigo).

- Conexión directa, rápida e gratuíta co hospital de referencia da comarca, o Álvaro Cunqueiro, e con outros equipamentos administrativos e de servizos.

Polo anteriomente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a

1. Realizar un estudo para avaliar a posibilidade de rescate da concesión da autovía AG 57.

2. Iniciar os trámites para a supresión da peaxe na autovía AG 57."

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 15958
Data envio: 11/09/2017 12:15:01.204

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2017 11:15:36

María Montserrat Prado Cores na data 11/09/2017 11:15:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/09/2017 11:15:45

Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2017 11:15:46

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2017 11:15:48

Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2017 11:15:56

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 12:13
Nº Rexistro: 16535
Data envio: 14/09/2017 12:13:34.830

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, presentan a seguinte **corrección de erros** nas proposicións non de lei con número de rexistro **15957** e **15958**.

Na exposición de motivos no segundo parágrafo onde di:

"unha concesión que remata en 2015"

Debe dicir:

"unha concesión que remata en 2045"

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 12:13
Nº Rexistro: 16535
Data envio: 14/09/2017 12:13:34.830

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 14/09/2017 12:10:59

María Montserrat Prado Cores na data 14/09/2017 12:11:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/09/2017 12:11:08

Olalla Rodil Fernández na data 14/09/2017 12:11:09

Noa Presas Bergantiños na data 14/09/2017 12:11:10

Ana Pontón Mondelo na data 14/09/2017 12:11:18

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:25
Nº Rexistro: 15965
Data envío: 11/09/2017 12:25:08.571

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Partido dos Socialistas de Galicia

Dende o día 4 de setembro, os examinadores de tráfico están indefinidamente en folga, dereito fundamental recoñecido no artigo 28 da Constitución española.

A situación de desamparo dos examinadores por parte da Dirección Xeral chegou a límites insoportables, e por iso a folga indefinida. Os feitos obxectivos que ocorreron dende o pasado 19 de xuño, cando comezou a folga, foron só dúas reunións mantidas co Comité de Folga, nas que o director xeral amosou a súa incapacidade á hora de xestionar o conflito laboral que ten na súa Dirección Xeral. O curioso é que el mesmo recoñecera que estas reivindicacións eran xustas e ata chegara hai dous anos a un acordo cos examinadores para, entre outras cousas, subirlles o salario mediante un complemento específico, dado que se trata de postos desincentivados e pouco atractivos. Tanto é así que practicamente ninguén solicita este destino.

Quizais sexa que na intención da Dirección Xeral de Tráfico se estea a privatizar un servizo que resultaría moi rendible para a CNAE, tendo en conta que as taxas recadadas no ano 2016 ascenderon a 114,4 millóns de euros.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que cumpra inmediatamente o compromiso adquirido en 2015 de aumentar o complemento específico aos funcionarios examinadores de Tráfico, e restaure inmediatamente o servizo de exames.

Pazo do Parlamento, 11 de setembro de 2017

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:25
Nº Rexistro: 15965
Data envío: 11/09/2017 12:25:08.571

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/09/2017 12:21:53

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 11/09/2017 12:22:00

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/09/2017 12:22:14

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/09/2017 12:22:19

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:27
Nº Rexistro: 15976
Data envío: 11/09/2017 12:27:42.995

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás inscricións franquistas que aínda permanecen nas fachadas das igrexas católicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Malia a aprobación en 2007 da chamada Lei de memoria histórica, pasan os anos e seguen visibles inscricións franquistas na fachada da igrexa ex Colexiata de Santiago de Cangas. A retirada desta simboloxía antidemocrática é unha vella demanda social e política do concello de Cangas.

A *Asociación Cultural Memoria Histórica 28 de Agosto de Cangas*, colectivos e particulares, teñen exposto repetidas veces a necesidade de tratar de consensuar e dar unha solución a este tema que ten que ver co respecto aos valores democráticos. Os restos desa homenaxe ao réxime franquista e que resultan agresivos para a sociedade en xeral deberíanse de retirar definitivamente das paredes da igrexa parroquial.

O Concello de Cangas, a través das súas autoridades políticas, téñense posto en contacto varias veces co Arcebispado de Santiago, por pertencer este ámbito territorial á nomeada diócese, trasladando acordos plenarios neste sentido. Todos os intentos de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:27
Nº Rexistro: 15976
Data envio: 11/09/2017 12:27:42.995

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xestionar unha saída consensuada foron negativos, incluso asumindo o propio Concello a pertinente actuación.

2. O mantemento da simboloxía franquista na parede sur exterior da igrexa parroquial de Cangas constitúe un atentado contra os valores democráticos e unha ofensa á memoria das vítimas do franquismo.

Este tipo de inscricións, que aínda permanecen nas fachadas de moitas igrexas galegas, teñen un significado estritamente político –o aliñamento da igrexa co levantamento militar fascista e as súas dramáticas consecuencias-, sen ningún contido relixioso.

A pervivencia deste tipo de símbolos poñen de manifesto a continuidade do franquismo na nosa sociedade, e tamén as actitudes de complicidade, connivencia ou de pasividade que o permiten.

3. Por as razón citadas anteriormente non fosen motivo suficiente que xustifica a retirada dos citados símbolos, hai que facer notar que ademais dun atentado contra a democracia son tamén unha escandalosa agresión contra o patrimonio cultural posto que a cruz, as letras e outros elementos foron adheridos á pedra con cemento.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:27
Nº Rexistro: 15976
Data envio: 11/09/2017 12:27:42.995

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Negociar co arcebispado de Santiago, no marco da comisión mixta Xunta-Igrexa Católica, a retirada da inscrición franquista da igrexa de Santiago de Cangas antes de finais do ano 2017.

2. Estender esta negociación a outras inscricións similares que aínda permanecen nas fachadas das igrexas, co obxecto de que se retiren no prazo máis breve posíbel.

3. No caso de que a Igrexa Católica non amose disposición a colaborar, iniciar os correspondentes expedientes para ordenar a retirada das citadas inscricións, considerando a súa dobre condición de símbolos de exaltación do franquismo e de atentados contra o patrimonio."

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:27
Nº Rexistro: 15976
Data envío: 11/09/2017 12:27:42.995

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2017 12:26:27

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2017 12:26:31

María Montserrat Prado Cores na data 11/09/2017 12:26:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/09/2017 12:26:36

Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2017 12:26:40

Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2017 12:26:43

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 13:01
Nº Rexistro: 15998
Data envío: 11/09/2017 13:01:45.333

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre os prazos administrativos que rexen a participación no fondo solidario de libros de texto para o curso 2017/2018.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o ano 2009 a Consellaría de Educación, en mans do Partido Popular, substituíu o sistema de préstamo universal de libros implantado polo goberno bipartito (2005-2009) por un sistema de cheques axuda dunha contía entre 90 e 190 euros.

No ano 2014 estas axudas, inicialmente concibidas para a compra de material escolar, foron restrinxidas á adquisición exclusiva de manuais e en 2015, ano electoral, a Xunta iniciou a progresiva implantación dun plan de préstamo semellante ao que suprimira entre enormes críticas en 2009.

No presente curso, a través da ORDE do 16 de maio de 2017, publicada o 22 dese mesmo mes no DOG, a Consellaría de Educación xeneralizou o préstamo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 13:01
Nº Rexistro: 15998
Data envío: 11/09/2017 13:01:45.333

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de libros de texto creado co Fondo solidario ao conxunto do ensino obrigatorio, agás os dous primeiros cursos de Primaria, para 2017/2018.

Porén, de acordo cos prazos fixados pola administración as familias non coñecerán até o 15 de setembro (4 días despois de se iniciar o curso académico) a listaxe de libros que lles serán emprestados e, polo tanto, aqueles outros que deberán encargar nas librarías.

O proceso de tramitación das solicitudes e os actos de xestión das mesmas é, de acordo coa Orde do 16 de maio de 2017, unha tarefa que corresponde ás direccións dos centros de ensino mais que desenvolven a través dunha aplicación informática fornecida pola Xunta de Galiza que determina, en función da renda familiar, o número de libros que corresponden a cada solicitante.

Os prazos previstos, denuncian as familias, poden demorar a adquisición do conxunto do material didáctico até o mes de outubro causando prexuízo ao estudantado que non conte con el durante as primeiras semanas lectivas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a garantir que o sistema de préstamo de libros permita ao alumnado contar con todo o material necesario ao inicio do curso académico así como avanzar nun sistema universal que abranga, alén do conxunto do estudantado, todos os niveis de ensino obrigatorio."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 13:01
Nº Rexistro: 15998
Data envio: 11/09/2017 13:01:45.333

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2017 12:56:34

María Montserrat Prado Cores na data 11/09/2017 12:56:40

Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2017 12:56:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/09/2017 12:56:44

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2017 12:56:46

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 13:01
Nº Rexistro: 15998
Data envio: 11/09/2017 13:01:45.333

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2017 12:56:48

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 13:48
Nº Rexistro: 16009
Data envío: 11/09/2017 13:48:51.682

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

No ano 2010, o Concello do Porriño asinou un acordo coa Xunta de Galicia, no que puxo a disposición da mesma unha parcela cunha superficie de 525 metros cadrados para ampliar o Centro de Saúde.

A ampliación do Centro de Saúde do Porriño é unha demanda que leva unha década sen ser atendida por parte da Xunta de Galicia, pese a tratarse dun Centro de Saúde que sigue incrementando o número de pacientes aos que ten que atender, chegando a ser máis de 40.000 usuarios potenciais os que poderían ter que acudir ao Centro, que ademais conta con Punto de Atención Continuada de tres da tarde a oito da mañá, horario no que tamén atende a concellos da contorna como poden ser Mos ou Salceda de Caselas.

Ademais da ampliación do Centro, as veciñas e veciños do concello de Porriño reivindican tamén que de xeito simultáneo, se dote o mesmo dos medios técnicos e humanos suficientes para facer fronte á actual demanda.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 13:48
Nº Rexistro: 16009
Data envío: 11/09/2017 13:48:51.682

GRUPO PARLAMENTAR en marea

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a destinar, nos vindeiros orzamentos, unha partida suficiente para reiniciar e rematar o proxecto de ampliación do Centro de Saúde así como dotalo dos medios técnicos e humanos, axeitados ás necesidades do Concello do Porriño e á súa contorna**.**

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández, Deputada do G.P. de En Marea

Asdo.: Luís Villares Naveira Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 11/09/2017 13:45:57

Luis Villares Naveira na data 11/09/2017 13:46:13

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 16:52
Nº Rexistro: 16026
Data envío: 11/09/2017 16:52:38.995

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

As deficiencias na atención primaria en Galicia non son unha novidade. Igualmente, o incumprimento por parte do Goberno sobre a construción de novos centros de saúde, tampouco supón ningunha novidade.

Neste contexto, atopámonos con vilas que teñen importantes necesidades sanitarias desatendidas. Unha delas é Salceda, que conta cun centro de saúde vello, falto de espazo e con múltiples barreiras arquitectónicas.

A veciñanza, cansa deste situación, tense manifestado reclamando a construción dun novo centro de saúde e o concello ten asinado xa o convenio coa Xunta e aprobado en pleno dende fai seis anos a cesión dos terreos.

Con todo, a Xunta de Galicia segue a poñer trabas para a construción do centro de saúde, polo que as veciñas e veciños de Salceda, deben soportar unhas instalacións sen acceso para carriños, cadeiras de rodas ou persoas con mobilidade reducida, falta de ventilación, instalacións deterioradas...etc.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 16:52
Nº Rexistro: 16026
Data envío: 11/09/2017 16:52:38.995

GRUPO PARLAMENTAR en marea

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a cumprir cos compromisos acadados e dotar unha partida de orzamentos suficiente para poder levar a cabo a construción do Centro de Saúde de Salceda.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,
Deputada do G.P. de En Marea

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 11/09/2017 16:45:14

Luis Villares Naveira na data 11/09/2017 16:45:22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 16072
Data envío: 11/09/2017 19:20:39.686

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Co abandono por parte do Partido Popular do Plan de Mellora da Atención Primaria, a maioría dos centros de saúde prometidos ficaron esquecidos. Con todo, o Goberno mantivo a promesa de construción sobre algúns deles.

No caso de Centro de Saúde de O Hío, no Concello de Cangas, o Goberno municipal mercou e puxo a disposición da Xunta de Galicia os terreos necesarios en O Viso para a súa construción, cun investimento público de 400.000 euros. O proxecto chegou a aparecer nunha partida dos orzamentos de 2012, desaparecendo nos anos seguintes sen que se tivese levado a cabo o prometido.

A día de hoxe, o centro de saúde continúa sen construírse, poñendo en dúbida o compromiso do Goberno coa saúde das veciñas e veciños do Morrazo, ademais de malgastar os recursos públicos coa compra duns terreos que continúan paralizados e co gasto do acondicionamento das instalación actuais.

Por todos estes feitos, e dado o próximo debate orzamentario, En Marea presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a incluír unha partida nos vindeiros orzamentos e executar o proxecto e a obra do Centro de saúde Aldán-O Hío.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 16072
Data envio: 11/09/2017 19:20:39.686

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández, Deputada do G.P. de En Marea

Asdo.: Luís Villares Naveira, Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 11/09/2017 19:13:52

Luis Villares Naveira na data 11/09/2017 19:13:56

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 16077
Data envío: 11/09/2017 19:28:14.317

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da súa **deputada Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos.

En cumprimento dos acordos do Pacto Local de 2006 para a cesión ao executivo da titularidade dos centros de saúde que se atopan en mans dos concellos, o concello de Mugardos levaba xa dende o ano 2013 con todos os trámites de xestión para a cesión realizados.

Con todo, non foi ata este ano e despois de moitos requirimentos tanto por parte do goberno municipal como por parte desta deputada a través de iniciativas presentadas tanto nesta como na anterior lexislatura, que o executivo galego asumiu a titularidade do centro de saúde.

Dito centro, amosa unhas deficiencias estruturais e materiais no edificio que precisan ser arranxadas con urxencia e que necesitan de partidas orzamentarias por parte da Xunta para levalas a cabo.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dotar de partida orzamentaria suficiente o Centro de saúde de Mugardos para poder levar a cabo as obras necesarias no menor tempo posible.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 16077
Data envio: 11/09/2017 19:28:14.317

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández, Ado.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea. Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 11/09/2017 19:09:15

Luis Villares Naveira na data 11/09/2017 19:09:22

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 11:07
Nº Rexistro: 16083
Data envío: 12/09/2017 11:07:37.403

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos.

O linfedema é un edema crónico que aumenta de forma progresiva debido a problemas no sistema linfático que pode afectar a unha ou varias partes do corpo. Os seus principais síntomas son edema, pel tensa e debilitada, dor punzante, formigo, perda de sensibilidade, gradual, aumento do tamaño do membro afectado, etc...

Todos estes síntomas, afectan de xeito negativo sobre a mobilidade, autoestima ou calidade de vida das persoas enfermas que precisan apoio asistencial.

A falta de coñecemento e especialización da enfermidade, provoca que as persoas afectadas sexan derivadas dunha consulta médica a outra, retrasando a detección e tratamento. Ademais, o descoñecemento sobre o número de persoas afectadas por linfedema en Galicia dificulta a capacidade para saber os recursos necesarios.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Fomentar a formación en detección e tratamento do linfedema ás e aos profesionais do SERGAS.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 11:07
Nº Rexistro: 16083
Data envío: 12/09/2017 11:07:37.403

- Facer un rexistro e estudo sobre o número de persoas afectadas para poder proporcionar un servizo acorde ás necesidades.
- Actualizar e adaptar os protocolos aos coñecementos actuais.
- Ampliar o número de fisioterapeutas no SERGAS que teñan formación en tratamento de linfedema.
- Instar ao Goberno central a que equipare as ortoprótesis para linfedema dentro das consideracións especiais para enfermidades crónicas.
- Instar ao Goberno central a modificar a normativa vixente en canto á valoración e baremo para a concesión de graos de discapacidade para persoas enfermas por linfedema.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,
Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 12/09/2017 11:04:51

Luis Villares Naveira na data 12/09/2017 11:04:55

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 13:24
Nº Rexistro: 16105
Data envio: 12/09/2017 13:24:30.321

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez e** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei,** para o seu debate en **Pleno,** relativa ao acollemento das persoas refuxiadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A principios de 2016, por primeira vez desde a Segunda Guerra Mundial, o número de persoas desprazadas dos seus fogares como consecuencia dos conflitos, a persecución, e as violacións de Dereitos Humanos nos seus países de orixe superou os 65 millóns segundo datos de ACNUR. Unha cifra que se incrementaría si sumásemos as miles de persoas que se viron obrigadas a desprazarse por desastres naturais ou pobreza. Esta situación pon ao descuberto a incapacidade da comunidade internacional para resolver e previr conflitos e situacións de emerxencia humanitaria, así como a falta de vontade política para cumprir coas obrigas internacionais en materia de Dereitos Humanos e protección internacional.

Centrándonos unicamente no caso de Siria, deberíamos falar de cinco millóns de persoas refuxiadas dende o inicio do conflito. Cinco millóns de persoas refuxiadas que non atoparon asilo nesa Unión Europea que se dicía bandeira dos dereitos humanos e que máis que conseguiu foi un acordo de reasentamento que naceu, hai case dous anos, abocado ao fracaso ante o falta real de vontade e compromiso político.

Dito acordo supoñía que o Estado español acollería a 17.337 persoas. Apenas dez días antes de que expire o prazo fixado pola propia UE para o 26 de setembro atopámonos cun fracaso total e absoluto. Toda vez que apenas se cumpriu co 6% dos compromisos de recolocación.

Do mesmo xeito a lexislatura pasada viu a aprobación de diversas iniciativas parlamentarias a prol da acollida das persoas refuxiadas así como o anuncio por

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 13:24
Nº Rexistro: 16105
Data envío: 12/09/2017 13:24:30.321

parte do goberno dun Plan de acollida para persoas refuxiadas do que apenas temos información.

Tendo en conta o anterior, o grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

1.- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

a) Presentar, antes de que remate o ano en curso, un informe completo acerca da implementación do Plan de Acollida que inclúa, cando menos, número de solicitantes, número de beneficiarios, prazos de resolución de solicitudes e recursos orzamentarios utilizados en dito plan.

b) Elaborar un plan que permita activar aloxamento público para as persoas refuxiadas

c) Solicitar a retirada do premio princesa de Asturias á Unión Europea ante a súa incapacidade para dar resposta á situación de emerxencia que viven as persoas refuxiadas.

2.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno do Estado para:

a) Axilizar de maneira significativa o proceso de traslado de persoas refuxiadas a España mediante a súa recolocación e reasentamento.

b) Cumprir no prazo previsto os compromisos acordados coa UE de acoller a 17.337 **persoas refuxiadas.**

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez, Asdo.: Luís Villares Naveira

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 13:24
Nº Rexistro: 16105
Data envio: 12/09/2017 13:24:30.321

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Deputada do G.P. de En Marea. Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/09/2017 13:18:30

Luis Villares Naveira na data 12/09/2017 13:18:53

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16107
Data envío: 12/09/2017 14:26:20.025

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea,** a iniciativa do deputado **Davide Rodríguez Estévez** e das deputadas **Paula Quinteiro Araujo e Paula Vázquez Verao,** a través do seu voceiro, Luís Villares Naveira, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, sobre as actuacións de "heomulching" que a Consellería de Medio Rural debe levar a cabo para limitar o risco de erosión en terreos queimados.

Exposición de Motivos

Para limitar o risco de erosión post-incendio cómpre tomar un conxunto de decisións e realizar una serie de actuacións no menor tempo posible antes de que as primeiras chuvias desencadeen os peores efectos.

Este complexo labor require unha planificación que estableza con claridade os puntos esenciais a considerar, as accións a acometer e a súa secuencia de execución. Nese contexto, os protocolos son instrumentos útiles que axudan a organizar as actuacións.

Os incendios forestais constitúen unha das perturbacións máis frecuentes e importantes que sofren os ecosistemas forestais de Galicia. Cando, tras o lume, conflúen nunha área queimada de relevo pronunciado, altos niveis de perturbación no solo e na vexetación e elevadas precipitacións, existe un risco potencial de fortes alteracións na resposta hidrolóxica das bacías afectadas, con grandes aumentos na escorredura superficial e episodios erosivos intensos.

Estes fenómenos favorecen a degradación do solo, un recurso fundamental para o mantemento da calidade e produtividade do ecosistema afectado, podendo ademais orixinar riadas e inundacións, con ameaza para as vidas humanas, infraestruturas e diversos recursos valiosos dentro e fóra da área queimada.
Os acolchados ou "mulches", teñen sido ferramentas eficaces dependendo do réxime de precipitación e da severidade do incendio. A aplicación de mulch desde helicóptero efectuada por primeira vez en España en áreas incendiadas de Galicia, é un sistema factible, rápido e eficaz con reducións de perdas de solo de máis do 90%.

Pero ante esta boa nova, dende En Marea, somos conscientes de que en determinadas zonas con figura de protección medioambiental estase a botar sementes que hoxe, Conservación da Natureza, ten prohibida a súa implantación, e que, o custe elevado desta práctica, serviría para aumentar o gasto de prevención e non ter que lamentar a erosión do chan queimado nunha escorrentía.

Un modelo lóxico de actuación ten que ter en conta a data do lume para valorar riscos e rebotes, a posibilidade de corta da biomasa aérea que non rebota e a súa colocación para evitar regos, implantación de sementes: unha de crecemento rápida e pouco perenne, e outra de sementes endóxenas baixo criterios técnicos o que nos leva a necesidade de crear uns bancos de sementes endóxenas dos territorios cunhas reservas mínimas por especie.

O aporte de biomasa allea debe ser unha medida extraordinaria e cunhas esixencias de compra definidas.

A todo isto, cabe nomear que no existen controis de contaminación fitolóxica nestes terreos queimados.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16107
Data envio: 12/09/2017 14:26:20.025

O aporte de biomasa allea debe ser unha medida extraordinaria e cunhas esixencias de compra excepcionais, evitando que se instaure como unha práctica habitual.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.Elaborar un protocolo de actuación para as terras queimadas con carácter universal de aplicación e con redaccións por zonas, que prioricen a perda de chan e a súa microbioloxía, a contaminación das augas doces, a perda de biodiversidade e paisaxe, así coma os multiservizos da terra. Estes protocolos teñen e deben ser avaliados no plano temporal e económico.

2.Crear un banco de sementes para implantar na práctica do "heomulching" con especies de crecemento rápido e pouco perenne, e outro de sementes endóxenas baixo criterios técnicos cunhas reservas mínimas por especie.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16107
Data envio: 12/09/2017 14:26:20.025

GRUPO PARLAMENTAR en marea

David Rodríguez Estévez na data 12/09/2017 14:15:09

Paula Quinteiro Araújo na data 12/09/2017 14:15:19

Paula Vázquez Verao na data 12/09/2017 14:15:26

Luis Villares Naveira na data 12/09/2017 14:15:31

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16111
Data envío: 12/09/2017 14:30:03.356

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, sobre os danos causados polas obras do AVE na estrada OU-114, sita no Concello de Castrelo do Val.

Exposición de motivos

Os veciños e veciñas do concello ourensán de Castrelo do Val, víronse obrigados a manifestar o seu malestar publicamente pola pasividade de ADIF á hora de abordar os desfeitas causadas polas obras de construción do AVE ao seu paso pola zona.

Dende fai uns anos, as obras xeraron un problema grave de seguridade ao causar enormes fochancas no firme de dita estrada.

A estrada afectada e de uso cotiá para trasladarse polo municipio, así como para desprazarse aos servizos da capitalidade comarcal (Verín) ou provincial (Ourense). Dende que a estrada comezou a estragarse, as veciñas e veciños afectados non só se enfrontan a un problema de tempo nos desprazamentos, se non que se atopan con un problema de seguridade viaria moi grave, así como un elevado custe económico en reparacións de vehículos estragados polo mal estado de conservación da estrada.

Esta situación pódese trasladar tamén os ramais OU-111 e OU-113, estradas que tamén se atopan nun lamentable estado de conservación.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16111
Data envio: 12/09/2017 14:30:03.356

GRUPO PARLAMENTAR en marea

ADIF, adxudicou a finais do ano 2016 a reparación de varias estradas autonómicas e provinciais danadas polas obras do AVE, sen que a día de hoxe se teña coñecemento de nada o que atinxe á súa reparación.

Por todo o exposto anteriormente, o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Que inste ao Ministerio de Fomento para que este apremie a ADIF a que leve a cabo a reparación da estrada OU-114, no concellos de Castrelo do Val (Ourense), e tamén das estradas OU-111 e OU-113 estragada polas obras de construción do AVE.

2. Que faga un mapa de estradas afectadas pola construción do AVE en toda Galiza e que inste o Ministerio de Fomento o arranxo das estradas inmediatamente.

Santiago de Compostela a 11 de setembro de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez,
Deputado do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 12/09/2017 14:13:00

Luis Villares Naveira na data 12/09/2017 14:13:10

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 16:56
Nº Rexistro: 16119
Data envío: 12/09/2017 16:56:12.375

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa das deputadas e deputados **Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A Guía Farmacoterapéutica (GFT) é resultado dun proceso continuo no que os profesionais da saúde, a través da Comisión de Farmacia e Terapéutica de cada centro, seleccionan e avalían os medicamentos en base a criterios de eficacia, seguridade e coste para ser incluídos no formulario de ese centro.

As características da poboación atendida nos centros socio-sanitarios esixe tamén seleccionar con este mesmo rigor os medicamentos a utilizar con criterios estreitamente relacionados con factores asociados á idade, cambios no comportamento farmacocinético dos medicamentos e factores que contribúen ao incumprimento da prescripción, maior incidencia de reaccións adversas neste grupo de poboación, así como a dificultade para a administración e o cumprimento.

Se ben e certo e é recoñecido o impulso e esforzo realizado a través dos convenios con este tipo de residencias e o Sergas no sentido de outorgar unha atención farmacéutica segura e eficaz, e con ánimo de seguir avanzando e mellorando as

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

prestacións e servizos sanitarios á poboación galega, para o que esta ferramenta tan utilizada podería ser de gran utilidade.

A Consolidación deste Programa de Atención Farmacéutica nos centros sociosanitarios en Galicia podería ser complementado mediante a elaboración dunha Guía Farmacoterapéutica común no Servizo Galego de Saúde para os usuarios institucionalizados en centros sociosanitarios supón un beneficio asistencial para os pacientes, xa que o seguimento da súa farmacoterapia realízase de forma individualizada baixo a responsabilidade dun farmacéutico dos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde, e ademais asegúrase a continuidade asistencial entre os diferentes niveis asistenciais aos que poden trasladarse os pacientes.

Polo tanto, por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a consolidar o Programa de Atención Farmacéutica nos centros sociosanitarios en Galicia, mediante a elaboración dunha Guía Farmacoterapéutica común".

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/09/2017 16:53:39

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 12/09/2017 16:53:48

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 12/09/2017 16:53:59

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 16:56
Nº Rexistro: 16119
Data envio: 12/09/2017 16:56:12.375

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

María Encarnación Amigo Díaz na data 12/09/2017 16:54:05

María Ángeles Garcia Míguez na data 12/09/2017 16:54:11

Marta Rodriguez Arias na data 12/09/2017 16:54:17

María Soraya Salorio Porral na data 12/09/2017 16:54:25

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/09/2017 16:54:32

Raquel Arias Rodríguez na data 12/09/2017 16:54:40

Sandra Vázquez Dominguez na data 12/09/2017 16:54:48

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 17:21
Nº Rexistro: 16122
Data envio: 12/09/2017 17:21:32.566

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao desenvolvemento do Proxecto Integrador da estación Intermodal de Ourense (Estación de ferrocarril e conexións de permeabilidade transversal, en relación co expediente 2017014169) e as actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro da longa historia da cidade de Ourense coas débedas pendentes para coa modernización do ferrocarril e a adaptación das instalacións da cidade, o proxecto do que deberá ser a futura estación integrada para o transporte de ferrocarril ten sido un dos maiores protagonistas. Xa na altura de outubro de 2009 o Bloque Nacionalista Galego presentou alegacións ao estudo informativo sobre a "Integración urbana e acondicionamento da rede ferroviaria de Ourense", na que expuña diversas consideracións sobre os piares que debera guiar esa ou calquera outra planificación.

Entre as liñas mestras para o desenvolvemento do proxecto salientaba a consideración de que a traza definitiva da rede de Alta Velocidade debería ser extremadamente cautelosa coa trama urbana na que se pretende integrar, así como

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 17:21
Nº Rexistro: 16122
Data envio: 12/09/2017 17:21:32.566

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

respectuosa co valor ambiental, paisaxístico e patrimonial existente, toda vez que o impacto destas obras públicas de gran magnitude son practicamente imperecedoiros. Así mesmo, insistíase en que o histórico barrio da Ponte, onde está actualmente a Estación Ourense-Empalme, que sería transformada na nova terminal, padecera unha segregación territorial ocasionada por esta infraestrutura, debido a amplitude das praias de vías e instalación de carga, descarga e operacións de viaxeiros e mercadorías. Polo tanto, a nova estación debera converterse en terminal intermodal, coa parte de acceso ás plataformas baixo superficie e co soterramento das vías nesta zona.

En congruencia co exposto, na altura foi solicitado a través de diversas alegacións e e institucións o deseño dunha traza definitiva que minimizase o impacto ambiental, paisaxístico e sobre o patrimonio existente, e se adoptasen as medidas correctoras necesarias para evitar esta afección tanto durante o proceso de construción como posterior, buscando os lugares de menor incidencia e previndo a dotación de medidas complementarias necesarias (pantallas visuais e acústicas, restauración de acuíferos, accesos públicos e privados, etc). Tamén, que o novo viaduto que se construíse non fora unicamente un elemento funcional, senón que, formando parte da trama e paisaxe urbana, se integrara nesta constituíndo un elemento singular. Insistíase, ademais, na necesidade de que a nova terminal fora soterrada e se eliminara definitivamente o illamento e segregación que tivo que padecer o Barrio da Ponte nestes últimos decenios.

Porén, máis adiante no tempo, xa no 2011, despois da presentación do que ía ser a futura estación do AVE puido constarse a inexistencia dun proxecto que dera saída a estas consideracións. De forma especial, o proxecto continuaba sen dar unha alternativa para o principal problema: a histórica división dos barrios da Ponte e do

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 17:21
Nº Rexistro: 16122
Data envio: 12/09/2017 17:21:32.566

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vinteún, e polo tanto a permeabilidade. Desde o BNG insistimos que a mellor opción posíbel era o soterramento total das vías e a procura de solución técnicas que melloraran a comunicación entre a parte norte e sur da cidade. Lamentabelmente, despois de anos de atrasos e incumprimentos coa cidade, en xuño de 2017 puido coñecerse unha nova proposta que tampouco supuña un avance cualitativo das necesidades existentes, diante da que o Bloque Nacionalista Galego alegou, do mesmo xeito que outras organizacións políticas e mesmo o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG). Porén, nin unha soa das múltiples alegacións dos diferentes axentes mereceron o diálogo ou a atención do Partido Popular.

A xuízo do Bloque Nacionalista Galego tratouse dun proceso de inicio errado, caracterizado por unha falta de transparencia e audiencia pública suficiente para información e posíbeis alegacións da veciñanza. Malia tratarse dun proxecto moi importante para a cidade de Ourense e o barrio da Ponte do que a veciñanza leva anos oíndo falar de prazos e proxectos, sumado a unha profunda confusión arredor da ordenación urbanística da cidade e da chegada ou non do tren de alta velocidade e á inseguridade xurídica das modificacións urbanísticas da capital ourensá. Cómpre recordar o recurso á Lei 3/2016 do 1 de marzo de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese que estabelece o prazo fornecido de 20 días hábiles. Porén, malia a complexidade do proxecto e do contexto no que se notifica a exposición pública, non houbo un esforzo por parte das institucións implicadas por levar a cabo unha socialización e difusión suficiente da información e do proceso aberto de cara a que a cidadanía e colectivos interesados ou afectados puideran coñecer o seu contido e presentar alegacións. Así mesmo, tampouco houbo ningún tipo de explicación pública dos contidos con apoio técnico

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 17:21
Nº Rexistro: 16122
Data envio: 12/09/2017 17:21:32.566

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para garantir o dereito á información das persoas e colectivos implicados. Por outra banda, o horario de consulta física do expediente foi reducido.

Outro elemento de capital importancia e ignorado polas administracións implicadas é a afectación ao centro de saúde da Ponte, convertido nunha especie de rotonda e renunciando pola vía dos feitos a futuras ampliacións, melloras dos accesos ou a habilitar espazos para deixar as persoas doentes nunha zona de moito tráfico. Así mesmo, sinalouse a falta de garantía de custodia do patrimonio cultural diante do proxecto de aparcadoiro subterráneo. Tampouco resolve, como xa se dixo, a desconexión entre A Ponte e o Vinteún.

Cómpre engadir tamén que se trata dun proxecto illado das necesidades do barrio, especialmente no referido a desconxestión do tráfico e prazas de aparcadoiro para a veciñanza e persoas viaxeiras. O desenvolvemento da intermodal debe supoñer unha oportunidade e non un obstáculo para resolver as necesidades do barrio e a necesidade de acollida a un volume importante de automóbiles de persoas que desexan facer uso tanto do servizo de bus como de tren e que se desprazan de poboacións achegadas desde as que non é posíbel trasladarse en transporte público pois a falta de transporte metropolitano e de conexión entre as vilas da provincia é unha carencia importante da zona. Neste sentido, entre outras carencias, o proxecto tampouco facilita garantías sobre a minoración do impacto acústico para veciñanza e medio ambiente, nin durante as obras nin con posterioridade; ao que cómpre engadir a ausencia de criterios e planificación sustentábel e de rexeneración ambiental.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 17:21
Nº Rexistro: 16122
Data envío: 12/09/2017 17:21:32.566

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galiza a levar a cabo as actuacións necesarias para demandar a paralización da tramitación do proxecto de Intermodal de Ourense por non cumprir cos obxectivos fixados no convenio de colaboración co goberno central e o concello de Ourense."

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/09/2017 17:19:31

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 17:21
Nº Rexistro: 16122
Data envio: 12/09/2017 17:21:32.566

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 12/09/2017 17:19:35

Olalla Rodil Fernández na data 12/09/2017 17:19:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/09/2017 17:19:42

María Montserrat Prado Cores na data 12/09/2017 17:19:45

Ana Pontón Mondelo na data 12/09/2017 17:19:47

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 17:24
Nº Rexistro: 16128
Data envio: 12/09/2017 17:24:42.553

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez, Xoaquín Fernández Leiceaga, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Dentro do Plan de transporte público de Galicia, foi adxudicado o proxecto XG533 - A Mariña (entre Ribadeo e Viveiro) á UTE Autos Morán, S.L., Autocares Rodríguez Domínguez, S.L.

O día 18 de agosto de 2017 a empresa Arriva, anterior concesionaria da liña, emitía un comunicado no que indicaba que para o traspaso da liña de autobús que anteriormente operaba na Mariña se debía producir a subrogación de 15 traballadores da empresa que daban servizo nesta liña, ante a problemática detectada con eses traballadores con respecto á nova adxudicataria.

O día 24 de agosto de 2017 houbo unha reunión da Comisión de Seguimento do Plan de transporte público de Galicia, na que se lle solicitou documentación complementaria ás empresas nas que se detectaron problemas coa subrogación dos traballadores para establecer se procedía o inicio da resolución dos contratos.

O día 31 de agosto de 2017, nunha nova reunión da Comisión de Seguimento da primeira fase do Plan de transporte público de Galicia, e ante o incumprimento da nova adxudicataria da subrogación dos traballadores, acordouse iniciar o procedemento para a resolución da adxudicación coa finalidade de volvelo adxudicar.

O certo é que, aínda que a Xunta de Galicia ten actuado conforme ao establecido na normativa de aplicación, a situación dos traballadores non parece que se vaia resolver dun xeito xusto e nun prazo breve.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2017 17:24
Nº Rexistro: 16128
Data envio: 12/09/2017 17:24:42.553

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

A normativa de contratación pública permite que a nova adxudicataria formule as alegacións que considere procedentes o que dilatará o tempo de resolución de modo que subrogue, e polo tanto, contrate aos traballadores afectados de xeito inmediato; é aquí onde a iniciativa política toma a máxima relevancia ao ser o Goberno da Xunta de Galicia un interlocutor que ocupa un lugar privilexiado fronte á unión temporal de empresas adxudicatarias.

Ante a situación exposta o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a instrumentar as medidas adecuadas para que de xeito inmediato a UTE Autos Morán, S.L., Autocares Rodríguez Domínguez, S.L., resolva a situación dos 15 traballadores que, procedentes da empresa Arriva, deberían ter sido subrogados, con independencia das actuacións que se deriven do expediente de resolución de contrato iniciado.

Pazo do Parlamento, 12 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 12/09/2017 17:18:12

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/09/2017 17:18:28

Raúl Fernández Fernández na data 12/09/2017 17:18:37

María Luisa Pierres López na data 12/09/2017 17:18:45

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 16136
Data envío: 12/09/2017 18:35:04.138

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa aos peches de centros e unidades no presente curso 2017/2018.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Lamentablemente o inicio do curso 2017/2018 faise como rematou o previo, co desmantelamento por parte do Goberno galego da rede de centros públicos de Galicia, situando ás vilas e pobos do rural galego nunha situación de verdadeira alerta educativa.

Así, o remate do curso previo veu protagonizado pola decisión unilateral da Consellería de Educación para eliminar arbitrariamente ensinanzas en varias zonas de Galicia sen informar previamente aos membros da comunidade educativa. Deste xeito decretouse a:

- Supresión da etapa secundaria obrigatoria no CPI Monte Caxado de As Pontes, provocando a eliminación deste centro e a reubicación do alumnado e do profesorado do CPI Monte Caxado nas instalacións do CEIP A Madalena.
- Supresión da etapa secundaria obrigatoria no CPI Tomás de Lemos de Ribadavia coa reubicación do alumnado e do profesorado do centro no IES.
- Supresión da etapa secundaria obrigatoria no CPI A Ribeira (O Porriño) coa reubicación do alumnado e do profesorado do centro no IES.
- Peche do CEIP Emillio Navasqües na Serra de Outes.

Unhas decisións que provocaron un enorme malestar e contestación nas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 16136
Data envío: 12/09/2017 18:35:04.138

diferentes comunidades educativas que evidencian, unha vez máis, o desprezo do goberno do Partido Popular cara o diálogo coa comunidade educativa. E desprezo claro aos dereitos laborais do profesorado, que se reduce en 28 prazas e que viu como lle furtaban o seu dereito a participar no Concurso de traslados.

Ao mesmo tempo temos que lamentar o peche de nove escolas unitarias. As afectadas polo desmantelamento do ensino rural este ano foron: a do **Monte da Vila (O Grove)**, a EEI de **Xil-Meaño, a EEI** de **Portosanto (Poio)**, a EEI de *Tremoedo (Vilanova de Arousa)*, a do Saltiño (en Boiro), a Revoltiña (A Laracha), a Rúa (Padrón), a Seira (Rois), e o CEIP Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, de Xunqueira de Espadañedo.

Peches e tamén perda de unidades e postos docentes. Tal e como podemos ver no catálogo de Educación Infantil e Primaria este curso teremos 38 unidades pechadas de Educación Infantil e 34 de primaria. Coas creadas teríamos 27 unidades de infantil e 15 de primaria menos. Isto supón 28 profesores de infantil e 19 de primaria suprimidos; en total 47 docentes do corpo de mestres.

No que respecta á primaria atopámonos con 173 postos suprimidos/desprazados (22 máis que o curso anterior). Ao par que aumentan interinos, 8 máis ca o ano pasado, así como itinerantes, 63 máis que o curso pasado e 277 con afíns, 58 afíns e itinerantes que supoñen un 27% das prazas adxudicadas.

No que atinxe aos datos de Secundaria atopamos 5 prazas suprimidas e 47 desprazados, así como 762 persoas en situación de interinidade e 1774 substitucións. Deste xeito, as itinerancias e afíns supoñen un 29% das prazas adxudicadas.

Sen embargo, ao mesmo tempo as unidades concertadas aumentan. Peñaredonda, Montespiño e Montecastelo aumentan 1 unidade de EP cada un deles. En FP, conceden unidades concertadas a centros que segregan e non llas conceden a centros públicos de FP que as solicitan. Así, concértanse en FP 18 ciclos de grao medio, 15 ciclos de grao superior e 19 de FP Básica a maiores dos xa existentes.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 16136
Data envio: 12/09/2017 18:35:04.138

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Cifras que deixan un triste balanzo do Goberno de Alberto Núñez Feijóo no que respecta ao ensino galego, que suma récords no que atinxe a aulas, escolas e profesorado eliminado, récords que van empobrecendo o sistema educativo galego, especialmente intenso no que atinxe ao medio rural.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a paralizar os peches de centros e unidades ata que se realice un plan específico para o ensino rural

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/09/2017 18:33:48

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/09/2017 18:34:00

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 16136
Data envío: 12/09/2017 18:35:04.138

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Luis Villares Naveira na data 12/09/2017 18:34:09

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 10:28
Nº Rexistro: 16161
Data envío: 13/09/2017 10:28:59.795

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei,** para o seu debate en **Pleno,** relativa ao calendario de adxudicación de prazas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do curso 2017-2018 comeza como rematou o anterior, con recortes no ensino público e o conseguinte menoscabo do dereito universal á educación. Tamén con síntomas claros da falta de planificación e mala xestión por parte da consellería que este ano vén de superarse estirando ao máximo o prazo para a adxudicación de prazas.

Así, 4446 docentes de secundaria e FP coñeceron os seus destinos apenas unha semana antes de que comezaran as aulas e cando os primeiros claustros de profesorado xa se celebraron. Un prazo claramente insuficiente para a correcta planificación e preparación do curso escolar, tanto por parte das persoas directamente afectadas que deben planificar a súa vida e o seu traballo, como dos propios centros que comezan o curso sen todo o seu profesorado incorporado.

Tendo en conta o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a regular o calendario de adxudicación de prazas de xeito que se garanta un prazo de, como mínimo, tres semanas para a preparación do curso escolar.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 10:28
Nº Rexistro: 16161
Data envío: 13/09/2017 10:28:59.795

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asdo.: Luca Chao Pérez, Ado.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda, Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 13/09/2017 10:26:25

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 13/09/2017 10:26:32

Luis Villares Naveira na data 13/09/2017 10:26:40

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 11:39
Nº Rexistro: 16189
Data envío: 13/09/2017 11:39:01.395

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei,** para o seu debate en **Pleno,** relativa ao profesorado con materias afíns.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do curso 2017-2018 comeza como rematou o anterior, con recortes no ensino público e o conseguinte menoscabo do dereito universal á educación. Menos recursos que teñen un impacto directo na calidade da educación e se deixan sentir en numerosos eidos como o do propio profesorado que se reduciu, no noso país, en 1200 profesionais dende o inicio da crise financeira.

As consecuencias son claras, menos profesorado, maior porcentaxe de interinidade e, agora, máis profesorado que se ve obrigado a impartir materias que non son da súa especialidade.

Dunha banda, a taxa de interinidade pasou de algo menos do 5% en 2009 ao 16% no presente curso. Menos emprego público, peor pagado e de peor calidade.

Por outra banda, tamén aumenta o profesorado de materias chamadas afíns. Deste xeito, no curso que comeza máis de **1.400 docentes impartirán asignaturas que non son da súa especialidade (máis do 28% do persoal con destino provisional e cunha suba do 6% ao respecto do ano pasado) e máis de 450 traballarán en máis dunha escola. Mesmo hai máis de 60 persoas nas que conflúen ambas situacións:** varias asignaturas en varios colexios. Máis afíns e mesmo perfís que cambiaron na adxudicación das prazas. Deste xeito, unha praza que na resolución provisional era de matemáticas con afín debuxo (14 horas fronte a 4) na adxudicación definitiva pasou a ser unha praza de Debuxo con afín de Matemáticas e con outro docente asignado. Esta situación supón un paso máis

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 11:39
Nº Rexistro: 16189
Data envío: 13/09/2017 11:39:01.395

no empeoramento das condicións de traballo do profesorado e, ao mesmo tempo, unha diminución clara na calidade do ensino público.

Tendo en conta o anterior, o grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Regular coherentemente as materias que pode impartir un docente en función da titulación posuída co gallo de garantir a maior especialidade posible
2. Recuperar o diálogo cos axentes sociais para trazar un plan de diminución da interinidade.
3. Derrogar os cambios impostos pola lei 12/2014 de xeito que o profesorado perciba o 100% de todas as retribucións desde o primeiro día de incapacidade temporal (IT).
4. Derrogar a orde de 23 de xuño de 2011 para recuperar as 21 horas de xornada lectiva.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,
Ánxeles Cuña Bóveda,
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 13/09/2017 11:34:58

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 13/09/2017 11:35:04

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 11:39
Nº Rexistro: 16189
Data envío: 13/09/2017 11:39:01.395

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Luis Villares Naveira na data 13/09/2017 11:35:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:34
Nº Rexistro: 16308
Data envio: 13/09/2017 13:34:16.140

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodriguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Os centros de día son recursos sociais intermedios dirixidos a atender as necesidades específicas das persoas maiores. As persoas que acoden a este servizo non cambian de domicilio, senón que seguen residindo na súa casa e desprázanse ata estes centros durante o día, sendo así que cumpren unha importante función de apoio ás familias.

Galicia, cun índice de envellecemento de 188, é a segunda comunidade máis envellecida de España (só por detrás de Asturias), unha taxa que a coloca 74 puntos por encima da media nacional e que supón un incremento do 141 % respecto da rexistrada hai catro décadas. Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida, non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Porque unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva.

En decembro de 2008, o Consello da Xunta aprobaba o Decreto polo que creaba unha vivenda tutelada para a atención de persoas con discapacidade no Concello de Ponte Caldelas, na provincia de Pontevedra. A radicación ía ser na Casa da Quintán, un chalé indiano cunha parcela de 1.467 metros cadrados e cun investimento de 407.803 euros. Pasados 9 anos e despois de que a asociación renunciase, a casa segue a estar pechada e con evidentes sinais de deterioro.

Cun alcalde socialista, o pleno municipal aprobou o pasado ano, por unanimidade, demandar á Xunta de Galicia a súa apertura como centro de día para maiores. Pero nada se sabe.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:34
Nº Rexistro: 16308
Data envío: 13/09/2017 13:34:16.140

Grupo Parlamentario

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que proceda, ao longo de 2018, á apertura da Casa da Quintán de Ponte Caldelas como Centro de Día (ou para calquera outro fin social), para dar servizo ás persoas maiores de Ponte Caldelas.

Partido dos Socialistas de Galicia

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/09/2017 13:17:26

Noela Blanco Rodríguez na data 13/09/2017 13:17:35

Julio Torrado Quintela na data 13/09/2017 13:17:43

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/09/2017 13:17:50

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16391
Data envío: 13/09/2017 16:29:44.528

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e Maria Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A estrada PO-234 une o Concello de Ponte Caldelas e o novo Concello de Cerdedo-Cotobade e pasa polo pobo de Laxoso. Ten unha lonxitude total de 7 quilómetros, conta cun trazado cheo de curvas moi cerradas e carrís de 2 metros sen beiravía. Por esta estrada pasan diariamente, ademais de coches, numerosos camións e o autobús escolar, vehículos que, polo seu volume, vense obrigados a invadir o carril contrario, provocando sustos e ata algún accidente e poñendo entón en perigo a integridade dos veciños e veciñas que circulan por ela e que reiteradamente teñen reclamado a mellora desta estrada.

No proxecto de reforma desta estrada habería que contemplar o arranxo das curvas do trazado (que son moitas, estreitas e cegas), unha ampliación da calzada de ata 7 metros e unha senda peonil nun lateral no pobo de Laxoso. Á execución deste proxecto comprometéronse nas sucesivas eleccións o exalcalde de Cotobade e o exalcalde de Ponte Caldelas (os dous do PP) e así, na última campaña autonómica, o Goberno anunciou que só faría a obra por Cerdedo-Cotobade, esixindo a cesión de todos os terreos afectados (99 parcelas en total). Ante a dificultade de identificación das parcelas, o Concello de Ponte Caldelas propuxo un convenio polo que el mesmo se encargaría das expropiacións e o Goberno aceptouno de principio. Mais nada se sabe dende entón, aínda que xa se publicou o inicio do expediente expropiatorio para 74 parcelas.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que acepte e asine o convenio proposto polo Concello de Ponte Caldelas polo que el mesmo se encargará das expropiacións para a reforma da estrada PO-234, que une o Concello de Ponte Caldelas e o novo Concello de Cerdedo-Cotobade, e pasa polo pobo de Laxoso.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16391
Data envío: 13/09/2017 16:29:44.528

Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2017

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/09/2017 16:26:40

Raúl Fernández Fernández na data 13/09/2017 16:26:53

María Luisa Pierres López na data 13/09/2017 16:27:02

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/09/2017 16:27:12

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:55
Nº Rexistro: 16409
Data envío: 13/09/2017 16:55:07.110

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Ante estas características demográficas presentes e futuras da poboación galega, fai que se precisen novos paradigmas na atención aos pacientes pluripatolóxicos, que superen a tradicional división compartimentada da asistencia sanitaria para lograr unha asistencia integrada e eficiente, que sitúe permanentemente ao paciente no centro do sistema sanitario.

Unha destas accións deberían estar encamiñadas a mellorar a atención aos pacientes polimedicados cunha abordaxe interdisciplinaria, multifactorial, pero tamén integral (ambos niveis asistenciais comprometidos) e cun enfoque de seguridade, contemplando tanto a adherencia ao tratamento, a prescrición de medicamentos e as reaccións adversas, pero tamén incluíndo programas específicos de conciliación en cada proceso de transición do paciente dentro do sistema sanitario público galego.

Enténdese por polimedicación en termos cualitativos, o feito de tomar máis medicamentos dos clinicamente apropiados, mentres que os criterios cuantitativos establecen un límite no número de fármacos empregados.

O número más estendido na bibliografía é de 5 ou 6 medicamentos utilizados de forma crónica. Calquera que sexa a definición que se adoite, se hai consenso en que a

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:55
Nº Rexistro: 16409
Data envio: 13/09/2017 16:55:07.110

probabilidade de encontrar medicamentos innecesarios e de que aparezan problemas relacionados coa polimedicación aumenta significativamente co número de medicamentos prescritos.

Tamén a seguridade do paciente convértese nunha prioridade dos sistemas sanitarios en todo o mundo. Diversos estudos relacionan a polimedicación coa falta de adherencia, as interaccións medicamentosas e os efectos adversos. Todos estes factores e as súas consecuencias directas poderían ser responsables dun aumento do risco de ser hospitalizado, de sufrir caídas nos anciáns, de aumentar a morbilidade e a mortalidade.

Por tanto, poñer en marcha estratexias que melloren a organización e xestión do programa, a formación dos profesionais e a implicación de novos profesionais no ámbito da atención primaria, da atención hospitalaria e os farmacéuticos de oficina de farmacia, para darlle a continuidade asistencial necesaria coherente ás necesidades deste tipo de pacientes.

Entendemos que a ampliación e mellora na atención farmacolóxica a Pacientes Crónicos e Polimedicados en Galicia conseguiría mellorar a calidade e seguridade asistencial así como un uso máis responsable da prestación farmacéutica a estes pacientes.

Así pois, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a mellorar e ampliar o programa galego de pacientes polimedicados para garantir unha prevención, detección e resolución dos problemas cos medicamentos de forma proactiva, integral e máis efectiva a través da posta en marcha de estratexias de xestión, da mellora da

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

formación dos profesionais e da implicación dun maior número deles para darlle continuidade asistencial a este tipo de pacientes".

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/09/2017 16:52:48

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 13/09/2017 16:52:57

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 13/09/2017 16:53:05

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/09/2017 16:53:20

María Ángeles Garcia Míguez na data 13/09/2017 16:53:29

Marta Rodriguez Arias na data 13/09/2017 16:53:36

María Soraya Salorio Porral na data 13/09/2017 16:53:44

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/09/2017 16:53:51

Raquel Arias Rodríguez na data 13/09/2017 16:53:59

Sandra Vázquez Dominguez na data 13/09/2017 16:54:08

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 17:38
Nº Rexistro: 16414
Data envio: 13/09/2017 17:38:25.893

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez, Sandra Vázquez Domínguez** e **Teresa Egerique Mosquera,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A posta en funcionamento do Hospital Alvaro Cunqueiro supuxo un avance sen precedentes para o sistema sanitario público galego, e moi especialmente para os usuarios da sanidade pública na Área sanitaria de Vigo.

A pesares da inxusta campaña de desprestixio á que foi sometido antes da súa apertura, transcorridos pouco mais de dous anos dende a mesma, usuarios e profesionais teñen acreditado a calidade, tanto das instalacións como dos servizos sanitarios que desfrutan os pacientes do Hospital Alvaro Cunqueiro.

Os esforzos realizados polo goberno galego agromaron nunha instalación sanitaria que xa alcanzou a máxima cualificación entre os hospitais galegos, converténdose así no buque insignia da sanidade do noso país. Sen embargo, ese esforzo da Administración autonómica non foi correspondido coa mesma intensidade por parte doutras administracións públicas.

O Concello de Vigo se ten destacado como un dos principais actores nos intentos de dificultar a construción e posta en funcionamento do Hospital Alvaro Cunqueiro, e aínda hoxe, non asumiu na súa totalidade o cumprimento integro das súas obrigas en relación ao mesmo.

Concretamente, aínda non se teñen materializado as actuacións de urbanización da contorna do Hospital Alvaro Cunqueiro, e especialmente, os compromisos adquiridos polo Concello de Vigo en materia de estacionamento de superficie.
Pero sendo grave que os usuarios do Alvaro Cunqueiro aínda non dispoñan das prazas de aparcamento comprometidas polo Concello de Vigo, aínda resulta mais grave que en distintas declaracións o rexedor da cidade, D. Abel Caballero, manifeste a súa vontade de establecer na contorna da principal instalación sanitaria de Galicia, un sistema de aparcamento público discriminatorio, establecendo dúas tarifas diferentes:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

unha gratuíta para os cidadáns de Vigo, e outra onerosa para os demais usuarios da sanidade pública.

Este prantexamento se nos antolla inxusto, arbitrario e aínda mais grave, ilegal, ao establecer condicións de acceso mais ou menos gravosas para os cidadáns, en función da súa orixe.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento da Galicia insta á Xunta de Galicia a requerir ao Concello de Vigo a completar a urbanización da contorna do Hospital público Alvaro Cunqueiro habilitando, en condicións de igualdade, as prazas de aparcamento en superficie necesarias para o normal funcionamento da principal instalación sanitaria da cidade".

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/09/2017 17:35:38

Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2017 17:35:46

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 13/09/2017 17:36:07

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/09/2017 17:36:14

María Ángeles Garcia Míguez na data 13/09/2017 17:36:22

Marta Rodriguez Arias na data 13/09/2017 17:36:28

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 13/09/2017 17:36:37

María Soraya Salorio Porral na data 13/09/2017 17:36:46

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/09/2017 17:36:53

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 17:38
Nº Rexistro: 16414
Data envio: 13/09/2017 17:38:25.893

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Raquel Arias Rodríguez na data 13/09/2017 17:37:00

Sandra Vázquez Dominguez na data 13/09/2017 17:37:08

Teresa Egerique Mosquera na data 13/09/2017 17:37:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 17:43
Nº Rexistro: 16417
Data envío: 13/09/2017 17:43:33.928

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á valoración do Goberno galego do resultado da súa política para a enerxía eólica e as consecuencias para o país derivadas da decisión de anular o concurso eólico do Bipartito.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As sentenzas recibidas durante os últimos anos e que terá que pagar a Xunta de Galiza do peto dos galegos e galegas son unha evidencia que confirma o fracaso do concurso eólico impulsado polo goberno do Sr. Núñez Feijóo, que xa naceu eivado ao botar abaixo o concurso anterior por sectarismo político e que se complementou con modificacións levadas a cabo polo propio PP no Goberno do Estado para desincentivar a aposta por este tipo de enerxía.

Anos despois, as diferentes sentenzas que se foron coñecendo publicamente ilustran como a supostas ilegalidades do concurso impulsado polo goberno nacionalista e socialista eran fundamentalmente un argumento sen fundamento. De feito, de analizar os contidos de sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e do Tribunal Supremo confirman as consecuencias de tal decisión e a inseguridade e agravio comparativo que supuxo para os axentes implicados. Ben ao contrario, é o actual concurso eólico o que cada vez presenta máis indicios de dubidosa legalidade ao tempo

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 17:43
Nº Rexistro: 16417
Data envío: 13/09/2017 17:43:33.928

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que incumpre todos anuncios relativos ao investimento, á creación de emprego e á potencia instalada.

Deste xeito, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) recoñeceu en varias sentenzas o dereito de indemnización dos parques eólicos que foron aprobados durante o goberno Bipartito e anulados pola Xunta de Galiza presidida por Núñez Feijóo recollendo os danos evidentes e sinalando a existencia dunha responsabilidade patrimonial por parte do Goberno galego, algo que en última instancia sairá de recursos que poderían destinarse a fomentar os nosos sectores produtivos e a mellorar a nosa competitividade enerxética. Podemos mencionar tamén a sentenza que anula cobro de impostos a parques eólicos de xaneiro de 2016 ou a sentenza en contra do procedemento de valoración das ofertas do concurso de febreiro do mesmo ano.

Máis recentemente, coa información ao Parlamento Galego das modificacións orzamentarias de xullo de 2017 coñecemos como a Xunta de Galiza, máis concretamente a consellaría de Economía, emprego e industria, aprobaba unha transferencia de crédito por importe de 2.949.935,36€ entre aplicacións orzamentarias correspondentes aos programas 621B "Imprevistos e funcións non clasificadas" e 731A "Dirección e Servizos Xerais de Industria" co obxectivo de levar a cabo o pagamento de diferentes sentenzas.

Desta forma, a Xunta de Galiza acata a sentenza nº222/2016 de EDP Renewables Europe SL co montante, xuros engadidos, de 688.615,96€; a sentenza n.º784/2016 de Iniciativas Estratéxicas Galegas (INESCAL) por valor de 27.187,39€ xuros engadidos; a sentenza nº415/2016 por valor de 140.959,66€ a favor de Andavia Renovables S.A; a sentenza favorábel a Ventauria Enerxía Rural S.A do 21 de marzo de 2017 que resulta en 930.491,22€ computando os xuros e tamén a sentenza do 29 de marzo de 2017 a prol de Viraventos Energy por unha contía final de 375.819,97€.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 17:43
Nº Rexistro: 16417
Data envio: 13/09/2017 17:43:33.928

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coñecidos estes datos e a decisión da Xunta de Galiza de levar a cabo estes acatamentos enténdese que a Xunta de Galiza asume as consecuencias da súa errada decisión de botar abaixo o proxecto Bipartito.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a elaborar un dun informe xurídico e económico sobre as consecuencias da suspensión do Concurso Eólico do goberno Bipartito."

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 17:43
Nº Rexistro: 16417
Data envio: 13/09/2017 17:43:33.928

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/09/2017 17:33:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/09/2017 17:33:41

Olalla Rodil Fernández na data 13/09/2017 17:33:47

Xosé Luis Bará Torres na data 13/09/2017 17:33:51

María Montserrat Prado Cores na data 13/09/2017 17:33:55

Ana Pontón Mondelo na data 13/09/2017 17:33:59

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 18:29
Nº Rexistro: 16471
Data envio: 13/09/2017 18:29:37.651

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa da súa deputada Paula Quinteiro Araújo e dos seus deputados Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A inclusión de Noia no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, en concreto na área de Santiago de Compostela, traería moitas melloras para todas as usuarias. Sería especialmente beneficioso para a mocidade, que se despraza de xeito moi habitual a estudar a Compostela e que ten que abonar na actualidade prezos abusivos.

A inclusión reduciría o prezo do billete drasticamente, abriríase a posibilidade de efectuar transbordos sen coste engadido, aumentaríase a frecuencia horaria e reduciríase de maneira importante o tempo da viaxe.

Esta reivindicación leva tempo facéndose, tamén dende o Propio Concello. En setembro de 2016 a Xunta de Galicia xa abría a porta a inclusión de Noia na área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela, pero hoxe en día segue sen avanzarse neste tema.

Compre axilizar os trámites e proceder de xeito rápido á inclusión.

Por todo o anterior exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 18:29
Nº Rexistro: 16471
Data envío: 13/09/2017 18:29:37.651

GRUPO PARLAMENTAR en marea

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a axilizar os trámites para que se leve a cabo a inclusión de Noia no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, concretamente, na área de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo, Marcos Cal Ogando
Deputada e deputado do G.P. de En Marea

Asdo.: Antón Sánchez García
Voceiro s. do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 13/09/2017 18:27:58

Marcos Cal Ogando na data 13/09/2017 18:28:05

Antón Sánchez García na data 13/09/2017 18:28:13

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 16475
Data envío: 13/09/2017 19:20:31.643

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Na pequena localidade lucense de Bóveda pervive, case milagrosamente, un monumento, na actualidade coñecido como Igrexa de Santa Eulalia de Bóveda, posto en pé entre os séculos III e IV e convertido máis adiante en igrexa cristiá. Estivo accesible ata o século XVIII, pero despois ficou oculto cando se construíu a igrexa parroquial.

Hai diversas teorías sobre o seu uso primitivo: pequena igrexa visigótica asentada sobre unha edificación romana; edificio dedicado ás ninfas, templo nínfeo dedicado a algunha divindade pagá, pode que á deusa Cibeles ou a outros deuses como Dionisio. O que si hai é coincidencia en sinalar que se trataba dun edificio pagán.

As investigacións de arqueólogos, historiadores, arquitectos, son numerosas e ben importantes. Todas coinciden no seu espléndido valor patrimonial e histórico. Trátase dun monumento excepcional, único en Europa, tanto pola súa beleza arquitectónica como pola rica pintura mural que perviviu grazas a que o monumento estivo séculos soterrado por completo.

Descubriuno o sacerdote (José María Penado) en 1914. O achádego fíxose público no ano 1926. Comezaron as visitas de especialistas da Real Academia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 16475
Data envío: 13/09/2017 19:20:31.643

Galega e arrancaron as escavacións baixo a dirección de Luis López-Martí. Foi obxecto de moitos estudos e actuacións e ata se achegaron arqueólogos xermanos. No 1931, foi declarado Monumento Histórico-artístico Nacional. Trala aprobación da Lei 10/1985 do Patrimonio Histórico Español, ten a consideración de BIC. Delimitado con protección integral no ano 1997.

O acceso a este monumento excepcional, realízase a través dunha porta cun arco de ferradura que está considerado como o máis antigo da península ibérica e probablemente de Europa. De forma sorprendente, nas paredes aínda en pé conserva unhas pinturas murais de escenas de paxaros.

Trátase dun edificio semi soterrado e dunha soa planta, manténdose toda a estrutura agás o teito. O seu valor é de tal magnitude que consideramos que xa que conta co nivel de protección integral deberan tomarse medidas de conservación e mantemento de primeira índole.

Ao longo dos anos realizáronse diversas actuacións e intervencións para preservar Santa Eulalia de Bóveda. Con todo, o monumento estivo abandonado polo desleixo dos seus responsables e o retraso das obras que foron licitadas. Ao longo do tempo foron necesarias diferentes intervencións con resultados non sempre satisfactorios. A Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria que é a encargada de preservar este ben único, debe esixir informes de restauradores con bagaxe e controlar as actuacións das empresas que realicen os traballos.

Houbo intervencións moi valiosas como a levada a cabo polos arquitectos Manuel Gallego Jorreto e César Portela, a pechadura parcial do edificio abovedándoo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 16475
Data envio: 13/09/2017 19:20:31.643

Con todo a parede de entrada, que consta do arco e dúas fiestras, permanece aberta e á intemperie, sendo un área de entrada de choiva ou vento que sen dúbida ten un impacto no interior onde se achan as pinturas. Causa desolación ver parte das paredes e o chan da piscina cuberto de lidro, sinais dunha crecente humidade que baixo o noso punto de vista supón unha seria ameaza para o mantemento das pinturas do mural. A capilaridade das paredes é evidente posto que a pedra encheuse de lidro.

Unha observación detallada das pinturas deixa entrever que unha das paredes posúe cores máis rechamantes e intensas mentres que, no outro lado, presentan un perfil máis apagado.

Como sinalamos, o teito abovedado protexe as pinturas das inclemencias do tempo, pero non así a área de entrada ao monumento que está nun nivel máis baixo que a calzada da aldea na que se sitúa. Para acceder a Santa Eulalia hai que baixar un tramo de escaleiras de pedra á intemperie, a modo de rampla de entrada e que é unha vía clara de filtración de auga de choiva, especialmente na época invernal. O feito de que a porta con arco e as fiestras carezan de toda protección permanecendo abertas, son elementos de permeabilidade de vento e choivas.

Desde a nosa óptica, unha xoia monumental destas características, case única, debería ser obxecto dun maior nivel de protección a fin de preservar por moitos máis séculos este legado. Consideramos que existe un preocupante problema de humidade que non se abordou coa intensidade que se debería e ao que só se deron solucións parciais. Cremos, así mesmo, que existen elementos ou materiais coñecidos con seguridade por expertos na materia que mellorarían o nivel de protección de Santa Eulalia de Bóveda.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 16475
Data envío: 13/09/2017 19:20:31.643

GRUPO PARLAMENTAR en marea

De acordo coa Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de Galicia corresponde á propia Comunidade Autónoma. Unha competencia que, tendo en conta o estado de conservación do monumento, entendemos non se está exercitando axeitadamente.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a establecer un Plan de mantemento e recuperación do patrimonio de Santa Eulalia de Bóveda que consigne os recursos orzamentarios necesarios.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda
Luca Chao Pérez
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 13/09/2017 19:16:58

Luca Chao Pérez na data 13/09/2017 19:17:05

Luis Villares Naveira na data 13/09/2017 19:17:12

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 17:38
Nº Rexistro: 16617
Data envío: 14/09/2017 17:38:54.199

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a través do seu voceiro, Luís Villares Naveira, e dos seus deputados e deputadas, Paula Vázquez Verao, Paula Quinteiro Araújo, Magdalena Barahona Martín, Antón Sánchez García, Luca Chao Pérez, Manuel Lago Peñas, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Carmen Santos Queiruga, Juan José Merlo Lorenzo, Eva Solla Fernández, Pancho Casal Vidal e Davide Rodríguez Estévez, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A Comisión Rectora do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB) vendeu por **un euro** (1 €) o Banco Pastor ao Banco Santander, executando a decisión que tomara a Xunta Única de Resolución do Mecanismo Único de Resolución da Unión Europea.

Esta venda produciuse despois da intervención da entidade e da declaración de inviabilidade polo Banco Central Europeo (BCE).

A decisión que adoptou a "Single Resolution Board" ou Xunta Única de Resolución (SRB), dependente do Mecanismo Único de Resolución, despois de vixiar a súa evolución e ante a falta de solvencia foi vender a entidade Banco Popular Español S.A., escollendo a oferta do Banco Santander pola garantía da estabilidade financeira e o normal funcionamento do mesmo.

O plan de resolución enviouse á Comisión Europea que o comunicou ao FROB, encargado de executar a venda do Popular. Esta liquidación e expropiación supón un agravio comparativo, por exemplo, co ocorrido en Italia co Banco Monte Dei Paschi, rescatado con fondos públicos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 17:38
Nº Rexistro: 16617
Data envio: 14/09/2017 17:38:54.199

A decisión deixou a arredor de 305.000 accionistas, xunto con subscritores de bonos e inversores de débeda subordinada do Banco Popular Español cunha participación na sociedade por valor de 0 euros.

Tanto a decisión de venda do Popular por 1 Euro ao Banco Santander como as consecuencias derivadas para os miles de accionistas estanse cuestionando a nivel xudicial, a través das xurisdicións penal, civil e administrativa.

Así, a Organización de Consumidores e Usuarios (OCU) presentou ante o Tribunal Xeral da Unión Europea un recurso de anulación fronte a resolución do Banco Popular e ante a Audiencia Nacional unha querela contra antiga cúpula do Banco Popular e a auditora Pricewaterhousecooper por estafa ás inversoras e por falsidade contable.

A Asociación española de Accionistas Minoritarias de Empresas Cotizadas (AEMEC) interpuxo un recurso fronte a decisión do XUR e tamén unha querela para depurar responsabilidades penais pola desaparición do Banco, fronte a Emilio Saracho e fronte a un dos principais inversores do Popular ao que acusan de apostar pola acción á baixa.

Tamén se presentaron ante a Fiscalía Anticorrupción da Audiencia Nacional demandas contra a xestión do Banco Popular.

Outros inversores e asociacións de consumidores acordaron acudir á xurisdición civil para tentar recuperar a inversión perdida nos tribunais de xustiza.

Con todas estas accións iniciadas cómpre dar unha solución axeitada as persoas inversoras, que perderon todos os cartos nesta operación, que se converteu nunha estafa masiva.

Hoxe o Banco Santander enviaba unha oferta a estes inversores, un regalo envelenado. As condicións son a emisión de bonos de fidelización a perpetuidade, cun valor nominal de 100 € cun xuro do 1% anual a cobrar

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 17:38
Nº Rexistro: 16617
Data envío: 14/09/2017 17:38:54.199

trimestralmente. Os accionistas que investiron menos de 100.000 euros percibirían bonos por o 100% do invertido, minguando a maior inversión ata o 50%. Estes bonos poderíanse amortizar aos 7 anos. Todo isto a cambio de renunciar a accións xudiciais contra antigos e novos xestores do Banco.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Iniciar accións contra a resolución da Xunta Única de Resolución dependente do Mecanismo Único de Resolución da UE, na defensa das inversoras ante esta estafa masiva de venda do Banco Popular por 1 euro ao Santander.
2. Personarse en todas aquelas causas abertas de toda índole para a defensa de todas as inversoras.
3. Garantir a axeitada defensa das consumidoras e usuarias a través do Instituto Galego de Consumo e da Competencia.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 14/09/2017 17:36:54

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 17:38
Nº Rexistro: 16617
Data envío: 14/09/2017 17:38:54.199

GRUPO PARLAMENTAR en marea

José Manuel Lago Peñas na data 14/09/2017 17:37:03

Paula Vázquez Verao na data 14/09/2017 17:37:14

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/09/2017 17:37:19

Juan José Merlo Lorenzo na data 14/09/2017 17:37:22

Carmen Santos Queiruga na data 14/09/2017 17:37:26

Antón Sánchez García na data 14/09/2017 17:37:29

Eva Solla Fernández na data 14/09/2017 17:37:32

Luca Chao Pérez na data 14/09/2017 17:37:35

Paula Quinteiro Araújo na data 14/09/2017 17:37:38

Magdalena Barahona Martín na data 14/09/2017 17:37:41

Francisco Casal Vidal na data 14/09/2017 17:37:44

David Rodríguez Estévez na data 14/09/2017 17:37:47

Marcos Cal Ogando na data 14/09/2017 17:37:50

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 18:15
Nº Rexistro: 16626
Data envío: 14/09/2017 18:15:14.605

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, por iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga e** do seu deputado **Luis Villares Naveira** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno,** sobre a escaseza de fondos para designar xuíces substitutos en Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación de precariedade que actualmente vive o sistema xudicial galego afecta de forma directa a milleiros de persoas na nosa terra. A escaseza de fondos coa que se dota á xustiza presenta problemas tan graves como por exemplo, que o número de xuíces substitutos designados non chegan para cubrir as baixas que se producen nos xulgados galegos. Isto deixa como resultado, unha situación que obriga a suspender centos de xuízos.

O insuficiente orzamento que destina o Ministerio de xustiza para designar xuíces substitutos en casos de baixas, é unha problemática que afecta de forma importante durante este exercicio. De feito, o Tribunal Superior de Xustiza comunicou en xullo que esgotou a partida anual para designar xuíces substitutos. Este ano, o Ministerio de Xustiza prohibiu expresamente nomear substitutos adiantando cartos do seguinte ano, algo que xa recolle a Lei Orgánica do Poder Xudicial, concretamente no seu Artigo 213 punto 4, onde se estipula que *"En ningún caso procederá efectuar chamamento a xuíces substitutos sen constatar previamente a existencia de dispoñibilidade orzamentaria"*

Débese ter presente, que o sistema xudicial non pode funcionar como unha empresa. O TSXG designa xuíces substitutos cando así o requiren as

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 18:15
Nº Rexistro: 16626
Data envío: 14/09/2017 18:15:14.605

circunstancias, polo que fixar unha partida cerrada pode xerar moitos problemas, xa que non se coñece o número de incidencias que se poden producir ao longo do ano. Débense plantexar opcións alternativas, como a creación de partidas extraordinarias cando o orzamento resulte insuficiente.

Polo exposto, formulamos a seguinte **Proposición non de lei:**

O Parlamento de Galicia insta ao Ministerio de Xustiza a:

1. Aumentar a partida orzamentaria anual para xuíces substitutos en Galicia, de forma que se subsanen as deficiencias que se presentan ano tras ano.
2. A posibilidade de acollerse a unha partida extraordinaria no caso de que o orzamento anual para xuíces substitutos resulte insuficiente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Luís Villares Naveira

Deputada e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 14/09/2017 18:14:05

Luis Villares Naveira na data 14/09/2017 18:14:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 18:25
Nº Rexistro: 16628
Data envío: 14/09/2017 18:25:03.383

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno,** relativa ao enorme custo que ten para as familias o inicio do curso escolar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nun sistema educativo verdadeiramente universal e gratuíto comezar o curso non debería ser motivo de preocupación para as familias. Sen embargo, os recortes en bolsas escolares, así como os copagos educativos en servizos de comedor e libros de texto supoñen que o inicio do curso supoña uns 800€ de media por fillo ou filla a cada familia. Unha cifra elevadísima a que moitas familias non poden facer fronte.

Por outra banda comezamos un curso coa desaparición de nove unitarias no medio rural galego ao que se suman a supresión de 42 unidades, así como 47 docentes de primaria e infantil menos. Contando, ademais, cun incremento importante de profesorado que se ve na obriga de impartir aulas en asignaturas chamadas afíns, accede a unha praza itinerante ou se atopa nunha situación de interinidade. Exemplos, todos eles, da precarización das condicións laborais do profesorado do ensino público galego.

En terceiro lugar cómpre destacar que se empeza o curso con obras sen rematar en máis de cen escolas que a Xunta de Galicia foi incapaz de rematar en prazo e forma.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 18:25
Nº Rexistro: 16628
Data envío: 14/09/2017 18:25:03.383

A isto debemos sumar problemas no transporte escolar en diferentes puntos do país con empresas que incumpren a normativa vixente.

Sen embargo, non todo son recortes porque co ensino concertado o goberno galego segue a ser tremendamente xeneroso, toda vez que aumenta a súa financiación e a compromete ata 2023. Mesmo incluíndo a cinco centros educativos con prácticas claramente machistas como a segregación do alumnado.

Sobre todo isto atopámonos cunha LOMCE parcheada unha e outra vez, que se supón vive os seus últimos meses antes da que debería ser a octava lei educativa da democracia e que implica unha incerteza e inestabilidade enorme, toda vez que o alumnado comeza sen saber como serán as portas de fin de etapa nin os efectos académicos das mesmas.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Garantir a gratuidade total dos libros de texto.

2. Avanzar en novos materiais educativos de xeito que vaian máis alá dos libros de texto tradicionais.

3. Aumentar as axudas de material escolar de xeito que, tras realizar un estudo sobre estes gastos, a súa contía se adecúe as necesidades reais do alumnado.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez, Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda Voceiro do G.P. de En Marea

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 18:25
Nº Rexistro: 16628
Data envio: 14/09/2017 18:25:03.383

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/09/2017 18:23:30

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/09/2017 18:23:38

Luis Villares Naveira na data 14/09/2017 18:23:44

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 18:26
Nº Rexistro: 16630
Data envío: 14/09/2017 18:26:10.708

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno,** relativa ás incidencias detectadas no inicio do curso no transporte escolar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tres días, ese foi o prazo que o goberno necesitou para que se comprobara como o seu plan de transporte xera problemas importantes para o sistema educativo.

Basta poñer un exemplo do pasado 13 de setembro no que un grupo de nais de alumnado das parroquias de Picoña e parte de San Xurxo, impediron a saída do transporte escolar da empresa Monbús. Toda vez que puxeron en funcionamento un autobús con capacidade insuficiente para acoller a todas as nenas e nenos. Non foi o primeiro día senón que tal e como denunciaron as familias foi o que aconteceu tanto o luns como o martes, días nos que as nenas e nenos se desprazaron á escola sentados de tres en tres en cada dous asentos, feito que hoxe pretendía repetirse e que contravén a lexislación actual.

E é que de acordo co Real Decreto 443/2001, de 27 de abril, «Sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores» no seu artigo 4 sobre «Características técnicas dos vehículos» sinala claramente que "Cada menor dispoñerá da súa propia praza ou asento, que deberá ter as dimensións mínimas determinadas no regulamento CEPE/ONU que resulte de aplicación". E dicir, queda invalidada a antiga norma de que "podían sentarse tres por cada dous asentos".

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 18:26
Nº Rexistro: 16630
Data envio: 14/09/2017 18:26:10.708

Ante a negativa das nais e pais de que se continuara con esta situación, a empresa optou por facer unha doble viaxe, facendo a primeira saída cos nenos das paradas de Outeiro e Condide. Mentres tanto, o resto de cativos agardaron no colexio baixo o coidado de persoal docente do centro, que se encargou da vixianza dos mesmos ata a chegada da segunda viaxe que os levou á súa casa. Unha situación que, ao noso entender non se pode repetir.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia

1. Garantir a seguridade máxima no transporte escolar

2. Garantir que as empresas concesionarias cumpren a lei

3. Establecer un sistema sancionador para as empresas que incumpran a normativa vixente que se teña en conta á hora de elaborar os pregos de concesión do servizo.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez, Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda Voceiro do G.P. de En Marea

Deputadas do G.P. de En Marea

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 18:26
Nº Rexistro: 16630
Data envío: 14/09/2017 18:26:10.708

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 14/09/2017 18:20:08

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/09/2017 18:20:16

Luis Villares Naveira na data 14/09/2017 18:20:23



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727